


Antonio Fraguas

Escolma



Luis Alonso Girgãdo
Laura Piñeiro Pais
Raúl Costas Pereira
Ánxela Lema París

(Eds.)

XUNTA DE GALICIA

Antonio Fraguas

Escolma

Luis Alonso Girgado
Laura Piñeiro Pais
Raúl Costas Pereira
Ánxela Lema París

(Eds.)

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez

Coordinador científico do CRPIH
Manuel González González

Directora técnica de Literatura
Mercedes Brea López

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2020

A nosa gratitude á Fundación Antonio Fraguas pola súa xenerosa colaboración na publicación destes textos aquí escolmados. Gratitude extensiva á Editorial Galaxia e ao Instituto Padre Sarmiento.

ISBN: 978-84-453-5351-6
Depósito Legal: C 1236-2020

Deseño e maquetación Máis Deseño Silleda, SL



Antonio Fraguas Fraguas
(Cotobade, Pontevedra, 1905-Santiago de Compostela, 1999)

Índice

Limiar	9
1. Cronobiografía de Antonio Fraguas Fraguas	11
2. Escolma de artigos xornalísticos	23
I. O entroido nas terras do sul de Cotobade	25
II. Domingo de ramos na aldea	45
III. El lobo en las tierras de Cotobade	47
IV. Algunos seres fantásticos de nuestra tierra	55
V. Preocupación polo tempo e os astros na crenza popular	61
VI. Literatura oral en Galicia	75
VII. Vicente Risco: o viaxeiro	95
VIII. Os maios	103
IX. Arco da vella	107
X. Diversións de tempos pasados	111
XI. Ánxel Fole	115
XII. A vendima	121
XIII. Don Ramón, o xeógrafo das paisaxes	127
XIV. Castelao e o Seminario de Estudos Galegos	133
XV. O que eu sabía das serpes	141
XVI. O muíño nas terras do sul de Cotobade	151
XVII. Peregrinaxe a Santiago e ás romarías de Galicia. Lendas e tradicións	157
XVIII. O lugar e a casa onde nacín	167

Limiar

Antonio Fraguas Fraguas (Cotobade, Pontevedra, 1905–Santiago de Compostela, 1999) foi, ao longo da súa dilatada vida, profesor, investigador, colaborador de prensa e activo partícipe da vida cultural galega a través do seu traballo en institucións como a Real Academia Galega, o Seminario de Estudos Galegos, o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos, o Museo do Pobo Galego e outras. A práctica totalidade dos seus escritos leva o selo de Galicia na súa ampla variedade de niveis e dimensións: a campesiña e a mariñeira, a culta e a popular, a do pasado e a do presente, a da fala e a da escrita, a rural e a urbana. Por lembranzas e vivencias, no corazón e na memoria levou sempre o amor ao popular tradicional, á literatura oral, ás cousas —lendas, cantigas, festas, costumes, relixiosidade, elementos da vida campesiña etc.— que sempre reivindicou e, en moitas ocasións, conseguiu librar do esquecemento, como acreditan numerosos artigos de prensa e estudos sobre temas e motivos que acabamos de enumerar.

Esta escolma de textos nace con vocación didáctica e divulgadora. Nace tamén baixo o signo da variedade, da diversidade. Don Antonio foi un escritor múltiple, diverso; un humanista que atendeu saberes de historia, xeografía, antropoloxía, literatura, etnografía, paleografía, arte relixiosa e outros. A súa obra, porén, carece en boa medida dunha doada accesibilidade, agochada en fuxidíos artigos de prensa, nalgúns libros esgotados ou en folletos que só atopamos en certos museos e bibliotecas (Museo do Pobo Galego, Biblioteca do Instituto Padre Sarmiento, do Consello da Cultura Galega, da Real Academia Galega ou do Museo de Pontevedra).

Este material textual aquí recompilado escolmose evitando calquera escrito de especialización e interese excesivamente minoritario. Tamén tivemos en conta a extensión, que amosa unha notable tendencia á brevidade. Tentamos, en fin, levar ao lectorado mozo, do ámbito do ensino medio, e ao lectorado de temas galegos en xeral, á lectura deste feixe de textos (esparexidos en xornais, revistas, libros ou folletos) de don Antonio que podemos agrupar en tres bloques:

- a) Os dedicados a escritores admirados e amigos (Castelao, Ánxel Fole, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Xosé Filgueira Valverde, Florentino López Cuevillas).
- b) Os de motivos populares procedentes da tradición e do folclore popular (os maios, a vendima, o entroido, o lobo, o tempo).
- c) Os de *varia re*, autobiográficos algúns deles (“O lugar e a casa onde nacín”) ou breves estudos literarios (“Literatura oral en Galicia”), ou aínda algunha mostra de prosa literaria tomada da revista *Cristal* e datada en 1933.

Finalmente, normativizamos os textos, situándoos así na actualidade idiomática e evitando a proliferación de formas que corren parellas ás alteracións que nelas impón o paso do tempo, feito máis que evidente na extensa cronoloxía —dos anos trinta aos noventa— destes escritos de don Antonio que aquí e agora poñemos ao dispor dos nosos lectores.

Os editores

1. Cronobiografía de
Antonio Fraguas Fraguas

1905–1917

Antonio Fraguas Fraguas nace o día 28 de decembro de 1905 na parroquia pontevedresa de Loureiro, en terras do concello de Cotobade, no seo dunha familia humilde. Manuel Fraguas Rodríguez, o pai, había pouco que marchara a Niteroi, no Brasil, onde traballou varios anos como canteiro, axudando na construción das vías do ferrocarril. Retornou a Cotobade oito anos despois e entón coñeceu o seu fillo Antonio, que tiña daquela trece anos. A súa nai, Teresa Fraguas Vázquez, era natural da aldea de Insuela. O neno Antonio criouse no ámbito campesiño, ao que nunca renunciou e lle dedicou boa parte do seu labor como antropólogo, historiador, xeógrafo e folclorista. A súa primeira formación recibíuna na escola pública de Costa.

1918

Os seus pais emprenden novamente o camiño da emigración, desta volta xuntos os dous. O neno Antonio librouse dela por recomendación de don Antonio (o cura que exercía como mestre na escola de Covelo) a seus pais, aos que lles gabou as moitas capacidades daquel rapaz para continuar os estudos. Deste xeito, Antonio quedou na casa familiar e completou os estudos primarios nas escolas de Covelo e Famelga.

1919–1924

Cursa con notable aproveitamento o bacharelato no Instituto Xeral e Técnico de Pontevedra. Ilustres nomes do galeguismo como Castelao, Antón Losada Diéguez, Carlos Sobrino Buhigas etc. foron alí os seus mestres e exerceron de grande influencia nos seus primeiros contactos co galeguismo: por exemplo, na fundación, en 1923, da Sociedade da Lingua. Nese mesmo ano intervén por vez primeira nun mitin, neste caso a prol de Manuel Portela Valladares. Nestes anos, vive entre Covelo e Pontevedra.

Un feito de extraordinaria importancia para Antonio Fraguas, na súa condición de mozo universitario situado nas ringleiras do galeguismo cultural, foi a apertura, en outubro de 1923, en Santiago, do Seminario

de Estudos Galegos, ao que Fraguas se incorpora en 1924, ano en que remataba o bacharelato en Pontevedra para, de seguido, marchar a Santiago e matricularse na Universidade. Naquela institución galeguista traballou a carón de Castelao, Xosé Filgueira Valverde, Isidro Parga Pondal, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Vicente Risco, Ricardo Carballo Calero, Xesús Carro García, Xaquín Lorenzo, Antón Losada Diéguez, Sebastián González García-Paz e outros.

A súa máis importante contribución ao Seminario foi o traballo de campo de catalogación de castros que forma parte do volume colectivo *Terra de Melide* (1933).

1925–1928

Estuda a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Algúns profesores xa contactaran con el, ben no Seminario de Estudos Galegos, ben na Sociedade da Lingua. Lembremos nomes como os de Armando Cotarelo Valledor, Salvador Parga Pondal, Luis Villar Somoza e outros. Licenciado en 1928, ocupa unha praza de auxiliar de Xeografía e Historia, posto que abandonará en 1933.

En 1926 comeza a facer o servizo militar en Santiago e, nese mesmo ano, colabora na mostra artística que promove o Seminario de Estudos Galegos na cidade. Nese mesmo ano publica o seu primeiro artigo de prensa sobre unha escultura do seu amigo Uxío Souto en *Faro de Vigo* e ingresa nas Irmandades da Fala.

En 1928 é membro numerario do Seminario de Estudos Galegos, encargado das seccións de Xeografía, Etnografía e Folclore.

1929–1939

Son estes os anos da súa iniciación como colaborador de prensa —prensa de mercado acento galeguista e temática cultural— na que salienta a cabeceira da ourensá *Nós*, onde deixa algúns artigos de asunto antropolóxico e etnográfico entre 1930 e 1936.

En 1933 colabora na revista *Cristal*, poética e pontevedresa, onde publica dous textos de prosa poética de prosa poética e retórica hilozoísta na liña do imaxinismo amadocarballista: "Noite" e "Domingo de ramos na aldea".

Non continuará por ese camiño, mais no mesmo ano, en *Universitarios*, compostelá e universitaria, deixa unha peza similar: “O pazo”. Ademais, tamén no 33 pasa a formar parte do claustro de profesores do Instituto da Estrada para impartir a materia de Xeografía e Historia. Alí tomou contacto con Fermín Bouza Brey, membro do Seminario de Estudos Galegos, que desempeñaba os labores de xuíz na vila.

Cómpre que anotemos, tamén, unha curta presenza do escritor mozo na pontevedresa *Logos*, tan vencellada a Xosé Filgueira Valverde, ao galeguismo eclesiástico e á arte do gravado en linóleo que trouxera Castelao da súa viaxe por Europa. Referímonos a “Nós cantamos” (*Logos*, núm. 47, Pontevedra, 1935).

Á altura de 1936, Fraguas coincide nos actos políticos con Castelao, integrado coma el no Partido Galeguista. A súa participación na loita política ocasionoulle a perda da súa praza de profesor no instituto e unha serie de aldraxes e persecucións que, en adiante, non quixo nin sequera lembrar.

1940–1946

A primeira década da posguerra representa unha etapa tan dura como difícil para un Antonio Fraguas represaliado (afastado do ensino público), que tampouco pode contar co clausurado Seminario de Estudos Galegos e que conta, porén, con algúns cursos e actividades promovidos pola Universidade de Santiago de Compostela.

Ademais, emprende a aventura do ensino privado e crea, xunto co sacerdote Ramón Davila García, a Academia Menéndez y Pelayo en Santiago. Os anos pasan entre as clases, as oposicións as cátedras de Ensino Medio (que suspende en máis dunha ocasión), as colaboracións de prensa e algunhas publicacións.

En 1943, no lugar do desaparecido Seminario de Estudos Galegos, abre as súas portas en Santiago o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, con novos e vellos colaboradores como F. J. Sánchez Cantón, Xosé Filgueira Valverde, Xesús Carro, Ramón Otero Pedrayo, S. Portela Pazos ou Florentino López Cuevillas. Antonio Fraguas incorpórase ao grupo de investigadores do Instituto e publica diversos traballos sobre Cotobade referidos aos xogos infantís, a presenza do lobo naquelas terras e ás festas do entroido. Nesta altura é nomeado bibliotecario da institución, da que será, así mesmo, secretario e encargado do departamento de Etnografía e Folclore.

Aínda como feito illado, en 1945 escribiu “Tristezas románticas” nas páxinas de *Gelmírez* (núm. 1, 1945), voceira do instituto compostelán do mesmo nome e fundada e dirixida por Manuel Rabanal Álvarez. O texto antedito sitúase na estética do imaxinismo.

En 1946 comeza a colaborar nos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, revista fundada en 1944 e voceira do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, de Santiago de Compostela. Nesta revista foi figura de relevo e deixou ampla e significativa contribución con estudos sobre o entroido, as festas populares de Galicia, os artistas de Lugo, o Colexio de Fonseca etc. Destacan, entre outros, os referidos ao célebre mapa de Domingo Fontán, á historia do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, á figura de Amor Ruibal, ao traxe rexional galego e moitos máis xa en décadas posteriores.

Nesta altura asina traballos de especialidade nos boletíns da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense e Lugo e colabora na *Revista de Guimarães* con diferentes textos, entre os que destacamos “Dous romances de Galicia”. A materia portuguesa é excepcional nun estudoso e investigador autolimitado a Galicia. Os seus traballos non só apareceron na antedita publicación de Guimarães, senón tamén en publicacións doutras cidades portuguesas como Coímbra, Lisboa ou Matosinhos, ademais de intervir en congresos, simposios e outros actos. Pódese falar, entón, dunha certa lusofilia no profesor Fraguas, que se sitúa nos posicionamentos de certos sectores do galeguismo ocupados da lingua, literatura, historia e pensamento portugueses, sen esquecer a análise da saudade.

De 1946 datan tamén as primeiras colaboracións publicadas polo Museo de Pontevedra. Así, documentamos artigos como “Notas de azabachería compostelana”.

1947–1949

Alterna o exercicio da docencia coas colaboracións de prensa e a publicación de artigos de especialidade (antropolóxicos, históricos, etnográficos...) e a preparación das oposicións a cátedras de ensino medio.

En 1948 publica “Colaboradores gallegos de Madoz” (*Museo de Pontevedra*) e en 1949 “Fiestas populares de Galicia: os fiadeiros” (*Cuadernos de Estudios Gallegos*).

1950—1959

No ano 1950 obtivo, por oposición, a cátedra de Xeografía e Historia do Instituto Nacional de Ensino Medio de Lugo. Alí residirá ata 1959, ano en que é trasladado ao Instituto Rosalía de Castro, de Santiago, onde desempeña o labor de profesor ata 1975, ano da súa xubilación.

Alterna a docencia coa investigación no Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos. Ao abeiro desta institución promove exposicións culturais sobre o traxe tradicional, temas bibliográficos, a figura do Padre Sarmiento, o labor feito polo Seminario de Estudos Galegos etc. Nalgúns proxectos colabora con Xosé Filgueira Valverde, Ricardo Carballo Calero, Xosé L. Pensado, Juan Naya e outros.

En 1950, xa gañada a cátedra en Lugo, presenta na Universidade de Madrid a súa tese de doutoramento, titulada *Historia del Colegio Fonseca. Los colegiales de Fonseca* (1956-1958, 2 volumes), coa que obtivo a cualificación de sobresáinte.

En 1951 é elixido académico de número na Real Academia Galega, ocupando o posto que a comezos de 1950 deixara Castelao. O seu discurso de ingreso, “Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán”, foi respostado por Ramón Otero Pedrayo. En Lugo frecuenta o faladoiro do hotel Méndez Núñez e desenvolve un amplo labor publicitario.

En 1954 aparece entre os colaboradores da célebre revista *Vida Gallega* (1909), que dirixía en Vigo o xornalista Jaime Solá Mestre. Aínda que nalgúns intres a publicación foi crítica con iniciativas galeguistas (coa Real Academia Galega, por exemplo), reuniu nas súas páxinas o mellor da cultura e o pensamento galegos. Fraguas escribiu varias dúcias de artigos —ata 1961— arredor de diferentes motivos: os petróglifos, o magosto, a xeografía e as paisaxes, as mámoas, as inscricións romanas, o río Miño, a castaña e os castiñeiros, o Nadal etc.

De menos entidade cuantitativa foi a súa presenza no *Boletín* da Real Academia Galega. Así, en 1956 atopamos o seu primeiro traballo, “La farsa de Casa de Naya”, peza de teatro popular que recolleu e analizou. Do conxunto do que fixo para a institución salienta a monografía (biografía, obra e escolma textual) sobre o seu amigo e compañeiro de claustro Aquilino Iglesia Alvariño, publicada en 1986 co gallo do Día das Letras Galegas dese ano. Deberíamos contar tamén co discurso de ingreso de Fraguas na Real Academia Galega, pero continúa inédito.

Xa posteriormente, ao abeiro da Real Academia Galega, publicou unha monografía arredor da figura de Celso Emilio Ferreiro (RAG, 1989).

Como fillo de emigrantes¹, colaborou tamén Antonio Fraguas na prensa galega da emigración do alén mar, sobre todo na bonaerense *Lar*, na que en 1952 publica o artigo “Aportación al estudio de la dote”. Por estes anos comeza a facer recensións de libros galegos, con frecuencia de autores aos que coñecía e admiraba, ás veces compañeiros de ensino, persoeiros do galeguismo etc. No que atinxe ao uso lingüístico, as diferentes etapas que cruzou ao longo da súa vida representan alternancias do galego co castelán, circunstancia frecuente entre os anos 1936-1975. Nesta liña, na prensa da emigración escribiu tamén noutras cabeceiras de Buenos Aires como *Airiños* e *Galicia* (esta, voceira do Centro Gallego de Buenos Aires) e outra *Galicia*, esta, do Centro Gallego de Caracas.

En definitiva, dos libros que Antonio Fraguas publicou durante esta etapa cómpre mencionar a citada *Geografía de Galicia* (1953), que saíu do prelo da librería santiaguesa Porto e Cía, situada na rúa do Vilar. Entre 1956 e 1958 publica os dous tomos sobre a historia do colexio de Fonseca (Anexo do CEG, 1956).

Nesta década dos cincuenta temos que rexistrar tamén a súa signatura nos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, que xa en 1946 ofrecían o seu artigo “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro”. Con posterioridade fixo achegas sobre as festas populares de Galicia, o carnaval na aldea de Touro, o Colexio Fonseca ou sobre a figura de Paulino Pedret Casado na propia publicación.

1960–1965

Son anos de consolidación da súa vida en Santiago: as clases no Instituto Rosalía de Castro, o traballo de investigación no Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, o seu cargo de director no Museo Municipal de Santiago, colaboracións en *Vida gallega*, *Compostellanum*, *Revista de Etnografía* (Porto), *Museo de Pontevedra* etc. ocupan a súa tarefa escrituraria. Tamén atende a biblioteca da Sociedade Económica de Amigos do País. Santiago é un motivo reiterado nos seus estudos e escritos; isto pódese rexistrar na serie “Arte en Compostela” e tamén en congresos sobre as peregrinacións, acontecementos e lugares significativos da cidade.

1. Véxase ao respecto: Antonio Fraguas (1965): “Influencia de la emigración al Brasil en tierras de Galicia”, en *Actas do V Coloquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros*, vol. E, Coímbra.

Nesta etapa publica os artigos “La Virgen en el cancionero popular gallego” (1960), “Los antiguos gremios del mar” (1961), “Aportación al estudio del teatro popular en Galicia: la Farsa de Ribadulla” (1963) e “Algunos dichos y creencias acerca de los animales” (1965).

1966–1972

Participa na organización de diversos congresos e exposicións sobre as figuras de Ramón Otero Pedrayo ou Amor Ruibal e outros relacionados coa catedral de Santiago (“La Puerta Santa de la Catedral de Santiago”), a Ribeira Sacra ou o traxe rexional (“El traje regional gallego”).

1973–1976

En 1973 é distinguido como “Pontevedrés do ano” e publica un dos seus máis importantes libros: *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*, que ve a luz nos *Cadernos* do Seminario de Sargadelos. Neste ano e noutros posteriores aparecen artigos da súa autoría sobre Pardo Bazán, o profesor Paulino Pedret Casado ou en lembranza das actividades do desaparecido Seminario de Estudos Galegos.

En 1974 publica, como froito da súa etapa de profesor en Lugo, o monográfico *Lugo* (Ed. Bibliófilos Gallegos), que percorre distintos aspectos e perfís da cidade e da provincia: históricos, artísticos, monumentais, xeográficos, socioculturais etc.

En 1975 xubilase como catedrático de Xeografía e Historia do Instituto Rosalía de Castro en Santiago. Continúa con intensidade as colaboracións de prensa e as achegas en anuarios, cadernos e revistas especializadas, sempre con atención case exclusiva aos temas, figuras e motivos galegos, preferentemente aos pertencentes a pasados séculos. No número 357 do *Boletín* da Real Academia Galega publica “Castelao en Cotobade”; sobre o amigo e gran persoeiro do galeguismo volveu en varias ocasións para lembrar a súa figura e a súa obra.

Particular significación tivo na súa vida persoal e profesional o seu nomeamento, no mes de xullo de 1976, como presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, constituído o día 31 do citado mes, do que era un dos fundadores. En 1989 ocupará o posto de presidente do Museo, no que traballou arreo, con tesón e acerto, modernizando as instalacións da

institución que ocupaba parte do convento compostelán de San Domingos de Bonaval, do que enriqueceu os fondos bibliográficos coa doazón da súa biblioteca persoal, integrada por un total de 20.000 pezas, entre as que se inclúen libros, revistas, artigos de xornais, cartas, traballos de especialización etc. Foi Antonio Fraguas un verdadeiro bibliófilo, sacrificado e xeneroso. En 1984 recibe a Insignia de Ouro do Padroado do Museo.

1977–1980

En 1978 colabora no libro *Miscelánea de Geografía en homenaje a Otero Pedrayo*, que publica a Universidade de Santiago de Compostela. Non obstante, consideramos que a publicación máis importante desta época é *Manuel Murguía: o patriarca* (1979), unha monografía arredor da gran figura do Rexurdimento galego.

En 1980 colabora no volume *La Universidad de Santiago* e no tomo primeiro da *Historia de Galicia* (Ed. Planeta) cun estudo titulado “Galicia. A terra e o mar: a xeografía”.

1981–1983

Comeza a colaborar na revista *Outeiro* —patrocinada pola Caixa de Aforros de Galicia—, onde deixou numerosos artigos breves sobre escritores e artistas de Galicia, entre os que destacamos a Vicente Risco, Antón Losada Diéguez, Ánxel Fole, Victoriano García Martí, Eduardo Pondal, Florentino López Cuevillas, Francisca Herrera Garrido, Castela... e temas galegos como o Nadal, as ánimas benditas, a vendima, os maios etc. Escribe tamén sobre Rosalía de Castro, Ramón Otero Pedrayo e outros temas variados sobre Galicia (literatura, xeografía, costumes populares, pesca, bandas de música etc.).

En 1983 prodúcese a apertura do Consello da Cultura Galega. Dende o momento da súa fundación aparece como membro integrante da institución, da que foi coordinador da Sección de Antropoloxía Cultural. Outros postos de certa relevancia intelectual e cultural foron: arquivista-bibliotecario da Sociedade Económica de Amigos do País, académico numerario da Real Academia de Ciencias, membro correspondente da Real Academia da Historia e, así mesmo, da Associação de Arqueólogos Portugueses e da Sociedade Portuguesa de Antropología e Etnología.

1984–1985

O ano 1985 é fundamental no labor publicitario de Antonio Fraguas, sobre todo no terreo literario, ao que contribúe co estudo e recompilación textual *Aportación ó cancionero de Cotobade*, editado pola Fundación Otero Pedrayo, da que recolle o Premio Trasalba. Esta obra reeditouse posteriormente en 1998 como *Cantigueiro de Cotobade*, que se corresponde co número 78 dos *Cadernos* do Seminario de Sargadelos. Noutra fundación, a Pedro Barrié de la Maza, publica *El traje gallego* tamén en 1985.

1986–1989

Escribe para as páxinas de *Outeiro*, *Arte Galicia*, *Encrucillada*, *Gallaecia*, *Anduriña*, o *Boletín* da Real Academia Galega, *Galicia en Madrid* e a *Gran Enciclopedia Gallega* e colabora en publicacións da Fundación Alfredo Brañas, do Concello de Santiago, do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos e do Museo do Pobo Galego. Reedita o seu libro *Romarías e Santuarios* en 1988 e 1989 respectivamente, e colabora na *Historia viva do Instituto de Lugo* (1987) e mais no volume titulado *Teatro Principal de Santiago de Compostela* (1988).

1990–1994

En 1990 colabora no Simposio de Antropoloxía en honor do Centenario de Otero Pedrayo. Neste mesmo ano ve a luz a segunda edición de *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*.

En 1991 publica en *Galicia en Madrid* o artigo “En procura do galeguismo silencioso”.

En 1994, o Instituto de Ensino Medio do barrio compostelán de Fontiñas pasa a levar o nome de Antonio Fraguas. Nese mesmo ano é homenaxeado polo Concello de Cotobade e é galardoado coa Medalla de Ouro e Brillantes da Asociación de Artes Gráficas. O Museo do Pobo Galego, ao que o autor doa a súa biblioteca persoal, reedita o seu estudo “Do Antroido”.

1995–1996

Nos anos noventa, como xa explicamos, colaborou con moita frecuencia en diferentes cabeceiras de prensa e en revistas especializadas. Entre os xornais, destacan as súas colaboracións en *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*. A Editorial Compostela publicoulle varios libros, algúns deles xa referidos noutras páxinas deste volume, entre eles *As cousas de Antonio de Insuela* (1996), de carácter autobiográfico. En Edicións do Castro reedita *A festa popular en Galicia*.

1997–1999

Nesta altura continúa a vivir na súa casa da rúa Montero Ríos, en Santiago. En 1997 ocupa, eventualmente, o posto de presidente en funcións da Real Academia Galega. Neste tempo, ademais, publica artigos en *El Correo Gallego*, que o elixe, en 1998, Galego do Ano.

O día 5 de novembro de 1999 morre, con 93 anos, en Santiago de Compostela. Tras o seu pasamento creouse a Fundación que leva o seu nome e, en 2019, foi designado para protagonizar o Día das Letras Galegas.

2. Escolma de
artigos xornalísticos

O entroido nas terras do sul de Cotobade

Este estudo sobre o entroido, que dedicamos ó noso Seminario de Estudos Galegos, comprende soamente a parte sur das terras de Cotobade, as freguesías de Augasantas, Valongo, Loureiro, Rebordelo, Carballedo, Caroi, Corredoira, Borela e Almofrei, na intelixencia de que no val do Lérez foron recadadas polo noso amigo o gran folclorista Xosé Núñez Búa.

Nas devanditas freguesías hai unha certa uniformidade con respecto ás manifestacións do entroido. Noutras formas da vida humana desenvolven o seu dinamismo independentemente unhas das outras, aquí sucede o contrario, os actos son en todas semellantes. Nalgunhas van desaparecendo moitas notas propias destes días de ledicia, pero queda aínda en todas elas, o que ten un aire típico, tradicional e que mostra maior interese para a etnografía.

En toda esta parte a que facemos referencia, as manifestacións do carnaval revélanse fóra e dentro da casa. Paredes para dentro andan os potes e cazolas máis engraxados que de costume, o fogar é grande como se fose día do patrón, están as familias xuntas e lémbrense dos que se atopan lonxe, en terras de fóra. Brindan os vellos desexando que para outro ano se celebre a festa con ledicia e paz na compañía de quen Deus quixer, estas verbas escóitanse caladiñamente, a emoción calma o barullo por un instante. Fóra da casa a mocidade procura os atafegos para poder saír de troula, levan os fatelos debaixo do brazo e unha poleira de mimosa na man. As rapazas van ledas mostrando un sorriso de satisfacción; a liberdade que lles concede a careta dálle forzas para coller do brazo os rapaces máis cobizados, hoxe bailarán á súa vontade con aquel que a súa imaxinación puxo tantas veces a seu carón. Os mozos farán das súas, os rapaces correrán tras deles insultándoos nas ladeiras dos camiños e os vellos laiarán pola saúde da mocidade, considerando o que eles fixeron nos seus tempos.

Toda composición do entroido nestas terras recibe o nome de *momada*, *entroidos* ou *maragatos*, empregando indiferentemente calquera destes tres nomes. O nome de entroido emprégase como sinónimo de goloso, lambón, en xeral cousa que come moito. Así, cando algún animal come a

flor da herba e torna moi cheo para casa ouvimos un dito deste xeito: “anda que hoxe entroidache!”. O mesmo cando ollan morto algún ser maligno dinlle: “Este entroidou, non fai máis mal”. Tamén queda na chola ben fixa a fartura do entroido, en recordo ó moito que se come aqueles días. De cando en vez ó rematar unha persoa de cear despois de espreguizarse fala medio entre dentes: “Vaia, Diolo pague, vou farto como un chincho, ceeci coma se fora martes de entroido”.

O entroido non dura máis que dende sábado ata martes, moi rara vez se deu o caso de haber momadas o domingo de piñata. O martes de entroido fina o serán e non hai máis festa ata domingo de Pascua; a causa de non haber festas é o medo que teñen as rapazas de que o crego da parroquia lles bote o carneiro ou o burro cando vaian á doutrina pola coesma.

As comidas

O entroido ten a súa comida especial, en tódalas casas hai fartura e en todas rógase con comida semellante. Son contados os sitios onde se atope un *bisté*, pero en ningures fallan a bincha e os petotes, sobre todo o primeiro, que é unha cousa corrente como o bacallau e o viño quente en noiteboa.

Bincha ou bandullo

Estes dous nomes ten o prato máis característico do santo entroido. Cando ten lugar a matanza do porco, os paisanos collen a vexiga e ínchana. Teñen unha caniña na lacena e sopran un pouco, ao ter algún aire, para que aumente frégana contra un banco, e unha vez que non colle máis aire átase procurando que non desinche e pendúrase na vara “das longanizas”. Non obstante, moitas veces ó tempo de fregala rompe, nese caso pídesse outra, se na casa matan un porco soamente, e de non atopala fai o mesmo papel unha fardela de liño. Pendurada a bincha sobre o fogarponse dourada, entonces sácase da beira do lume eponse a un lado da touciñeira, alí fica deica chegar o entroido.

Domingo e martes son os días máis indicados para facer a bincha. Córtaselle un pedazo e lávase toda por dentro e por fóra, ben lavada, despois faise a masa para enchela da maneira seguinte: nunha fonte vermella córtanse en anacos pequenos unhas rebandas de pan de trigo; noutra fonte tamén vermella ou amarela pártense uns dez ou doce ovos e bátense ben como para facer unha tortilla e debrócanse sobre do pan de

trigo; mestúrase, ademais, unha canada de leite e azucre, cunha culler de buxo métese todo na bincha e cócese, bótase nun caldeiro de auga e ponse ó lume. Cando todo isto ferva un pouco sácase e ponse na artesa deica ó final do xantar en que se come ás rebandas.

Pelotes

Os petotes non son tan característicos como a bincha, porque en moitas casas deixaron de facelos e ademais hai quen non tendo pan fainos en vez do bolo que se facía noutros tempos case acotío e hoxe moi rara vez. É unha cousa sinxela de facer: amásase fariña dando forma de ovo, só que de maior tamaño, e cócese en auga. Despois recóbrese de azucre e pártense as rebandas para comer. O feito de que sexan os pratos devanditos á comida sinalada para estes días como característica non quere dicir que sexan os únicos, xa que non fartan. Para iso están a cacheira, as longanizas, os chourizos (a maior parte das veces a paiota²), o rabo, un pedazo de touciño de tres frebas etc. Non fallan tamén as papas de arroz ben cargadas de azucre.

Todos os paisanos teñen para sinalar o entroido un pedazo de carne, aínda que o resto do ano pasen sen ela. Contan por alí que un labrego non tiña carne para festexar o entroido como os veciños, dado o número de fillos que rodeaban a mesa. Da touciñeira non penduraba máis que un pedazo de touciño, ben pequeno por certo. O pai que non quería que os seus fillos pagasen diante dos outros rapaces mostrando que non comeran carne untoulle os beizos a todos encargándolles que non os limpasen ata rematar o día. O máis velliño foi logo xogar cos compañeiros e un deles, fixándose na graxa que traía no queixo, díxolle: “Seica comiches moito touciño?” e retrucou o interesado todo satisfeito: “Este que se ve”.

A comida forte require mollar a boca, por iso veñen da taberna seis netos de viño do Ribeiro que trae o rapaz na cabaza ou no garrafón, sempre que na casa non teñan unha pipa no sobrado.

A comida que celebra a festa é o xantar, ás doce como todos os días, é cando están xuntos, porque á hora de cear a mocidade anda de troula e os homes van regar os lameiros ou botar a brisca á taberna.

Domingo e martes son os días que se fan as mellores comidas, o luns cómese polo xeral do que sobrou o domingo. Agora a carne que sobra do martes non cría la na fonte como sucedía cando se gardaba na artesa ou na salgadeira as sete semanas da coresma, deica o domingo de Pascua.

2. Paiota: tripa cega do porco e do chourizo feito.

As festas

Durante todo o inverno fan en case todas as parroquias festas de pandeiretas nunha saliña, ou nun curro cuberto onde non entre o frío, coñécense co nome de fiadeiros, rúas, ruadas e seraus. Comezan o día primeiro de Santos, case sempre despois de facer o magosto; as mozas traen as castañas e ásanas, axiña veñen os mozos que pagan e, finado isto, bailan un pouco e *organizan* o serán. Non é doado fixar o número dos seráns que hai, porque varía duns anos para outros.

Ao principio fanse os sábados e domingos e mais os días santos que houber no medio da semana. Ó acercarse o Nadal no que paseniñamente van chegando os rapaces das terras de fóra (Asturias, León, Vasconia etc.) para pasar a noiteboa na compañía da súa xente, aumentan os días de serán, ademais do sábado e domingo faise tamén o martes e quinta feira, e onde non hai os dous días fana cuarta feira. Así, neste traxín pasan ata chegar os días do entroido, porque os mozos case todos pasan eses días na casa.

O serán comeza ás oito e dura ata a medianoite, non obstante, sempre que veñen moitos mozos de fóra alóngase ata a unha ou as dúas. Chegando o entroido non rematan ata pasar das tres da mañá e o martes ata as catro. O serán nos días do entroido échese de vellas que van murmurar das rapazas das que teñen noivo: “fican aburridas”, “el fala moito”, “ten roupa má”, “baila ben” etc; das que non teñen noivo fan tamén o seu comentario: “Pois aínda é xeitosa, pero non ten quen lle diga ren e iso que non perdeu un serán en todo o inverno, pouca sorte!”. Por este camiño non dan un minuto soamente de descanso á faladeira. Cando van para casa co farol do aceite na man, alumeando para non meter os pés na auga abondosa dos camiños, os cans defenden os eidos caseiros e no poleiro o galo que canta despois da medianoite bate as ás e dá sinal de ledicia no medio das galiñas que, ó tempo de ouvir o barullo, chían coma se pasaran as meigas á súa banda.

Estas son as romaxes que hai no entroido. Foliada de música non a hai en lado ningún, todo o máis que pode haber é un gaiteiro que vaia acompañando a momada durante o recorrido, sempre que sexa de día, sendo como dicimos pouco frecuente, o máis corrente é que saian as mozas coas pandeiretas do serán para tocar cando cheguen as momadas.

Os cichotos

A primeira manifestación que facía o entroido fóra das casas era do dominio dos rapaces, para eles era un día de festa como quinta feira das carracas e domingo de ramos cos acevos. O domingo de sexaxésima aparecían cada un co seu cichoto³ na man á beira da igrexa, dispostos a mollar cantas rapazas foran a misa. A noite do sábado procuraban unha cana do rabo da vasoira e cortaban un pedazo pola banda de riba de dous nós, facíanlle tres buratos no que resultaba tapado; collían no canto da leña un pau, axeitábano de forma que puidera meterse sen dificultade na cana procurando que estivese frouxo para meter as estopas, que amarradas no pau que serve de émbolo producen o baleiro na parte oca da cana facendo un movemento de retroceso; se este movemento se efectúa co cichoto metido nun pozo, échese de auga que logo espárese como unha máquina sulfatadora.

Os que non puideron facer o cichoto, por non atopar cana, ou non saber da chave da lacena onde ten fechadas as estopas súa nai, levan a lavativa, ou unha cunca aínda que sexa vella.

Se nos lugares máis estratéxicos, onde poden coller mellor as mozas, non hai auga, lévana en dous caldeiros. Así, van ó mellor para o campanario, burlando a vixilancia do campanario, ou escóndense tras do valo dalgún eido.

Esta manifestación onde tivo máis forza, e onde máis tardou en desaparecer, foi en Loureiro. Os rapaces, pequenos e maiorciños, rubían ao campanario para poder mollar a seu gusto na xente. Non botaban auga soamente as novas, esas eran o pretexto, mais a auga ata caía polo chambergo⁴ dos homes e pola cachola das mulleres de idade. Os rapaces, un mes antes do día dos cichotos, andaban preguntando uns a outros cando era. Nas súas casas enganábanos para ver se pasaba sen ser percibido por eles por mor de que mollaban a roupa e ficaban expostos a levar un golpe, mais parecíanlles que llo dicía o demo, que sabían a data e marchaban todos a misa aínda que fora coa camiña sen mudar, descalzos e coa roupa vella.

Desta función non sempre saían moi ben parados, porque a xente turráballes das orellas e dos pelos sen prexuízo de que, chegando a casa, levasen unha tunda boa por saír sen que lles deran licencia e chegar mollados como parrulos. Cantos golpes levaban non os sentían, continuaban coas

3. Cichoto: xoguete consistente nun canudo de madeira provisto dun émbolo que se emprega para cichar auga. Vid. *cichote*.

4. Chambergo: sombreiro de á ancha, usado comúnmente polos homes galegos ao longo da primeira metade do século XX.

mesmas forzas regando nas mulleres, e cando remataban de pasar as mulleres empezaban os rapaces en loita civil uns contra outros, rematando sen ter un fio de roupa enxoito sobre o pelexo.

De cantos golpes acadaban naquela loita, primeiro coas mulleres e logo cos compañeiros, non daban unha queixa, aínda que andasen a tombos polo camiño; en troques que ninguén sacase o cichoto a un rapaz, porque pregaba a Deus mil castigos para semellante persoa que tanto mal lle fixera. Un día ficaba á beira dun pozo un rapaz, de poucos anos, co cichotiño na man, polo camiño pasaba unha vella que avisou o rapaz que non tirase auga en consideración ás ruzas⁵ da cachola, testemuñas de moitos anos. O rapaz foi o que quixo saber, era vella e non correría tras del, cousa que farían as novas se lles botara auga, imaxinado isto soltou un cichotazo de auga á vella. A muller puido agarrar o rapaz e deulle unhas boas orelladas. El quedaba todo satisfeito, mais ollou a muller para a roupa e veu a de porquería que lle botara o rapaz, entón agarroulle o cichoto e partiullo baixo dos pés. Había que ver aquel rapaz: tumbouse no camiño dando salaios de morte e gritando coma se fora para a forca: “Ai que condenada de muller, —exclamaba—, que me rompeu o cichotiño e tanto tempo levou miña nai para mo facer! Despois de moito chorar consolouse cando lle prometemos un novo cichoto co que mollar a xente”.

Hoxe desapareceu este costume, os rapaces van para a taberna no medio dos homes, xogan á brisca, xuran e fuman como carreteiros.

Nomes dos entroidos

Mozos e mozas que fan as foliadas reciben distintos nomes segundo a roupa que levan. Os homes chámanse *lanceros*, *madamitos*, *vellos* e *maragatos* e os oficios: *paragüeiros*, *zapateiros*, *barbeiros*, *limpabotas* e *guardias civís*. As mulleres levan soamente tres nomes: *vellas*, *madamitas* e *muradanas*.

En moi contados casos vístese un home de muller, é unha cousa que non ten atractivo ningún, e se tal cousa fan é soamente por pasar un pouco de troula polas tabernas enxugando uns grolos de viño entrementes a auga chovediza decorre polos cristais das fiestras. As mulleres vístense de home cando un farelo de rapazas quere ir de noite a unha ruada e non teñen homes que as acompañen, poñen dúas ou tres os calzóns e van de troula, desta maneira son máis difíciles de coñecer e non levan medo a

5. Ruza: cana do pelo.

pasar as congostras no medio da escuridade da noite, ouvindo o canto do moucho e os berros da raposa que lles fan arrepiar os cabelos; pasan as carballeiras facendo a voz grosa semellando homes, pero medo non pasan, os láidos do vento nas pólas dos carballos representánlles salaios das almas do purgatorio.

Chegando o serán fan o mesmo papel que se fosen homes e cando as demais compañeiras traen algún mozo de ganchete, durante todo o camiño van caladas por mor de non seren descubertas, cousa que lles daría certa vergoña.

Lancersos

De todos os que van disfrazados son os lancersos aqueles que mostran máis gusto no atavío. Unha roupa de militar en día de gala ou un bo traxe branco dun americano son os primeiros luxos que locen. Como queira que sexa, o traxe leva moitos máis adornos que o resto da momada, cintas de seda penduradas dos brazos e das costas, un mantón atravesado nas costas, unha capa vermella sobre dos ombreiros e na chola un gorro de cartón, alto, de feitura trapezoidal, recuberto con papel de seda e adornado con cintas de papel (branco, amarelo, vermello etc) penduradas da traseira e dos lados. As pernas apertadas cunhas polainas negras que serven o mesmo tempo para suxeitar a bandeira, feita por algunha rapaza coas cores de Galicia ou de España e amarrada nunha cana, de remate fai unha lata de feitura de lanza. A cara lévana tapada con careta. Van a cabalo tocando cornos que dean bo son para sinalar o seu paso polos pobos veciños e anunciar a chegada da momada.

As rapazas do barrio dos lancersos teñen garbo en que sexa o seu veciño o que vai mellor ataviado, podendo ser que gañe a todos os demais. Ningún di que roupa leva ata chegar á xuntanza en que loce as galas que procuraron as mozas do lugar e estas fólganse cando oen louvas do lancero.

O número de lancersos que vai nas momadas non é fixo, varía de un a cinco segundo sexa maior ou menor o fato dos que van disfrazados. Soamente van polo día, e como andan varias parroquias eles son os encargados de levar a noticia ó poboado onde van facer a foliada.

Madamitos

Os mozos que mellor bailen na parroquia van de madamitos. Cousa moi frecuente nas parroquias de Augasantas e Valongo. Levan a cara tapada con careta e vestido, o mellor traxiño que teñen na casa, e como adorno

locen todo o máis un faxín atravesado, aneis e algunha cadea de ouro. Van coa súa parella durante todo o camiño e con ela bailan nos sitios da foliada.

A seriedade que mostran —seriedade de protocolo— fai un contraste coa informalidade de todos os demais, semellan unha parella de casados que, desexando ollar as novidades da festa, tapa a cara para non ser coñecidos.

Hai momadas de Augasantas que levan a tres e a catro parellas de madamitos, e ata hai veces que na momada dunha parroquia levan madamitos doutra.

Vellos

Levan os vellos un traxe diferente dos demais. Ataféganse con colchas da cama, de pouco grosor, desas colchas churrusqueiras que locen os paisanos nos días de festa e cando vén xente de fóra durmir á súa casa, cósenas ó redor das pernas facendo a modo de calzas. A cara tápana con pel de coello, coa la para fóra, a rente da cara poñen un pedazo de pano por mor de que a pel un tanto dura non os magoe e presentan un aspecto fero e feo, aumentando ese aspecto os bigotes de crinas de cabalo. Na chola levan un gorro de palla que fan da maneira seguinte: un sombreiro de palla cosen a á de contra a copa en catro sitios e nas esquinas amarran catro variñas que xuntan a unha altura de trinta centímetros; as varas recóbrenas con papel aínda que sexa de periódico; o sombreiro recóbrese tamén con papel ou con farrapos, e de todo penduran cintas de papel barato. Levan unha corda amarrada á cintura e unha soga na man para mallar os rapaces cando se meten con eles, chamándolles vellos repetidas veces, e máis para botar as mulleres e levar un brazado ó terreiro do baile. Dun cinto grosso penduran axóuxeres, chocas e campaiñas para facer barullo.

Maragatos

Maragato pato,
rabo de la cincha
cuando el gallo canta
maragato rincha.

Tal é a cantiga que sae dos beizos dos rapaces para insultar os maragatos, situados nun lugar estratéxico onde non poden chegar as máscaras sen dar tempo a fuxir, berran para que a súa voz sexa ouvida no medio de tanto barullo.

O disface dun maragato é un traxe do revés, ou de militar que lle presta un veciño que fixo o servizo hai poucos anos. A cara tápana cun

pedazo de pel de fol vello, aproveitando un cornello para meter o nariz. Na chola, un gorro de cartón de feitura cónica, recuberto de papel e adornado con fitas.

O mesmo que os vellos, os maragatos levan tamén a súa corda na mau e campaiñas penduradas do cinto.

Os oficios

Aqueles rapaces de bo humor, sempre ledos, mostrando acotío feitos orixinais que fan rir as multitudes sen que endexamais as súas verbas poidan ferir a ninguén, nin ninguén fique canso de ouvilos, van nas momadas disfrazados, facendo un oficio, procurando poñelo en ridículo. Son algo así como os *clowns* no circo de cabaliños.

O disfrace é sinxelo, e para todos polo mesmo xeito. Un traxe de paisano cun pantalón moi apertado e curto, e unha chaqueta longa e frouxa, ou ó revés. Polo seu comportamento, son os máis cordos no medio de tantos loucos.

Vellas

As vellas son rapazas novas e tamén algunha muller de idade que lle gusta andar un pouco na troula. Locen roupas boas, brancas polo xeral. É moi frecuente que a roupa sexa simplemente unhas saias boas e unha blusa feita para isto. Na chola levan un sombreiro tamén branco, dalgún seu irmán pequeno ou emprestado. Procuran tapar a cara todo o máis que poden para non ser descubertas. Non fallan alexes⁶ de ouro como pendentes, colares e pasadores.

Madamitas

A rapaza que fai parella co madamito chámase madamita, e ao igual ca el ten que bailar moi ben. A roupa na maior parte das veces é dalgunha amiga que a fixo para o casamento, por iso é un bo traxe de seda negro da moda dos comezos do século.

Muradanas

Cando van disfrazadas de muradanas, non van máis que dúas, levan traxe de labrego completo e adicanse a botar a boa ventura ós mozos, para que lles solten unhas perras.

6. Alexe: obxecto precioso, normalmente de moito valor, que se utiliza como adorno.

As mulleres, como queira que vaian disfrazadas, tapan a cara cun pano arraxado por elas de maneira que se enxerguen soamente os ollos e un pouco da boca a través dos tres buratiños que ten o pano. Deste xeito, con dificultade poderán coñecelas.

Saídas da momada

Unha agrupación composta pola xuventude da parroquia non vai soamente divertirse, ben é verdade que este é o primeiro fin que se propón, pero hai algo máis, e é dar unha nota de dinamismo, de forza, de vida diante das demais parroquias. O elemento xove garda enerxías para espallar o seu paso nos días do entroido, a xente que os enxerga recolle a ledicia da momada na que se reflicte o estado de ánimo colectivo dunha parroquia.

A medida que vai fallando o bo humor van desaparecendo as representacións do carnaval. Estes días, tan fartos de ledicia outros anos, son hoxe horas de tristura para quen ollou o pasado rebuldeiro. A morte dun membro da familia cubriu de loito moitos corazóns, a peste devora animais e tolle as colleitas, a miseria entra no fogar. Por iso, se no medio de tantas angueiras logra o elemento xove constituír unha momada, levanta o estado canso en que fica a xente, e as demais parroquias dos arredores admiran aquel dinamismo colectivo. Para demostrar esta forza leda vai a agrupación polos pobos veciños continuando o costume dos anterros.

Acordan saír a unha hora determinada, sempre despois do mediodía, e fixan un sitio para xuntarse. Unha vez xuntos van diante os lanceros tocando os cornos e galopando nas cabalerías, gañando cada vez máis dianteira ós demais da momada. Ó chegar ó pobo onde a xente vai ollalos, esperan un pouco, logo van máis lonxe para que os veciños dos lugares apartados teñan noticia da chegada dos entroidos. Así por así, cando van os de Loureiro ou Rebordelo a Famelga chegan os lanceros deica o Fental, desta maneira teñen a certeza da momada os de Valongo e Augasantas; despois tornan ó encontro da comitiva que vai paseniñamente polo camiño no medio dos aturuxos dos disfrazados.

Entrementres a momada non chega, a xente xúntase para ollalos. Énchense os balcóns de mulleres de idade que teñen medo de levar un golpe no terreiro, as mozas traen dúas pandeiretas para facer festa cando cheguen e os mozos arrímanse nunha esquina seguros dos empurróns que van levar.

Polo camiño os maragatos e os vellos corren tras das mulleres novas e vellas e cando poden recadalas danlles uns cantos abrazos. Os vellos agarran un mozo do brazo e lévano collido todo o camiño, van falando con voz finxida e se o mozo mostra interese por coñecelos, danlle uns lostregazos ca mimosa que levan na man. Cando chegan a uns cen metros do sitio onde os esperan, botan todos a correr, os vellos e maragatos choutan nos moreóns de mulleres, abrázanas e fréganlle a pelica do coello na cara; atan unha coa sogas e lévana ó baile aínda que sexa á forza. As vellas corren tras dos mozos para bailar con eles e cando non queren ir apañan co ramallo. Tanto os homes coma as mulleres andan sempre remudando, chegan coa parella ó torreiro, dan unha volta e déixana quedar.

Os rapaces que fan algún oficio estenden a quincallada en calquera parte. O paragüeiro polo camiño leva aberto un paraugas cheo de remendos e ó pasar xunto dunha silveira fai xeito de que rache máis do que xa estaba: chegando ó torreiro do baileponse diante dun fato de mulleres e ofrece a venda dun obxecto que trae envolto debaixo do brazo, desenvolve o fatelo e despois de moitos trapos aparece unha cana dun paraugas con dous ferrollos e unhas cantas baleas.

O *limpabotas* é un rapaz traveso, onde non pode cepillar coa man as pernas das rapazas, saca un cepillo de poucas serdas cheo de trapallada e embouta de lodo os zapatos luxosos das mulleres.

Os gardas civís adícanse a levar a xente en certa orde, facendo de fusil un fungueiro ou cousa semellante, e cando alguén fica quedo fan ademán de matalo.

O barbeiro leva unha saba cuberta e unha navalla de pau ben grosa, ademais unha caldeireta furada e unha vasoira de xesta. Sempre ofrece os servizos ás donas facendo loanza da súa sabenza.

É característico do zoqueiro mazar a sola coa man esquerda e cravar, en vez de chatolas, un cravo de carro, grosso e cheo de ferruxe.

O sacamoas leva unhas grosas tenaces e cando roga co servizo amosa catro dentes de besta en proba do ben que traballa.

Réstanos falar agora dos pobres, que non fallan nunha momada de certa importancia. Na maioría das foliadas non hai máis que un pobre que leva roupa vella e un saco cheo de espiñeiro co obxecto de que as mulleres rabuñen as mans cando lle dan algunha pastorexada. Tivemos ocasión de apreciar nunha momada de Carballedo un cego coa muller e un fillo.

O cego levaba un violín feito por el, que dende logo non tocaba ren, a muller era outro mozo con roupa de muller, facían os xeitos que fan eses cegos que andan polas romaxes sen carteis cantando ó redor de todas as mesas de comida.

Todos estes que van co seu oficio apenas bailan, o que fan é darlle algúns abrazos ás mozas sempre que teñan ocasión, pois ás rapazas é máis difícil que as poidan coller por levaren a trouxa na man. Non obstante, procuran a ocasión e cumpren o intento.

Nunha esquina bailan as parellas de madamitos sen que ninguén o estorbe, no medio da admiración das vellas que ollan dende os balcóns. Preto dos madamitos bailan os lanceros, tamén con certa seriedade aínda que remudando a parella acotío.

Despois de levar algún tempo bailando, unha vella colle da trenla un cabalo dos lanceros e dá dúas voltas ó redor do baile, espaxando papeliños na chola dos mozos.

Os vellos e maragatos sempre que poidan subir ós balcóns, onde as vellas enxergan a momada, non deixan de facelo; e unha vez xunto delas danlles uns cantos abrazos e tornan ó terreiro, onde as rapazas tocan as pandeiretas e cantan, mais a súa voz e o barullo das ferriñas apenas se deixa ouvir polo barullo da xente en loita coa momada. Ás veces levan un gaiteiro e un burro no que un suxeito entra na foliada de pé, dando as costas á cacheira do animal.

Pasado algún tempo da foliada, un mozo disfrazado monta no burro ó revés e le o sermón do entroido. Nas freguesías que facemos referencia non puidemos arrecadar máis que un exemplar do sermón que tiñan os de Augasantas e Valongo, e que damos a coñecer completo:

SERMÓN DO SANTO ENTROIDO

Mis amados oyentes
un favor les voy pedir
que cierren bien la boca
para se fartar de rir.
¡Oh Patriarca Garrán!
En el sitio en donde me hallo
vuestros trabajos y fatigas se explicarán.
Pero estoy muy agradecido
por el gran concurso de gente
que aquí ha venido.

Vení a solemnizar
las fiestas de este gran santo
que para muchos estos días
es peor que un encanto.
Porque con tanta rúa
e con tanta festa
a algúns o que comen
moi mal lles presta.
Venid y escucharéis con atención
y llevaréis de este santo
el grande galardón.
Os voy a manifestar
toda su grandeza
que a todos aventajó.
Ha sido el ejemplar
de las jóvenes y doncellas,
su cara siempre pura y bella
como las mismas estrellas.
Sabéis fieles míos
la pureza de este santo?,
pues a nosotros nos manda
que seamos otro tanto.
Ya en su modo de hablar
de las mozas solteras
cuando le hablan algunos
ya piensan que es de veras.
Solicitan permiso
para las ruadas
pasando noches enteras
¡Ay! ¡Qué vidas desastradas!
Non contemos todo o que pasa
porque elas ben o saben
pero non hai que ter medo
que d'ese cabo s'alaben.
Despois vaise chegando o tempo
e-as probes c'os seus chocallos,
a súa xente da casa
danlle bastantes traballos.
Andan-o curando
por enfermédá,
¡os da casa uns para os outros,
que será, que non será!

Andan tomando
mil crases de herba,
e con perdón dos que me oien
habían de tomar *m*.
Elas zurza non-o queren,
porque lle non convén.
Desgraciados dos pais
que tales fillas ten.
Pois non lles dar libertá,
e non hai que se cansar,
que anque non saian da casa
non han deixar de se casar.
Atendede ben o que vos digo
e non tomar a conta a chanza
que algunhas que non fagan caso
pagarán a confianza.
E pidiredes a este santo
as que estades conservadas
que Dios vos libre de outro tanto.
Pois agora deixareivos
que seica escarmentarés
e vou comenzar c'os homes
que aquí tamén corre interés
Os mozos solteiros este ano
como no ten chovido,
moitas rúas e cachóns ten corrido.
Van por pasear
e gastar os zapatos
e se cadra e ven o caso
cometer mil desacatos.
Esta é unha verdá moi pura,
que andan moito de noite
e a moitos vai botando
para a sepultura.
Pero coidado, mociñas,
que n-esta melicia,
nos mozos non hai
senón malicia.
E mirade que o padricador ben vos avisa,
e vós se queredes,
non tomés a conta a risa.
Encomendáivos a este santo
todol-os días con devoción
e veredes como vos libra
de todo peligro e tentación.

Porque los mozos
en estos tiempos,
son muy blasfemos
y lujurientos.
Xa lle quitan o mando ós lobos
que andan pola alta noite,
como si estiveran tolos.
Son cousas da xuventú
que anticipan a beleza
e botan a perder a salú.
¡Oh! jóvenes y doncellas
emprenderéis nuevas vidas
siendo tan puras como las mismas estrellas.
Y acudamos todos
a nuestro Patriarca Garrán,
que espero que todos sus corazones influirán.
Y venid todos a porfía
saludando con la más tierna bizarría:
¡Ave! ¡Ó Patriarca Garrán!
hoy a vós todos acudirán.
Espero de vós que nos favoreza vuestro auxilio
humildándose todos,
bajo vuestro domicilio.
Vós que curáis a los sanos
dais salú al que no la ha perdido.
¿Quién será la criatura
que os tendrá en olvido?
¡Oh Patriarca Garrán!
viendo que hacéis tantos milagros
a vós todos acudirán.
Principalmente porque aventajo a toda criatura,
os voy a manifestar
toda su hermosura.
No había criatura
que le igualase
siempre en saber
a toda clase.
Porque a los diez años decía tatá, tatá,
a los once ego
y a los quince cumplidos,
viendo su despejo,
todos quedaban aturdidos.
Porque ya decía mamá, lá lá
y llegó a los veinte
ya se tenía a las mesas

ya se enamoraban de él
hijas de condes y princesas.
A los veinticinco fue a la escuela
lo que jamás se ha visto cosa como ella.
A los treinta ya sabía
Kristos A, B, Z, Q.
¿y no te ademiras tú?
Pues habéis de saber
que llegó a Patriarca,
patrón del Carnaval
y tú que isto conoces
no te hagas tan fatal.
Y vós, patriarca Garrán,
que siempre en estos días
se come más carne que pan.
Sempre o entroido
foi farturento,
pero vén sete semanas
e despois entra o descuento.
Pero agora n'estes días
cada un coma para diante
que para aforrar,
tempo ha vir bastante.
Isto de carne, petotes e bandullo
uns a outros dun estadullo.
Ir mollando para que corra
que chegar ha de chegar
principalmente pr'o que morra.
O que por iso non teña
cartos no bolsón
non sirve a este santo
con devoción.
Porque este santo penetra
os máis ocultos sentimentos
por iso nos trae así contentos.
Estudiou toda crás de artes e habilidades
por fin toleou
e-escapoulle ós pais.
Veu correndo por esas terras adiante
c'o que ninguén coidaba n'eso
o demo da besta femia
chegou hoxe eiquí ó Peso.
Veu descubriendo as mauladas
que nos mozos e nas mozas
están tapadas.

Nos dice el santo que todo se publicará
que nas mozas non hai senón garbo
e nos mozos vanidá.
Hai por ahí algúns vellos e vellas,
de non moita cordura,
xa poden botar de conta
que están entrando na sepultura.
Para ir a rúa moita rebasa
non sei se terán tanta
para rezar o rosario na súa casa.
¡Oh padres que familias tenéis!
non hai que lle dar libertá,
que no último día
non sei como vos pasará.
Pues venid todos ante el Patriarca Garrán
perdónalle a este meu auditorio
que non volverán máis ó pecado notorio.
Y vós, Patriarca Garrán,
perdonadle
que ya viejos y mozas
se convertirán.
¡Oh Patriarca Garrán!
ya los mozos no serán lujuriosos,
ya dicen que jamás pecarán.
¡Oh Patriarca Garrán!
ya los mozos confiensan
que jamás de la casa saldrán.
Pues venid, venid, venid
a buscar la bendición
e vós, Patriarca Garrán,
báixalle a bragueta ó calzón.
Este ano c'o inverno
morreron moitas ovellas,
eu acabei o sermón
e vós batele as orellas.

O sermón ten unha posdata que non lían, soamente o ano que o fixeron,
por facer referencia ó serán do mesmo ano. Di o seguinte:

Neste presente ano
o día once deste mes
houbo unha aposta na rúa de Valongo
que sirveu de entremés.
E non hai que tomar a cousa en chanza
comeron e beberon ben
a conta da venturanza.

Todas estas composicións de carácter tan popular son debidas a un rapaz do Tevoello (parroquia de Augasantas) chamado Manuel Caramés, encargado de darlles lectura en varias momadas.

Rematando o sermón marchan todos para outro lugar na forma que fixeron deica eiquí. Ninguén se atopa canso, vellos e maragatos de novo choutan os valos e galgan polas searas en procura dunha moza ou dunha vella. Chegando ó derradeiro lugar do itinerario, tornan para o lugar de xuntanza. As vellas que ata agora collían polo brazo a calquera mozo, procuran os noivos, as que tal fortuna teñen, e as demais collen o que sexa máis do seu gusto e lévano para o serán, que dá comezo ó chegar a momada á parroquia, e no serán botan ata as catro da mañá sen descanso ningún.

O conxunto da festa dá idea dun gasto de enerxía completo, ninguén ten acougo en ningures, faino mellor o que máis tolee, aquela rapazada rebuldeira gasta as forzas no convencemento de que logo na Coresma non terá onde empregalas. Así, con semellante folga, tempo terán de recobrar o perdido.

As momadas de noite

Sempre que vaia de noite unha momada non leva lanceiros nin oficios, van soamente vellos, vellas e maragatos, sendo máis frecuente que tampouco vaian vellas; diríxense ó serán onde fican as mozas, mozos e mulleres de idade sentadas nas táboas e no chan, cando ouven as campaiñas e ven entrar un mozo só, póñense todas de pé, as parellas de noivos procuran as esquinas para que ninguén veña estorbalos. Entran no serán os mozos e mozas da momada, as primeiras que acadan os brincos dos homes son as vellas, vólvese todo unha feira, as mulleres non fan máis que fuxir dun maragato, xa topan con outro. Logo de botar un cuarto de hora marchan camiño doutro serán.

Como xa dixemos, non van oficios agora que ás veces fan algunha travesura que non sexa propio dos maragatos nin dos vellos como, por exemplo, entrar un cunha pa de terra e espaxela no cuarto do serán ó mesmo tempo que se tumba como se ficara bébedo, detrás entra un compañeiro cun barredoiro e comeza xuntando na terra. Pero, de repente, non tan só espaxe máis, senón que barre nas pernas das mozas con lixeireza; pero isto é unha cousa que fan moi poucas veces nas momadas que van pola noite.

Comparsas

As comparsas é cousa que non ten adeptos na xente nin para o que vai nela, nin tampouco para os que a enxergan. A xente está acostumada a ollar as momadas onde todos brincan e van coa cara tapada, e se ven unha comparsa onde van coa cara descuberta non lle encontran mérito ningún, parécelles que van facendo o parvo, sen ningún obxecto. Non obstante, ás veces hai unha comparsa composta de mozos que levan un traxe cheo de cintas e andan recorrendo os lugares das parroquias sen levar a cara tapada. Tivemos ocasión de ollar unha na que ían tapados, por iso gustaba mais á xente, onde ían uns cegos cantando cantigas ás mozas descubríndolles os segredos e dándolles bromas con algún mozo, e un arrieiro, que tiña de bestas de carga uns cans de palleiro.

A coresma

Nos días de piñata era costume, entre os barrios que tiñan certa envexa, levar a coresma uns ós outros. A coresma era un espantallo de teixugo: unha roupa de home ou muller chea de colmo por dentro, púñana no camiño cerca das primeiras casas do pobo, os veciños cando atopaban á mañá a coresma gardábana e logo pola noite levábana a outro lugar onde tiñan dúbida que a fixeran. A operación repetíase e remataban queimándolla á beira dun pobo.

O costume pérdese porque chegou a picarse a mocidade e antes de que houbera barullos e pelexas deixaron a coresma en paz. Agora, pasado martes de Entroido, a maior parte dos mozos marchan gañar un xornal polo oficio, e as mozas traballan nos labores da terra, e os domingos van coas vacas para os eidos de ferrán e levan a cartilla para repasar un pouco a doutrina; séntanse na estrema do eido e len un pouquiño, logo o pensamento foxe en procura do noivo, fican algún tempo nun sono de ledicia, cando espertan séntense moi tristes e tornan as vacas da veiga allea, salaian fortemente, logo séntanse e comezan de novo coa cartilla.

Finou o Entroido... acabouse o bulicio... e eu finei este traballo.

ANTONIO FRAGUAS (1930):
“O entroido nas terras do sul de Cotobade”,
Nós, núm. 7, Santiago, pp. 84-94.

II

Domingo de ramos na aldea

Un rechouchío que arrecende a festa entre os piornos, rubiu as corgas do monte empurrado polas acibeiras da congostra que peteiran coa folladela o arume primaveral dun pintasilgo garimoso. Van na procura das aguilladas para traballar con paciencia as oracións avelaiñas da sementeira. Con tenra sinxeleza arquitectónica trouxeron as mellores chorimas do aciveiro, decotando a esperanza dun como se abranguera un século de vida.

Na oliveira do adro loitan pola cruzada gomaxe, onde durmiron os gorrions da invernía, cantando no atardecer un *miserere* coa música medoñenta do campanario e o laído agonizante do moucho que tivo a noite por súa sen lampión que o guiase. Puxanza por conquistar as gaxanas, paixón para mañá campar na igrexa co traxe dos días santos.

O dono da mellor póla é o ás desta xogada, rexo capitán foupeiro trafega loureiro, remeu pau de San Gregorio, ruda... un almacén de árbores sen vida que saúda a velliña con lerias e paga con beixos de avoa.

Paseniño, paseniño, vén a noite co sopro dunha orballada gardar a sazón das herbas que dormen no patín da casa.

O galo, pito cairo da escascadiña, peta co seu croiar no oco do infindo silencio. A fumaza da mañá espreguízase en procura do val silandeiro que esperta co esferruxar afastado dos zocos nas calzadas da corredeira que levan camiño da igrexa. As mulleres levan un feixe de ramos atafegados co mantelo e atados coa soga do gando. Sobre dos confesionarios aparecen os maiores ramos da parroquia, que pasaron a noite na igrexa.

Os homes con pólas de oliveira contan lampadas no adro e todos os nenos da parroquia choran a retesía e barullan no colo de súa nai ou da madriña, locendo puchas rizadas con tinos de chuchamel. Barullo amorfo, polifónica manifestación dos nenos que aínda non falan orquestrando o seu laiar con renxido de chaves guindadas no seo das ladaíñas.

Saíu o cura coa capa nova e na igrexa hai un remuíño de ramaxe con arume de campía. Os ramos fican de pé, como choucas mestas no comareiro, á beira da súa dona, que agarda a procesión para quebrar a pauliña malfadada. Como somas de xigantes saen todos ó redor da igrexa, repenican as campás con aires de muiñeira enxerida polo vento dos remorsos do torreiro. O sacristán fechou a porta e agarda os tres golpes do abade que, seguido da freguesía, prega coa cruz á entrada da Santa Casa. As mulleres reloucan por entrar de primeiras e fan ceibar o latín ás golparadas.

A cruz envolta no pano morado deu o terceiro golpe e o sacristán franquea a porta entrando a xente en furacán na igrexa. Misa longa entre arumes de ruda e incenso, despois galliños de oliva na porta da casa, beizón na facenda, fumazas na lareira cando trone e aproveitamento do acibo, para aguillada, que ouviu na porta do confesionario un *qui tollis peccata mundi*, mentres tanto rezarios encadeados na fantasía arrolan folerpas vigorosas no roteiro neboento que leva a nao campesiña.

ANTONIO FRAGUAS (1933): “Domingo de ramos na aldea”,
Cristal, núm. 10, Pontevedra, p. 23.

III

El lobo en las tierras de Cotobade

Envuelto en la leyenda del pasado vive en el recuerdo de los vecinos de Cotobade la historia del lobo y la del cazador que había conseguido capturar los últimos lobeznos después de dar muerte a la loba. La pericia de las cacerías del Sr. Vidal de Terrafeita, *o coxo da Portela*, relatada por los que lo han conocido, así como su valor frente a toda clase de peligros, ha sido para mí un atrayente capítulo del vivir aldeano en los últimos días del pasado siglo. Renuévanse las historias con la presencia del carnívoro animal y cobran actualidad, modo y forma sombríos en continua amenaza de conquistar su presa todos los días del año.

Los antiguos caminos de herradura ofrecen la inseguridad propia de servir de paso a la *manada* y en la senda de la vida el lobo vuelve a ser un punto de referencia de muy varias dimensiones.

Las notas que poseemos del lobo en el pasado de la tierra de Cotobade podemos ordenarlas de forma que se distribuyan desde la toponimia al cuento en amplio desarrollo de matices de una feliz concepción real e imaginativa, con tanta frecuencia hermanadas, que hacen muy difícil la presentación individual, con carácter propio y bien definido, de cada una de ellas.

En primer lugar tomaremos al lobo como modelo de comparación de los demás animales, lo que demuestra el grado diferencial de las gentes en la escala zoológica, y en ese aspecto se le supone de una gran comida⁷, muy superior a los demás seres. Así lo confirman varios dichos que anotamos a continuación.

A la vaca que se adelanta a las demás en el pasto, o se lanza hacia la persona que lleva la yerba, acostumbran a detenerla con este dicho:

—Atrás, loba.

A la que no deja comer a la compañera estando en yunta, la corrigen diciéndole:

—Quieta loba, deixa comel-a outra.

7. Léase voracidade.

Del perro que come mucho se dice:

—Come que parece un lobo.

El ser muy comilón y descontento de la comida se llama lobagueiro.

Otra referencia la tenemos también en el tamaño:

—Fulano ten un can grande com'un lobo.

—O becerro é pequeno; hay lobos máis grandes.

Y el tercer motivo de comparación es la fiereza:

—Ese can regaña os dentes como un lobo.

—O boi de fulano, rebouga os ollos; nin que fora un lobo.

—Non hai quen amanse esa loba.

En la antroponimia representa fuerza y corpulencia, unidas, por lo general, en la misma persona y a veces señala franca censura hacia una persona, por su incorrecto proceder con los familiares o vecinos. Hay una expresión doble que se aplica a los animales y a las personas:

—Botouse a el como un lobo.

Este dicho, si se refiere a animales, recoge la impresión de fuerte riña en la cual hubo una manifiesta superioridad por parte de uno de ellos. Alguna vez, viendo las heridas del vencido, se dice: *atenazouno como un lobo*. Aplicado el dictado a personas puede designar unos golpes dados con superioridad o simplemente unos gritos con pretensión de imponer el criterio aun carente de razón.

La palabra loba califica un dolor o la causa productora del mal, como en las siguientes frases: “teño unha loba d-un dolor nas costas, que non paro. A loba da uña, márame”.

La toponimia

No abundan aquí las denominaciones de lugar con nombres que hagan referencia al animal y a sus costumbres. En el monte de Penacadeira, en la parte norte del coto Caldeiro, sobre el antiguo camino que lleva a Pontevedra, “o camiño da vila”, hay cinco piedras colocadas naturalmente que cierran una pequeña habitación rectangular denominada “a casa da

loba”. En el mismo monte permanecen los nombres alusivos a la captura del animal en el “Coto da corrida” y “Couso”. De este nombre hay un lugar en la parroquia de Rebordelo. Por último, tenemos aún tres puntos con el nombre de foxo, uno en el lugar de Arufe, en Loureiro; otro entre Loureiro y Corredoira, y el tercero en el lugar de Fraguas, de la parroquia de Cavoí.

La caza del lobo

En Cotobade, al igual que en todas las localidades donde hubo lobos, se ha procurado exterminarlos con veneno aplicado a los animales que los mata y deja abandonados y también con sustancias que les sirven de alimento, colocándoselas cerca de la madriguera.

El segundo procedimiento es el de las armas, pero el escaso número y otras deficiencias obligó a organizar *las corridas*.

Correr el lobo es obligarle a caer en una trampa. La denominación de Couso, en Penacadeira, señala el lugar donde se daba caza al lobo acorrolándolo en la ladera del monte, entre el coto do Corvo y el de la Corrida hacia el regato de la Escorregada.

El procedimiento se fue perfeccionando y se construyeron los *foxos* permanentes. En la actualidad se conservan los restos del de Fraguas, el de Anta y un tercero en la parroquia de Carballedo, cerca de las lamas de Amariz, pertenecientes al lugar de Paraños.

En el monte donde está emplazado este *foxo* existe un campo denominado *da corrida*, donde sin duda perseguían al lobo hasta darle muerte. El campo se halla en el monte Castelo, entre Biascón y Lagoas.

El *foxo* es una construcción circular de unos cuatro metros de diámetro rodeado por muro de aparejo ciclópeo con una pequeña puerta que a su vez se cerraba con una piedra. De este reducto salían dos muros que formaban primero un estrecho pasadizo separándose después en dos ramas de un kilómetro de longitud aproximadamente, siendo la altura de unos tres metros, contruidos de mampostería asentada sin mortero y con capeado. Los muros cortaban varios caminos en los cuales se dejaban cancelas que servían para que entrase el lobo en el cercado.

Los muros reciben la denominación de *sebes*, palabra que a nuestro juicio recuerda las primitivas construcciones hechas con rama y tierra y que más tarde han sido sustituidas por las de piedra.

El recinto del *foxo* está más bajo que el lugar circundante para que, una vez dentro, el lobo no pueda huir. En el pasadizo existía una especie de alacena donde se colocaban dos nidos para dar la última alarma al lobo.

Para correr el lobo se pedía una licencia especial. Un vecino solicitaba el permiso y el alcalde daba la cédula de la corrida, en virtud de la cual y con arreglo a la costumbre, tenían que ir una o dos personas de cada casa. Señalado el día, por regla general un domingo, y la hora salían los vecinos de las parroquias que circundan los foxos procurando descubrir al lobo. Varios individuos iban para las cancelas, a *guardar as cancelas*. Consistía esta misión en custodiar los vanos del muro por donde había de entrar el lobo y no dejarlo salir. Cada lugar defendía su cancela; los de Insuela custodiaban *la cancela torta*.

Descubierto el lobo se armaba gran vocerío y a los gritos de ¡ah, lobo!, ¡ah, lobo! lo iban guiando hacia el recinto que conduce al *foxo*. Una vez en el cercado se acordonaba la gente por donde no había muro y con mucho alboroto iban acorralando al lobo hacia los muros, los cuales seguía por ser el único camino que veía libre, acercándose al *foxo* que habían disimulado cubriéndolo con unas urces y helechos. Al entrar en el pasadizo, los niños que estaban en el escondite esperaban que pasase y al hacerlo lo asustaban bruscamente arrojando una lata que obligaba al lobo a precipitarse en el disimulado *foxo*. Una vez allí las gentes rodeaban el recinto y disparaban unos tiros al animal, que sacaban después por la pequeña puerta que tenía el *foxo*. La última corrida que se celebró en el *foxo* da Anta tuvo un triste epílogo: la muerte del que había solicitado el bando para celebrarla. Un disparo de su propia escopeta al golpear con ella al lobo muerto, puso fin a su vida. Una cruz abierta en una peña granítica señala el lugar donde cayó sin vida Enrique das Corchetas entusiasta corredor de lobos.

El lobo en la literatura

En este capítulo incluimos los cuentos, refranes y dichos relacionados con el lobo.

Es creencia general que el lobo acompaña a los viajeros y cuando los sigue muy cerca la mejor manera de hacerle marchar es arrastrar una cuerda o encender unas cuantas cerillas. Cuando sale a un camino procura sorprender a la persona porque si la asusta la deja sin habla; así dice el refrán: “quen ve o raposo enronquece, e quen ve o lobo enmudece”.

Otros refranes del lobo, frecuentes en la comarca, son:

En Xaneiro, sete a sete o carreiro.
Ovella de moitas cornea o lobo.
O contado cómeo o lobo.
Besta vella cómena os lobos.
Ovella que leva o lobo, levada vai.

Xa empezas

Se celebraba en un pueblo una boda a la que asistían muchos invitados. Requerido el novio a dar el *sí quiero*, permanece en silencio y no consigue el sacerdote que pronuncie las palabras rituales. La novia, viendo la indecisión, le coge de un brazo y sacudiéndolo bruscamente le dice:

—Contesta, home, di: *sí quiero*.

El pretendiente ante el consejo que estima impropio del sitio y de la mujer cubierta con velo nupcial exclama:

—¡Xa empezas, loba!

Menos lobos, comadre

Una mujer miedosa tuvo necesidad de cruzar un despoblado al atardecer. Al llegar al lugar encontró a un compadre y le dijo:

—Sete lobos, compadre.

—Serían algo menos, comadre.

—Non, mire, se non eran sete, éranlle seis.

—Quen sabe, aínda non habían de ser tantos.

—Se non eran seis, cinco éranos.

—Ó mellor ata non se dan tantos, porque é fácil enganarse ó contar, cando se conta á présa.

—Pois, se non eran cinco, eran catro.

—Poida que fosen menos, comadre.

- Pero se non eran catro, eran tres.
- Eu ata penso se non habería tantos.
- Ay, eso si, se non eran tres, dous éranos.
- E quen sabe, cecais fosen menos.
- Bueno, compadre, non serían dous, pero un, era.
- Comadre, ás veces engánase un, se cadra non sería o lobo.
- Pois se non era o lobo, era un fenteiro⁸ a abanar.

Confesión de lobo

Un lobo fue una vez a confesar sus pecados y el confesor le puso de penitencia no comer más de libra y media de carne al día.

Salió el animal muy triste, pensando en el cumplimiento de la penitencia impuesta como sanción a sus faltas, y al doblar una esquina descubre delante una yegua con una cría. El lobo, alegrándose sobremanera, exclama:

—É ben certo, quen con Dios anda, Dios lle alumea, a besta é a libra, e a potra é a media.

Finalizamos este artículo con las dos notas que siguen relativas a la *pieira* y al *lobishome*.

A pieira

—La existencia de la *pieira* es creencia general en la comarca. Era la mujer que guardaba los lobos, para los cuales pedía limosna por las parroquias. Tenía una vara de hierro y andaba con la ropa rota de los zarpazos que le daban las fieras cuando no tenían que comer.

Hoy la palabra *pieira* y la expresión *pareces unha pieira* designa una persona que lleva la indumentaria semejante a la antigua guardesa. La profesión era un castigo que recibía el matrimonio que tenía siete hijas sin ningún hijo en medio. La madre, por imperiosa necesidad, daba una hija para desempeñar tan duro cometido.

8. Variante de fento.

He oído relatar muchas veces que la última *pieira* que hubo era de Borelá y guardaba los lobos en una madriguera especial en el Caveiro. Periódicamente venía a pedir por los lugares diciendo:

—¿Non me dan unha limosniña para os meus bichiños?

Refieren que en cierta ocasión un hombre fue sorprendido por la noche en el monte. Vio a lo lejos una hoguera y a ella se encaminó creyendo que serían pastores y encontró una *pieira* y cinco o seis lobos rodeando el fuego. La presencia del viajero inquietó a los animales diciéndoles la guardesa.

—¡Vamos, quietos todos!

Los animales cumplieron la orden y no molestaron al viajero.

Este tipo de *pieira* es diferente del que refiere Vicente Risco en su trabajo sobre *El lobishome* (II).

Por último, la composición del *lobishome* con su música tal como se cantaba en las ruadas de Loureiro:

Moito eu chorei o domingo a tarde
que veña Lorenzo, que diga a verdade,
que diga a verdade; pero con cautela
túa nai é bruxa, teño medo dela,
teño medo dela porque ela me come,
túa nai é bruxa, tua nai é bruxa,
teu pai lobishome. (III)

Notas

- (I) A estas preocupaciones se refiere la compostelana en el Libro E, cap. XCVI. *De Lupis exagitantis*. In unoquoque sabato (excepto Paschae, et Pentecostes) Presbyteri, milites, rustici, cujusque negoti immunes, lupus exagitantes persequantur, et eis praecipicia, quod vulgus fogios vocat, praeparent. Quaeque etiam Ecclesia VII ferreas cannas persolvat. Ad hoc negotium quisquis ire distulerit, si sit sacerdos. Nisi infirmorum visitatione detineatur, vel miles. V. soillidos; rusticus vero ovem, vel solidum persolvat. Flores. *España Sagrada*, pág. 179.
- (II) Vicente Risco: «El lobishome». *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*; t. E, pág: 514.
- (III) Debemos la transcripción musical al joven artista Ramón Castromil Ventureira y el plano al buen amigo D. Antonio Crespi Jaume, a quien testimoniamos nuestro agradecimiento.

ANTONIO FRAGUAS (1946): “El lobo en las tierras de Cotovad”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense*, tomo XV, fasc. 3, pp. 129-137.

IV

Algunos seres fantásticos de nuestra tierra

El gran misterio que rodea las sombras de la noche trae una larga procesión de seres misteriosos que pueden inquietar con su presencia al sencillo caminante y hasta hacerle perder varias horas si se ve dentro del círculo de captación de las sombras vivientes atraído por el enredo de unas diabólicas figuras que se presienten en determinados lugares del camino. Los seres que tienen realidad dentro de la fantasía de las gentes pueden ser almas del otro mundo que penan sus culpas a lo largo de toda la geografía con la esperanza de una oración o limosna que pueda redimir su penar o por lo menos amortiguar su dolor. Otros son seres diabólicos que salen a los caminos para distraer la atención del caminante y gozar así con un pequeño quebranto que en ningún caso llega a tener graves consecuencias; es, sencillamente, una broma, pero muy bien realizada. Entre estos seres podemos mencionar: *A raposa de Morrazo*, *os Biosbardos*, *o Zángano*, *o Zarronco* y *Pedro Chosco*.

A Raposa de Morrazo y también de Morraza es un alma en pena. Su aspecto puede ser como el de una zorra corriente, es por lo tanto una raposa rodeada de un especial misterio. Tiene una movilidad tan grande que le permite recorrer largas distancias en pocos segundos, por lo cual algunos creen que vuela. Un vecino de Loureiro, Bernardino Rajoy, que trabajó de cantero en muchos pueblos de Galicia y norte de Portugal, nos informó que un compañero suyo la había encontrado una noche al pasar un despoblado en A Gudiña (Ourense) y otro cantero que trabajaba en Mondariz había oído que una noche, un vecino de Mondariz llamado Primitivo, en cuya casa se hospedaban, vio la *Raposa de Morrazo* al subir las escaleras de un sendero. Ambos coincidían en que lanzaba unos gritos tristísimos y al mismo tiempo salían de su boca ráfagas de fuego. El Primitivo calmó sus agudos lamentos diciendo: “Dios te leve a porto salvo”.

Os *Biosbardos* son seres de muy diferente catadura, pueden ser apuestos muchachos, algo trotamundos, muy difíciles de sorprender en la ronda de los lugares. También pueden ser una especie de pájaros que traen la buena suerte a la casa donde se les puede tener cautivos. La moza que anda

preocupada con amoríos fantásticos se dice que anda *aos biosbardos*. El ingenioso que explica la fuerza de los biosbardos, el misterio de su poder y su fuerza nunca bien conocida, puede hacer perder muchas de las noches del año tratando de que se logre la captura de tan fantásticos seres. Hemos oído referir que a una mujer de gran entusiasmo por la posesión de tal poder le dieron las normas para conseguirlos. Debía ir a un camino estrecho apartado del lugar, donde no se oyese el canto de los gallos ni llegara su voz a los vecinos. La noche debía ser oscura y tenía que llevar un gran saco. Una vez en el lugar deseado, abriendo la boca del saco diría: “Biosbardo, vente ao fardo, que a alpabarda⁹ por ti agarda”.

La fórmula de buscar un despoblado está un tanto relacionada con la manera que presumen de conseguir los diablillos. La posesión de los diablillos le da gran poder a su dueño y se consiguen con fórmulas especiales que se deben realizar en lugar apartado donde no se oiga cantar gallo ni gallina. Estos diablillos se encierran en una bolsa como si se tratase de un hurón o de otro animal parecido.

O *Zángano* es un pasatiempo que ronda los agros donde trabajan las mozas y tiene ciertas facultades para entretenerlas, por eso alguna vez hemos oído que era un mozo “muy peripuesto” que entretenía a las chicas parrandeando con ellas y obligándolas a perder a lo mejor una jornada de trabajo. Venía por cualquier camino y nunca se sabía ni de dónde venía ni por dónde se ausentaba; se trata por lo tanto de una de tantas manifestaciones de *Trasno*, una de las figuras simpáticas dentro de nuestro folclore. Una copla hace alusión a los posibles daños que puede ocasionar.

Morte que andas polo mundo
Vinde buscar o zángano,
Se habés de vir, vinde logo,
Antes que faga máis daño.

No deja de ser curioso que sea la muerte la que se pretende que libere el lugar del zángano, como temiendo sus daños y haciéndole, muy posiblemente, responsable de otras maldades que les ocurrieran a las mozas del lugar.

O *Zarronco* es un ser imaginario que puede tener muy diferentes formas. Es el fantasma que impone cierto temor a los niños. En muchos lugares suele ser una especie de insecto muy grande y en otros es un hombre sumamente feo que anda con un saco a cuestas y en vez de hablar ronca y brama por el genio que posee. Es un nocturno vagabundo dispuesto a presentarse en cualquier casa y a cualquier hora de la noche. No hace daño, pero impresiona su presencia.

9. Sinónimo de biosbardo.

Casi compañero del Zarronco es *Pedro Chosco*, la simpática figura del sueño. Hombre de barba blanca, graves palabras y muy graciosas maneras que hacen dormir principalmente a las chicas de servicio. Pedro Chosco es un empedernido rondador de muchachas jóvenes a las que no dejó realizar la labor que les había sido encomendada. Es gran amigo de los niños, a los cuales cautiva con sus suaves caricias. En la canción popular se lamenta el señor de la casa por la presencia de Pedro Chosco en la ronda de las criadas de servicio.

Vaite d'ahi Pedro Chosco,
non me tentel-a criada;
nin ma vistes, nin ma calzas,
nin lle pagal-a soldada.

En todos los tiempos se ha temido al trueno y se han dado por el pueblo las explicaciones más curiosas para determinar qué es el trueno y quién ocasiona la tormenta. Hay un personaje tan potente como misterioso que es el tronador: O *Nubeiro*. El culto inspector farmacéutico y concienzudo investigador, Don Eduardo Seijas (de Palas de Rei, Lugo), nos ha informado que un paisano le explicó cómo llega un hombre a la categoría de Nubeiro, sobre todo en la forma de subir a la nube para producir los truenos y soltar el agua y el granizo en los lugares que le parece, casi siempre con ánimo de molestar a determinadas personas que por alguna razón se llevan mal con el Nubeiro. Un misterio rodea la condición de ser Nubeiro, no sabemos si es una maldición o la plaga que le echaron a un hombre o, por el contrario, una especie de deferencia para con determinadas personas que gozan el triste privilegio de molestar con las tempestades hasta que son *esconxurados* por tres curas colocados cada uno en su puerta, en una iglesia parroquial; entonces descienden los tronadores, en cueros, y se concluye su poder en el dominio de las tempestades.

Por la explicación que daba el paisano de Palas de Rei, el Nubeiro sube a la nube iniciando un pequeño remolino en el polvo de un camino con la orina. Ese polvo se va aumentando y en un momento el Nubeiro sube y se encarga de gobernar las nubes a su gusto.

Una vez iban unos peregrinos a San Andrés de Teixido y se hospedaron en una casa donde vivía un matrimonio. Por la noche hubo una gran tormenta con gran aparato eléctrico y abundancia de pedrisco que arrasó varias fincas, destruyendo las plantaciones. Los peregrinos pasaron gran parte de la noche rezando y a poco de cesar la tormenta oyeron entrar en casa al dueño de la posada. Muy pronto entabló diálogo con la mujer diciéndole: “Hoxe arrasamos as leiras de fulano (las peregrinas no

recordaban el nombre, según nos informaban) e tamén padeceu mengano que as ten ao lado, e non puidemos evitalo. Botamos man da pedra, que non quedou nada na leira millor que ten”.

El conjuro del trueno se hace tocando la campana antes de que empiece la tormenta, es un toque especial que dice:

Tente trono, tente en ti
que Dios manda máis ca ti.

Y otra fórmula de Ribeiro:

Garda viño garda pan,
garda fuego d'alquitrán

El toque de la campana a las doce del día, cuando la tormenta se forma a la tarde, es remedio eficaz. También lo puede conjurar un cura solo, pero entonces el trueno, el Nubeiro no cae, se traslada para un monte porque el conjuro es para que se vaya a los montes calvos, los montes yermos, así dice la sentencia: “Dios te leve aos montes ermos onde non fagas mal”. La tradición de los montes calvos se sostenía en Loureiro de Cotobade, Pontevedra, por la frecuencia de la caída de rayos en la parroquia donde hay un monte con este nombre.

En una de las conjuras de tres sacerdotes cuentan que uno de los Nubeiros quedó en forma de asno y tuvo que andar delante de la procesión del Santísimo durante algún tiempo hasta conseguir su forma humana. Es curioso el hecho de que los truenos, Os Nubeiros, puedan ser mujeres. Cuando esto sucede traen más agua y son los que se sitúan hacia el mar. En mi tierra dicen que “mete o cu no mar” y por ello es más lluvioso. Pueden ser matrimonio de Nubeiros, pero al parecer no actúan juntos, de ahí que los entendidos saben distinguir perfectamente la calidad y condición, lo mismo que el sexo del Nubeiro, y acaso precisen algunos la procedencia del tormentoso ser que anda de nube en nube molestando a los vecinos de unas y otras parroquias, vengándose de sus enemigos y ocasionando daños en los sembradíos de la comunidad.

En el diccionario de Rodríguez González, la palabra tiene la siguiente explicación: “Créese entre algunas de nuestras gentes campesinas que los NUBEIROS y sus mitológicas compañeras las NUBEIRAS son los que forman en las nubes la tormenta para descargarla donde les plazca, pues se les considera dotados de la facultad de distribuir los rayos y de producir los “tronos”, misión esta última que está encomendada más propiamente a los tronantes. El folklore gallego abunda en cuentos y leyendas de Nubeiros

que fueron *esconxurados* para que no descargasen las tormentas en Galicia, ni destruyesen las cosechas y otras veces aparecían en figuras de hombres feos, deformes y monstruosos. En algunas comarcas ourensanas se cree que los Nubeiros eran los que llevaban las nubes y las hacían caminar por las alturas de un lado a otro, teniéndolas escondidas en las altas montañas y en las cuevas y furnas.

Un ser misterioso, de forma humana, pero muy feo y de malas obras es el NEGRUMANTE; son los genios del aire y viven encerrados en los lugares cerrados, donde preparan todas las fórmulas mágicas de hechicería que dan a las personas únicamente por maldad, ocasionándoles graves trastornos hasta pueden producir la muerte. En determinados lugares se estima que el Negrumante es un ser deforme que únicamente adopta la figura humana para conseguir su obra maligna es, por lo tanto, una especie de demonio que vive haciendo el mal.

Figura muy de temer es el *Dragón*. Es una gran serpiente que marcha hacia Babilonia y descansa en lugares donde abunda la maleza; tiene una concha en la cabeza y silba con tanta fuerza que se puede oír perfectamente a mucha distancia del lugar en el que se encuentra. Según varias versiones que he recogido en Lugo y en Pontevedra, son seres de muchos años y hasta hay algunas que vuelan. La referencia de que marchan para Babilonia nos recuerda una vieja creencia de que las serpientes, al ser muy viejas, tienen que marchar para la lejana ciudad, y van diciendo:

Para Babilonia vou,
malia quen me veu, que me non matou.

Antiguamente se buscaba con mucho afán el lagarto de tres colas. Era posible ver alguno de dos, pero nunca se encontraba el de tres. La razón de su busca era muy sencilla, el que poseyera semejante lagarto tendría el premio mayor de la lotería, porque se lo comunicaría el lagarto. Para ello no había más que encerrar al lagarto en una caja en cuyo fondo se ponía harina de centeno y al cabo de unos días había que descifrar los signos que el lagarto había escrito con los rabos en la harina, ese era el número mayor de la lotería.

Uno de los seres que tienen doble signo del bien o del mal son las *Fadas*. Una *fada* puede ser muy buena, y por su custodia se suceden una serie de óptimas realidades sin que se descubra nunca la protectora. Algunas veces parece que se confunden con las moras encantadas que vienen a los poblados y protegen una familia o una persona de la familia sin más retribución que la propia satisfacción, y si un día las descubren

abandonan todos los que hacen. Otras veces se comprende que son seres muy especiales que acompañan a las personas desde el momento de su nacimiento, por eso en el momento de dar el primer baño al recién nacido en Loureiro de Cotobade decían esta fórmula mágica:

Coa agua do cu lávoche a cara
para que Dios che quite a mala fada.

Y también esta otra:

Boas aguas te laven,
e boas fadas te faden

Cuando se pierde alguna cosa que no se acaba de adquirir o se rompe un vaso recién comprado, se dice: *Non duren máis as malas fadas*.

La figura de la *fada* es un tanto misteriosa, como su poder, y se representa como una joven que misteriosamente se coloca al lado de las personas, para bien o para mal.

ANTONIO FRAGUAS (1969):
“Algunos seres fantásticos de nuestra tierra”,
Revista de Etnografía, vol. XII, tomo II, núm. 24, Porto, pp. 371-377.

Preocupación polo tempo e os astros na crenza popular

O tempo ten, nos seus dous sentidos de vital e atmosférico, unha sentenza firme na miña terra: “Ningunha cousa anda tan a gusto de Dios como o tempo”. Por iso chove cando parece que debía facer bo tempo ou morre o neno ou o mozo e queda o vello. Aquí soamente faremos uns apuntamentos relacionados co tempo atmosférico e relacións de astros co tempo e, por coincidencia, co nacemento ou con problemas de traballo.

Hai sempre unha fartura de sinais que poden mostrar os cambios da característica climática nun lugar determinado: a lúa, o sol, as estrelas, o vento e os animais poden indicar o tempo probable dun día para outro. Pero non deixarán de ser moi consultados os calendarios que traen os prognósticos do tempo para todas as lúas de todos os meses do ano. Cando chuvias ou secas son moi longas e prexudícanse as terras pola perda dos froitos, faise procesión ó río ou a unha fonte pregando o cambio do tempo, principalmente, cando se pide chuva; ou pídesse que na misa se rece a oración correspondente.

A consideración máis sinxela para coñecer o día de mañá faise observando o gato na cociña: cando se senta fronte ó lume e lávase dos dous lados, é seguro que hai tempo de chuva. Diremos que se chama “lavarse o gato” cando este animal senta e pasa unha man polo fociño botándoa varias veces pola orella. Quen ten pequeno galiñeiro pode saber da chegada da chuva se as galiñas botan moito tempo catándose, e despois de espiollarse ben, quedan un pouco coas plumas alporizadas. O voar das andoriñas cando é alto, traeranos bo tempo, cando “rastrexan a ala” ventan chuva. Os paporrubios, se buscan as palleiras e cubertos, presumen que vai chover, e cando entran na casa adiviñan neve. O canto do peto¹⁰ é sinal de auga, de tal xeito que xa lle chaman o “paxaro da chuva”, precisamente, por semellante anuncio. Os corvos adiviñan aires e van buscalos ó atardecer na dirección que voan chiando forte e algún facendo remuíño. O canto do merlo pode traer chuva ou alongar a friaxe: “canta o merlo tempo de inverno”. Ó revés, o canto do cuco trae tempo, moi soleado cando cuquea: “canta o cuco tempo enxuto”, pero se vai cambiar o tempo o cuco

10. Peto: paxaro da familia dos pícidos que, segundo se di na zona de Cerdedo-Cotobade, anunciaba a chegada da chuva. *Picapau*.

duplica o canto dicindo: “cu cú, tapa o cu”. Para buscar día de sementeira hai que escoitar o canto do pimpín que avisa: “fai para ti, fai para ti”. O mesmo pode tomarse consello das rulas cando cantan seguido: “cando a rula rulear, colle o fol e vai sementar”.

Os veciños de Loureiro de Cotobade sabían moi ben se viña a chuvia axiña ou se levantaría volvéndose o aire do norte fixándose nas cabras ou nas vacas. Cando o rabaño das cabras do señor Bernardino Raxó baixaban do Coto da Rula, moi cedo, para as Chans do Preiro, cerca do río, viña a chuvia, e cando as vacas rubían para o máis alto do Monte Calvo, aínda que houbera forte vendaval do mar, ó día seguinte viña o aire norte. Tamén anuncian o frío os paxaros que viven na orella do mar e aparecen nas terras interiores.

A xente afirmase no vento para estimar o correspondente día seguinte. O vento sur, “aire de baixo”, trae chuvia, e tamén pode traela o solán, “aire solán, auga na man”. O norte trae bo tempo, pero sábese moi ben que cando quedan as témporas do norte hai xeadas que queiman as flores dos froitais. Os ventos reciben nomes de moi diferentes puntos xeográficos ou especiais: sopla das ventas de Narón, aire de Calde, que anuncia as chuvias de Lugo: “O gaiteiro de Calde non toca en balde”; aire da cabra fanada, vento das Partillas, norte de Padrón, este era o vento sur en Santiago e chamábanlle así pola distancia que permitía ouvir o tren que viña para Cornes.

Amparador de chuvias e pasos de vento é o “arco da vella”. Por este arco sobe a auga ás nubes e prodúcese a chuvia. O arco bebe en dous regueiros ou no río e trae peor tempo cando se ve á tarde: “Arco da vella á tarde non se ven de balde, se non trai chuvia, traerá aire”. Pero ademais o arco é misterioso; por debaixo pasarán os ventos ó día seguinte. Ten, ademais, valor para que por el pasen personaxes misteriosos tecendo bruxedos e feitizos de namorar. O feitizo namoradeiro é moi difícil e perigoso porque pode fuxir coa rapaza o mesmo “arco da vella”, por ser el, ou servir de paso a un galán de nubeiros. Quizais por iso se esconxura:

Arco da Vella
vaite de aí,
que as nenas bonitas
non son para ti.

Sinais de cambio de tempo son as néboas en certos cumes montesíos, tales como cando se presentan no Courego, que moi axiña chove: “Néboa

no Courego, chuvia en Carballedo”. Outras veces as néboas da mañá traen calor: “A néboa do Ulla, en sol se debulla”. A néboa pode desfacer os tronos e facer que levante o tempo.

Dos astros o que máis influencia ten é a lúa. A maior abundamento do que pode falar do tempo nunha fase da lúa un calendario, co seu correspondente prognóstico, todos teñen idea de que a lúa trae as mudanzas de tempo e agardan que remate a fase luar para ver se o novo cuarto, e sobre todo a lúa nova, trae bo tempo ou chega con ela a reguiña desexada. A lúa debe ir co mes, non deben levar atraso, porque se o levan, os tempos irán con relación as lúas, e aparecerán fríos cando non deben, as xeadas tardías que poden toller patacas, centeos e froitas. Un cuarto de lúa pode semellarse ó seguinte, incluso o mes enteiro, porque: “de onde quinta dalí pinta”. Noutros tempos confiábase en certas datas que deberon ser cabalísticas noutroira: “tal sete, tal dezasete, tal vinte e sete, tal mes seguinte”. Aínda se confía na mellora ou no empeoramento do tempo cando chega mediado o mes: “cando o mes medea, xa ó outro asemella”.

A lúa mostra a proximidade da chuvia por un circo que se pon ó seu redor. Fenómeno que usa unha cantiga de ameaza:

Esta noite vai chover
que leva circo a lúa,
queira Dios non chovan paus
nas costeliñas dalgunha.

A lúa trae máis auga cando trona na lúa nova: “Lúa nova tronada, trinta días é mollada”, porque pode ser un trono femia e trae moita chuvia, e ademais os tronos son porfións, e a xente non sente agrado por eles: “tronos ó mar, pouco millo e malo de sachar”; polo contrario: “Tronos a Negreiros, máis ós comareiros”. Negreiros é un monte emprazado no nacente da parroquia. A lúa é muller segundo a maior parte dos mitos, e ata pode ser a muller do sol; pero hai un mito que di que é home casado con dúas mulleres, unha trátalo ben e faino engordar, outra trátalo mal e faino enfracuecer. A lúa morre e volve ós tres días. Cando aparece, se trae os cornos para riba pode que veña con chuvia, se aparece cos cornos ladeados, non, porque “barca tombada non leva agua”. De ser muller dá referencia unha composición popular:

O Sol díxolle á Lúa
que se fora recoller,
que aquelas non eran horas
de andar soa unha muller.

A lúa ten influencia no tempo do home, tanto no nacemento como na morte. Alubramentos e pasamentos andan relacionados con saídas e postas da lúa. Non fallan preocupacións polo cuarto de lúa en que nace un neno. En moitos lugares pénsase que se un neno nace no mingunte o seu irmanciño será igual, pero se nace no crecente o que veña será diferente.

A luz da lúa fai mal como a do sol, soamente que a do sol queima e a da lúa pon amarelas as persoas. Non deben recibir a lúa unha chea de froitos como as patacas, allos, cebolas, mazás e peras. A súa luz, ademais de facerlle botar moi axiña grelos e cogomelos, ponlle un color verdoso que se chama *a mera*. Do mal que pode facer a quen pase moito tempo ó luar e pon as xentes color marelo, poden falar as cantigas dos que botan parrandas á sombra das oliveiras ou dos castiñeiros:

Debaixo da oliveira
dá gusto parrafear,
pois ten a folla miúda
non deixa entrar o luar.

Noutros lugares é a folla dos castiñeiros, por ser moi escasas as oliveiras. Pensemos que parrafear non é xustamente ronda de amor e a escuridade non ten o senso de encuberta pexorativa de home e muller que se xuntan esfrangullando a honestidade. Fálase de certas festas antigas celebradas nos plenilunios e novilunios. Non sabemos como eran as festas de Prisciliano e se Itacio chamaría maleficio o que non sería máis que unha protección dos froitos para que non lles dese o mal da lúa. Pero Itacio buscaba esta acusación porque sabía que era castigada semellante falta con pena de morte. Sulpicio Severo di que Itacio¹¹ “era osado, parlanchín, desvergonzado, suntuoso, demasiado proclive al vientre y a la gula”. A lúa e canto facía o redor dos astros Prisciliano non sabemos realmente que valor tiñan, incluso se trataban de poñer cos seus feitos témperas no tempo. Inda hoxe se canta:

Quítate do Sol que queima
e máis da lúa que abrasa
e máis da murmuración
que é moeda que non pasa.

11. Itacio: bispo hispano que condenou as ideas de Prisciliano no Concilio de Caesaraugusta (actual Zaragoza). Máximo adversario de Prisciliano, Itacio acusou a Prisciliano de practicar a maxia e logrou que se aplicase a pena de morte contra todos os maniqueos. Finalmente morreu no desterro.

Hai quen procura esconderse da lúa pedíndolle ó galán que a acompaña que a tape coa súa capa:

Que noite de lúa fai
para ir pola alameda,
cóbreme coa túa capa
que a mantilla me branquea.

A lúa ten tamén que ver nos contrabandos das fronteiras, por iso hai que botar vivas con fonda ledicia polo triunfo conseguido:

Que bonita vai a lúa
na compañía dos luceiros,
vivan os contrabandistas
tamén os carabineiros.

Cando se ve por primeira vez a lúa nova hai que saudala pregándolle que non veñan doenzas para nosa dentadura:

Dios te bendiga, lúa nova,
para que non doia
dente nin moa.

En ningún momento se acolleron sen resaibo e desconfianza os eclipses de lúa. Aínda que por ser de noite pouca xente os ve, aqueles que o ven téñenme dito que trae malas cousas: “Non venta boa cousa”. O luar ten dous aspectos: a luz directa, que é simplemente luar, e o reflexo da lúa nos camiños ou cando se vai pondo, entón chámase luar pardo. O luar máis claro é o de xaneiro: “Non hai luar como o de xaneiro, que non ten compañeiro, senón o de agosto que lle dá polo rostro”. Para rematar este resumo da lúa hai que falar dos *lunáticos*, que poden coller un mal especial que o P. Castro considera obsesos e di o P. Agustín Calmet que “a ciertos intervalos eran afligidos”.

As estrelas teñen para o tempo o seu prognóstico. Cando se ven moi xuntas dando sensación que aumentaron é bo sinal para que se compoña o tempo:

As estrelas miudiñas
son as que compón o tempo,
dime, miña Maruxiña,
onde tes o pensamento?

En troques, se as estrelas están raras é sinal de chuvia axiña, e, como no circo da lúa, hai unha cantiga de desafío:

Esta noite vai chover
que están as estrelas raras,
queira Dios que hoxe non chovan
no teu corpo puñaladas.

As estrelas máis coñecidas son: o Luceiro, o Sete Estrelo, a Vía Láctea e a Estrela do Norte. O Luceiro era a estrela coñecida polos madrugadores que eran moitos, principalmente arrieiros e canteiros que tiñan que andar camiño. O arrieiro precisaba erguerse con noite, cargar a recua e comezar a, quizais, longa xornada, e os canteiros porque tiñan que saír no romper do día para as canteiras, porque traballaban de estrela a estrela. As mañás saían co Luceiro, ou antes de saír a estrela para chegar á canteira inda con algunha estrela, e á noite, despois de saír o Luceiro, preparaban as pedras para traballar á mañá seguinte e tombaban as preparadas no día. O Luceiro da tarde chámase a “estrela da fartura”. A saída do Luceiro considérase como remate do día, mais cando aparece axiña outra estrela:

A Estrela e O Luceiro
tiveron unha porfía,
a Estrela que era noite
e O Luceiro que era día.

Para distinguir día e noite nos muíños, para botar a tempo ou para tornar a auga onde a parcelación é día ou noite, facíase con dous fíos branco e negro: o día diferenciaba as cores e a noite facíaas iguais.

No tempo sábese que cando as estrelas non pestanexan vén a chuvia moi axiña, e senténzao moi ben o refrán: “Cando as estrelas non latexan, logo as nubes gotexan”. En canto á medida do tempo, faise máis polo Sete Estrelo. Abundan no *Cancioneiro* as manifestacións desta natureza:

Érguete ben de mi vida
as Sete estrelas van altas,
velaí vén a luz do día
a descubrir nosas faltas.

Non se pode adicar tempo ningún a contar estrelas porque saen verrugas, tantas como estrelas se contaron. Non obstante, fálase de contar estrelas e contalas en cantidade, soamente que recolléndoas no sombreiro:

Púxenme a contar estrelas
e botalas no sombreiro,
pero non dei acabado
deica que vexo o luceiro.

Hai unha graciosa tríade que fala de non durmir fóra despois de pasar a noite falando coa moza, e de marchar cando xa rompe o día:

Vámonos aquí que é hora
ponse o carro das estrelas
e non quero durmir fóra.

É, non cabe dúbida, unha referencia amorosa entremetida no reloxo das estrelas que fai presentar a despedida. No *Cantigueiro da Limia* hai esta mesma despedida:

Os sete Estrelos son postos
meniña vaite deitare,
que xa cho teño sabido
mañá hei de madrugare.

Ou con esta variante:

O teu pai é rifadeiro
túa nai vaite matar.

É mester sinalar o traballo da noite, o traballo no mar que se fai ó poñerse a lúa:

O mariñeiro traballa
de noite ó meterse a lúa,
e pola mañán, cediño,
ha de cheirar a frescura.

O Luceiro pon remate á noite e ó día. Cando sae pola mañá está rompendo o día e cando sae pola noite está rematando o día, por iso ten no *Cancioneiro* a comparanza da súa marcha co tempo da nosa vida:

Estreliña do luceiro
a de moita claridá,
vaise o día, vaise a noite,
vaise a nosa moicedá.

Hai unha fonda preocupación coas “estrelas de rabo”, os cometas. Na presenza dun dos derradeiros, un veciño falou da estrela con fonda preocupación por temor a certos males que podían vir para a xente, para

as terras e para os animais. Cando fai moitos anos, no 1910, apareceu nos nosos horizontes o cometa Halley, as xentes pensaban que viña a fin do mundo, que o rabo da estrela queimaría a terra e morreríamos todos. É curioso que a súa aparición foi sempre estimada como anuncio da fin do mundo. Tampouco agradan as estrelas fugaces ou a desaparición dalgunha estrela que se observa determinadas noites. Ás fugaces na miña terra chámanlle as Carreiras de San Lourenzo por vérense moito nos comezos do mes de agosto. E das estrelas que se perden, estímense almas do outro mundo que van en procura do ceo. Non deixa de ter graza a finura da copia que compara a estrela perdida ós ollos da súa moza:

Unha estrela se perdeu
no ceo non aparece,
na túa cara se meteu
nos teus ollos resplandece.

Aínda hoxe a xente fala da boa ou da mala estrela con que naceu unha persoa, e cada intre da súa vida, cada tempo que por esa persoa pasa é medido pola boa ou mala estrela que alumeaba o momento do seu nacemento.

Dende a época das peregrinacións a Compostela coñécese a Vía Láctea co nome de Camiño de Santiago. Na Galicia do sur, concretamente na terra de Cotobade, chámase Camiño de San Andrés. Un familiar meu que foi a san Andrés de Teixido e pasou a noite á serea, afirmaba que o camiño das estrelas remataba sobor da mesma capela, e que o nome estaba moi ben posto. Este camiño ten que alumear os camiños da terra para que dean chegado alí as almas dos defuntos que van visitar o Santo. Pode saberse do tempo coa Vía Láctea, tendo en conta que cando se ve moi ben, hai tempo firme e cando se ve en carreiros que se tapan e destapan de seguido, hai tempo mudado.

Non se pode arredar no tempo o mar da terra. O tempo no mar vai facendo referencias a estrelas, a terras e amores. É a estrela do norte a guía dos mariñeiros e son todas as santiñas que se veneran nas ermidas que ven o mar as que recollen as oracións e os rogos dos mariñeiros para chegar a porto pedindo calmas nos ventos, amainar das tronadas e apartamento das néboas, principais inimigos dos navegantes. Chuvia e neboeiro andan moitas veces xuntas e só se ven separadas algunha vez na terra e no mar:

Vén eiquí que eu che direi
estrela do luceiro:
cando pola terra chove
pola mar hai neboeiro.

No monte de Corme hai unha ermida onde se venera a Virxe, á que teñen moitísima devoción os mariñeiros e todas as xentes de Corme e dos arredores. É costume rubir desde Corme, monte arriba, deica a ermida, e unha vez alí, rezarlle á santa e mudar a tella no tellado da ermida, para que veña cambio de tempo. Pero as mulleres dos mariñeiros van pedir polo feliz retorno das xentes que andan no mar:

Vamos xunto á Virxen
do Monte do Faro,
que nos mande o vento
para que chegue o barco.

Non deixan de facer romaría para que a virxe oia os seus queixumes e mande o vento axeitado:

Fun tres veces a ti, miña Virxen,
para que o ventiño lle mandes a popa
e o meu home, que fai moito tempo,
que está coa viaxe e queda sen roupa.

A preocupación das xentes do mar polos barcos que navegan en días de temporal é un denominador común en todos os portos e a cantiga pon ós de Corme como modelo de atención ó mar:

Para ser bon mariñeiro
hai que ser como os de Corme,
que cando ven o mal tempo
neste porto ninguén dorme.

Diante todas as tempestades e perigos do mar, as xentes mariñeiras séntense gozosas coa súa profesión, e mostran a súa grandeza alumeada polas estrelas diante da rapaza que teñen moitas leiras na terra e a luz do candil na casa:

Meniña con ter labranza
eres máis probe ca min;
a miña leira é o mar
e as estrelas meu candil.

Pero o máis forte perigo do mar é o vento, o vendaval, pero iso hai que mirar se se descobre a estrela do Norte, por mor do refrán: “Norte escuro, vendaval seguro”. O vendaval é traizoeiro e tanto pode facer mal no alboroto das ondas como no paso da costa, onde os baixos poden facer naufragar a nave:

Vendavaliño amoroso,
nordesiño, ponte quedo,
deixa pasar meu amor
dos baixos de Corrubedo.

O mariñeiro ten que sortear moitas veces o temporal, tomar rumbos diferentes, arriar a vela e sortear o vento e poñelo sempre de popa. Traballos que semellan as preocupacións da moza solteira comparado co navegar da dorna, a clásica e antiga nave usada nas rías baixas:

Como capealo vento
miña dorna mariñeira;
así fai a boa moza
cando non ten quen a queira.

A noite tormentosa pode traer confusión na redada e chegar a porto con peixe diferente do que se pensaba:

Unha noite de tromenta
arribamos a Bueu;
pensamos que era sardiña
e saímos bocareu.

Aínda é peor cando o vento lle fai falcatruadas maiores botándolle a perder pezas do bo goberno da nave:

O mariñeiro no mar
ten sempre d'abondo pena:
unha vez perde o timón
outra ves rífalla a vela.

A Virxe sairá en defensa dos desamparados mariñeiros que andan moitas veces perdidos no mar. Unha vez será a da Lanzada, outra a de Chanteiro, outra a da Guía, outra a da Barca, outra a do Carme e moitas horas da vida o rezo e a chamada dentro do perigo é sinxelamente á virxe, á Señora, como din os mariñeiros de Noia cando pasan a Creba: Salve, Señora, que estamos na Creba. Agora pode ser a da Lanzada:

Indo polo mar abaixo
o vento rachoume a vela,
miña Virxen da Lanzada
dame un pano para ela.

Non fallan enganos no tempo aínda que o mariñeiro sexa gran coñecedor das direccións dos ventos:

Cáseque á medianoite
botei meu falucho ao mar,
pensando que era Nordeste
e saíume vendaval.

Son moitos os nomes dos ventos que coñecen os mariñeiros: “vento de terra”, “vento de fóra”, “vento do mare”, “vento da Barrosa” e, sobre todo, “o do norte”, que se busca de axuda para moitos portos. O vento é o peor dos elementos, por iso se di: “Cando non fai vento non fai mal tempo”. Pero algún precísase, por iso tamén hai outro refrán que di: “Tira o aire polo millo, como o pai polo fillo”.

O terceiro personaxe é o Sol, tamén está humanizado e representase sempre por unha cara de home cheo de satisfacción. Os tres astros figuran moitas veces representados nas igrexas, principalmente o Sol e a Lúa, pero tamén as estrelas quizais teñan seu fundamento no Apocalipse. “Y apareció en el cielo una grandiosa señal: una mujer vestida de sol y bajo sus pies la luna y, ciñendo su frente, una corona de doce estrellas”. A visión apocalíptica describe o tremendo dragón de sete cabezas e dez pares de cornos. “Y su cola arrastra la tercera parte de las estrellas y las arroja a la tierra”. O sol é o astro rei, é símbolo de saber e de beleza. Escóndese tódalas noites e ten unha chea de formas das que coa axuda de Deus falaremos noutro traballo. Na mañá de San Xoán o sol baila a unha hora determinada. Hai unha copia moi corrente en Cotobade:

Fuches a Vilagarcía,
fuches e non viches nada,
non viches bailar o sol
na illa de Cortegada.

Cando lle fixemos a aclaración ó cantor de que o bailador fóra o rei de España, respondeume que o sol e o rei eran a mesma cousa. Tamén baila a lúa:

Maruxa vamos á praia,
Maruxa vamos alá:
veremos bailar a lúa
na beira, beira,
beira, beiriña,
na beira, beira,
beira do mar.

O sol sinala bo tempo e requírese para certas sementeiras, despois dunha reguiña, para facer os traballos do campo, secar as herbas, coller trigos e centeos, mallar, facer palleiros, carretos, apañar os froitos deixando

realizadas as colleitas. Ten de vir as correspondentes regas en todos os meses que poden moitas veces coincidir cos santos: “en abril augas mil”; “en San Xoán auga na man”; “San Bieito rega a oito”; “Santiago co seu canado”; “Santa Mariña coa súa cabaciña”. Non debe haber néboa no día de san Pedro Fiz; porque, “se hai neboeira o día de San Pedro Fiz, castañas furadas e nabos ruís”. O sol sinala bo tempo cando se pon no medio de roibéns e chuvia cando nace con elas: “Rubias o mar, pon os bois a arar; rubias ó nacente, apón os bois e vente”. As rubias das nubes chámanse tamén *roibéns*.

Non debe haber chuvia inda que sexa intermitente no día do casamento, precísame para ese día moito sol. Se chove din que “rapan o pote” e segundo a crenza das terras da Limia cando se casan con chuvia e sol non terán sorte os casados:

O día que me eu casei
saíu o sol e orballou;
válame o Dios do ceo
que mal casadiña vou.

O sol non debe quentar en xaneiro, porque: “Fai máis mal / un día de sol en xaneiro / que cen cabalos do reino”. Aínda que faga sol non debe quentar moito. Sol ten que facelo porque os doce días primeiros do mes de xaneiro son as sortes do ano, cada día é o tempero do mes. Hai que dicir aquí que nos días de Nadal hai as témporas do ano, témporas que ten a súa regulación ás doce da noite, hora solar. A esa hora a dirección do vento sinala o predominio do ano enteiro que vai comezar.

Non son bos os eclipses de sol. A xente estima que se veñen na época da sementeira, ocasionan “manchas” nas leiras, zonas apestadas nos agros que non dan froito ó mellor en moitos anos. O sol afirma a chuvia cando comeza a cubrirse de nubes ó redor do mediodía soltándose a chuvia ás doce polo sol; entón “cerro polo día”. Tamén dura a chuvia cando fai burbullas nas pucharas ou a ciobra revólvese contra as paredes.

A saída do sol sinala o comezo de moitos traballos, nunca ó comezo do día, porque o comezo do día sinálase polo canto do galo:

Pola mañá cando o galo canta
os mariñeiros van parar ó mar,
as regateiras van para a praza
e os labregos para labrar.

Unha curiosa lenda oriental describe a traída da noite e máis a traída do galo para poder espertar. É curioso que Lois Carré Alvarellós, nos *Contos populares da Galiza*, recolle unha variante na que un herdeiro faise rico co galo que anunciou o día pero os veciños matan o galo por entender mal cal era a comida do cantor. Cando respondeu “Come do que come a xente” os que tiñan o animal pensaron que o galo era un comedor de xente.

Ó sol e mais á lúa, como se formaran parella, vida como se ve nunha cantiga da Limia:

Viva o sol e viva a lúa,
viva quen sabe querer,
viva quen no mundo pasa
traballos por unha muller.

Como nota de tempo especial hai que destacar o dito: “Xa che pasou o sol pola porta”. É o remate da idade da muller para concibir, o comezo firme da menopausa é como se fose un favor do sol, un abraiar, que pode facer mal nalgúns casos, por iso no *Cantigueiro da Limia* ten a tristeza do esquecemento:

O sol cando nace arraia
e a ti non te arraiou;
coitada de ti meniña
cando de ti se olvidou.

O sol, a lúa e as estrelas seguen sendo na vida conselleiros de traballos, de viaxes, de preparación de madeiras, da matanza dos porcos, na que hai que ter en conta a lúa e a marea, a hora da matanza e día sen néboa, recollida de mel nas alvarizas o debullado do millo, o trasfego do viño e deitar as galiñas nos pequenos galiñeiros. A rolda de traballos, sementeiras e colleitas farase tendo en conta o bo ou mal tempo, a rega para certas sementeiras e o sol das mallas seguirán o mesmo que os cuartos da lúa rexendo tempo e pasatempo de todos os ciclos da vida no labor das terras, e moitas veces nas preocupacións da mesma vida do home coa estrela que o alumea dende a hora do seu nacemento.

ANTONIO FRAGUAS (1975):
“Preocupación polo tempo e os astros na crenza popular”,
Boletín Auriense, Ourense, tomo V, pp. 257-269.

VI

Literatura oral en Galicia

Todo o mundo está de acordo en que o folclore evoluciona. Ninguén baila hoxe ao compás dunhas pandeiretas acompañadas do canto dunhas mozas ou mozos. Eu bailei, aínda que mal, moitas veces ao compás desa música folk de entón. Cando pensamos, realmente, nesta situación de cambio, dicimos: imos perdendo, pero perdemos radicalmente. Temos que advertir que non se perde tan radicalmente, transfórmase, hai novas manifestacións, e estas novas manifestacións hai que ir recolléndoas tamén. Como exemplo podemos citar os dicires tan numerosos que xurdiron en Mónaco co casamento de Grace Kelly, que aparecen publicados nunha revista francesa de folclore, son ditas arredor do nome, da artista e do seu casamento.

Nós imos ocuparnos hoxe de literatura oral. Que entendemos por literatura oral? Literatura oral é o conxunto de manifestacións literarias que sostén un pobo tradicionalmente. Nese conxunto de manifestacións literarias pode recollese, perfectamente, o espírito, toda a sensibilidade dese pobo, os seus problemas especiais, xeitos de vida, maneiras de ser das persoas, feitos bos e malos. Todo este conxunto pode ser oral ou escrito, mais é sempre contado ou recitado oralmente e a súa orixe pode ser erudita ou popular. Debemos advertir que o erudito serve moitas veces para o saber popular, que o sabe sen saber onde o aprendeu, e o popular serve tamén ao erudito. Un exemplo pode moi ben decatarnos de canto dicimos. En Lugo hai unha colección de panxoliñas recollida polo reverendo don Xesús Mato, baixo o título de: “Galicia canta ó Neno”. Un destes Nadais, xunto con outros máis, entregoumos a min un alumno do instituto lucense sendo eu alí profesor. Apartei a panxoliña por estimala erudita xa que coñecía o seu autor. O padre Mato, organizador dun magnífico coro, dunha sensibilidade extraordinaria para o canto, para a música, e fundamente preocupado por recoller todas estas manifestacións, fixo o seguinte comentario sobre a devandita panxoliña: “Un dos vilancicos máis morriñoso que se coñece, é: NENO DE CABELOS DE OURO”. Mostra unha versión recollida na cidade de Lugo, e di así:

Neno de cabelos de ouro,
meu amor e meu tesouro,
rico ben.
Tanto como a Ti che quero
non lle quixen nin espero
quererlle nunca a ninguén. Ai la la la la.

Esas manadas de feno
en que está deitado o Neno,
frías son;
deixa que onde a Ti me achegue
e Te deite e Te afregue (bis)
no meu pobre corazón. Ai la la.

Oh meu rei, meu queridiño
que na beira dun camiño
berce tes.
Ven ó carón do meu peito
e durme neste leito
se soniño tes.
Reve reverrevere... reve meu ruliño revere.

Este vilancico, que eu chamaría saudoso, mellor que morriñoso, é de Lago González, bispo de Tui e arcebispo de Santiago, mais antes cóengo de Lugo, cidade onde fixo composicións poéticas, estudos históricos e moitas traducións. Entre as versións ao galego figuran as “Promesas do Sagrado Corazón de Xesús”, que moitos de vostedes terán, e temos unha que pertenceu a unha seminarista a quen lla dedicara o autor. A composición da que sae o vilancico que agora se canta ten por título: “O Neno Xesús”, e di así:

Neno de cabelos de ouro
meu amor e meu tesouro,
rico ben
tanto como a ti che quero
non lle quixen nin espero
quererlle nunca a ninguén.

Esas manadas de feno
en que estás deitado, Neno,
frías son;
deixa que onde a Ti me achegue
e te deite e atafegue
no meu pobre corazón.

Para que durmas ben contento
nel terás un leito quente,
Neno Rey;
e de amor unha fogueira,
no meu peito, á mesma beira
do teu berce che farei.

Ven e durme queridiño,
ven a casa dun mendiño
descansar.
Esa cova está moi fría,
fôra dela venta e xía...
ven a porte ó pé do lar.

Hei facerche logo un trono;
mais agora durme un sono,
caravel,
e despois cando te ergueres
heiche dar, se mos quixeres,
leite e mais favos de mel.

¡Hou, meu rei, meu amiguiño,
que na beira dun camiño
berce tes;
ven acá, ven ó meu peito
e descansa neste leito
que tan doce e quente ves!

Aquí, Neno, meu amigo
vivirei só contigo
para endexamais;
e non quero máis ventura,
nin riqueza, nin fartura...
¡¡Ti, solíño, e nada máis!!

Como ven, non pode ser máis erudita a procedencia deste vilancico agora tan popular e bastante deformado. Mais volvamos agora ao punto de partida, e vexamos do popular ao erudito: un romance popular que dá orixe a unha obra clásica, unha obra teatral que todos presenciaron: don Juan Tenorio. Víctor Said Armesto, a quen Deus chamou ao seu reino cando non tiña máis que corenta anos, estudou en toda a súa amplitude a famosa lenda de don Juan e do convidado de Pedra. A súa orixe pode fixarse neste romance:

Camiñaba don Galán — para a misa de Coresma,
 non por devoción da misa — nin por outra que tuviera;
 Iba por mirar las damas — que saían de la iglesia,
 na porta do Camposanto — encontrou una calavera
 Que seus dentes lle griñaba — como si de él se riera.
 Don Galán cando a mirou — una patada le diera:
 —Calavera eu te convidado — esta noite a miña cena.
 A cosa de media noite — cantan los gallos afuera;
 A cosa de media noite — don Galán pide la cena.
 Aun bocado non probara — cuando petan a la puerta.
 Antes que ninguén responda — veu unha voz que dixera:
 —Da palabra que me deches — don Galán, non te me esquezas:
 —Non me esquezo da palabra — nunca dela me esquecerá,
 Ahí tes preparada silla, — prato, cuberto e cullera.
 Sentárase muy a modo — a cenar la calavera,
 —Come, come, el convidado, — que la sopita está buena.
 Estando nestas razones — la calavera dijera:
 —Vente don Galán, conmigo, — esta noite a miña cena,
 Ven conmigo al Camposanto, — que mellor cousa te dera.
 Ao redor do Camposanto — se prepara unha gran festa,
 Encendidos na capilla — moitos cirios e candelas,
 No medio de aquilo todo — unha sepultura aberta.
 —Entra nesta sepultura — a comer da miña cena
 —Eu aquí non entro, non, — que esa mira non truxera.
 —Que a trayas, que non a trayas, — entrarás, villano, nela,
 Ca luz tua xa se acaba — y-o teu corpo morto queda.

Aquí temos a orixe do famoso conquistador de corazóns don Juan Tenorio; orixe fácil de descubrir fixándonos en que don galán vai á misa de Coresma, pero non vai por escoitar a misa, premeditadamente, vai para ver as rapazas: “iba por mirar las damas”, despreza os mortos dándolle unha patada á caveira e convidaa para que vaia cear á súa casa, onde dispón a mesa con prato, garfo e culler. Don Xoán vai ao cemiterio e búrlase dos mortos rematando cun gusto de obra ben feita:

No os podéis quejar de mí
 vosotros a quien maté,
 si buena vida os quité
 mejor sepultura os di.

Os dous senten certo temor e máis tarde medo cando chaman tanto don Galán como o Comendador, os dous teñen a mesma forma de chamar, con golpes na porta e tamén o Comendador ten o servizo posto na mesa. Hai catro versións do romance de don Galán, algunha foi recollida por

don Ramón Menéndez Pidal, e todas cantas manifestacións se atopan nas grandes raíces de semellante obra foron estudadas por Víctor Said Armesto e aparecen publicadas na súa obra: *La leyenda de don Juan*. Como se ve, o popular inflúe no erudito e así pasou na época clásica, no século de Ouro, onde son moitos os temas populares que pasaron á máis brillante cerna literaria. Este mesmo fenómeno chega ata os nosos días e tanto nas manifestacións literarias como nas musicais o pobo presta o seu saber aos medios cultos. E tamén aínda hoxe se atopan mostras dos elementos cultos nas formas populares, como se pode mostrar nunha cantiga popular que reflicte o misterio do nacemento de noso señor:

No seo da Virxen Nai
encarnou diviña gracia;
entrou e saíu por Ela
como o sol pola vidraza.

Esta cantiga corrente e bastante estendida por Galicia e Portugal, ten a súa orixe en Pedro Lombardo, o gran teólogo do século XII, cantiga estudada por un grande investigador portugués, Claudio Basto. Este exemplo foi tamén usado por Alfonso X, o Rei Sabio, e hoxe escóitase nas romarías, principalmente na Peneda e sobre todo na Lanzada.

A forma máis sinxela da literatura oral son os *ditos*. Un dito pode non ser máis que unha palabra, unha pequena oración gramatical, pero que ten un ou varios significados, e pode tamén ser unha palabra repetida. Non fai moito escoitei unha advertencia en terras de Quireza. Trátase desta palabra: “atrévete”. Algunha vez repítena, “atrévete, atrévete”, e aínda pode haber unha nota máis que pon en camiño para saber a razón do dito. Poden dicir: “atrévete que tamén se estreveo o crego”. Así podemos coñecer a orixe de tal desafío. Parece que hai algún tempo unha tarde de forte nevada un crego dispoñíase a cruzar a serra e todos lle decían que non debía facelo por mor da neve e dos lobos. O crego non soamente non fixo caso, senón que se fixo o máis valente e desafiou o perigo. Foi camiño da serra, mais non chegou porque o comeron os lobos. Agora hai o dito: “atrévete que tamén se atreveu o crego”. Outras veces son formas de expresión sinxelas como: “meter o fociño”. Ten un dobre sentido, pode referirse a un animal ou a unha persoa que é moi amiga de abrigar e mete a cabeza para escoitar mellor. “Cáenlle os ollos”, é unha manifestación para indicar o desexo de posuír algo que se ve, tamén hai o de: “lévame os ollos”. Un cualificativo moi usado: “unllas largas, é termo para sinalar un raspuñeiro, un ladrón de pouca categoría. Outro dito moi frecuente ten a súa historia: “o que un non quere, logo vén”. Algunhas veces engádese: “dixo a vella pola misión”,

co cal indícase a suposta orixe da expresión, que segundo esta razón foi a vella que, escoitando un sermón do crego que rematou anunciando que como eran tan pecadores virían dous frades facer unha misión, entón a vella que non quería saber nada dos frades dixo: “o que un non quere logo vén”. O que non fai tratos serios, falta á palabra dada nun axuste, fai a doca no traballo e pide sempre máis do que merece dise que “non é trigo limpo”. Como se ve hai unha gran filosofía arredor de cada sentenza que xorde pódese dicir por xeración do gran saber da xente.

Para coñecer mellor este sentido do mundo conceptual da xente podemos citar o exemplo das respostas dadas a certas preguntas que ten unha gran transcendencia. A un veciño meu preguntoulle o crego da parroquia cando foron os homes á doutrina: “—Cantos deuses hai, Benito?” A resposta foi inmediata: “—Moitos”. O crego mirouno e díxolle:

—Pregúntoche cantos deuses hai.

—Xa lle dixen: moitos.

—Que di a cartilla, Benito?

—Que hai tres persoas distintas e un só deus verdadeiro.

—E logo, como respondes ti ?

—Porque cada un ten o seu.

Outra vez o crego veu nun día de xaxún a un veciño que na media mañá comía un anaco de pan de millo. Mirouno fixamente e díxolle: “—Estás quebrando o xaxún, e pecas”. Respondeulle o veciño: “—Cale, señor cura, que ben xaxúa quen mal come”. Outras veces a resposta faise pola imprecisión da pregunta que sempre se considera ben feita:

—¿Para ónde vai este camiño ?

—Para ningures.

—¿Cómo para ningures?

—Si señor, o camiño non vai, vaise por el.

Tamén é moi coñecido o do nome que se pregunta ao rapaz:

—¿Como te chamas?

—Non me chamo, chámanme.

—¿E como te chaman?

—Asegún, se é segredo, moi baixiño; se estou preto en voz baixa; se estou máis lonxe mais alta, e se estou máis lonxe berrando ben para que ouza.

O mesmo xogo faise co nome do pai:

—¿Cómo lle chaman a teu pai?

—Asegún. Maripepa de riba, chámalle meu fillo. Maripepa de baixo, chámalle meu xenro. Meus primos, chámanlle meu tío, e eu chámolle meu pai.

En ningún caso dixo o nome, nin respondeu mal. Algunha destas manifestacións teñen aparecido en verso, o que pode dar unha orientación para buscar a súa orixe. De tal maneira, as preguntas forman un enxeñoso sistema de facer discorrer e de que onde se expón teñan un contido de discorrer, é un interesante xogo da intelixencia.

No xogo de discorrer e de aguzar a intelixencia figuran as adiviñanzas, que constitúen un medio para que o pensamento se afaga a buscar o desenvolvemento dunha idea escondida pola exposición, e disposta de moitas maneiras. Unha das máis sinxelas é a do adival, que se presenta con esta fórmula: “vai polo monte ben embrazado, e ven para casa ben estirado”. Faise uso do verbo embrazar que ten en conta a maneira de envolver o adival. Unha vez o carro na eira ou no curral para facer a súa descarga, apártase a corda, do adival, e enrólase de brazo a brazo en forma de oito, así disposto cando se leva para o monte para cargar toxo ou toxos engánchase nos estalidos, e no monte, unha vez cargado o carro, engánchase pola asa nun torno do carro e vaise pasando en cruz, coidando de apertar ben para que non caia o toxo, e remátase atando a punta cunha asa. Atópanse adiviñas que teñen moitas variedades, como a do muíño, da que son as máis correntes: “Anda, anda, e nunca chega a casa do seu dono”; e tamén: “Anda e non ten pés, come e non ten boca e canta comida lle botes toda lle parece pouca”. Son curiosas a do ovo e do galo. A primeira di: “Miña nai é tartamuda, meu pai é cantador, teño branco o vestido e marelo o corazón”. E a do galo, a quen chaman barbousán, di así: “Barbousán entrou por portas, con trescentas follas postas, trescentas follas e un ramo; non adiviñarás iste ano, nin tampouco polo que vén, agás que cho diga alguén”. Son curiosas moitas das castañas, comezando polos castiñeiros, os ourizos e as castañas: “Altos pais, capeludas nais, fillos faracoles, adiviña ti se podes”. Cun xogo de palabras a toupeira e a abella. A primeira é: “A toupa pola mañán, toda vestida de negro,

non é cura nin é frade, é o que che dixen primeiro”. É a abella aínda que hai unha mudanza de letra: “Estudiante que estudias en Artes e en Teoloxía me dirás cal é a ave que non ten peitos e cría, que ós mortos dá consolo e ós vivos alegría”. Curioso é o do barco polo simbolismo da súa singradura: “Alto e guapo son; ando á fortuna, corto por onde ando e coso sin costura”. Algunha vez encóbrese o problema do discurrir cunha verba: “Fun á romaría de San Benitiño, a un pai e sete fillas crucei no camiño; cada filla levaba sete sacos e en cada saco iban sete gatos con sete gatiños. Gatiños, gatas, sacos, homes, mulleres. ¿Cantos iban para San Benitiño?” A resposta é ben sinxela: “Eu só”. O engano está en: “Crucei no camiño”. Hainas de profunda filosofía e numerais. O trigo está nas primeiras: “Pai podre, fillo por nacer, non é Dios e espera ser”. E como numerais vaia este exemplo: “Subín a unha pereira que tiña peras; nin comín peras, nin baixei peras, nin deixei peras”. Na pereira había tres peras, unha comina, outra deixeiña e outra baixeiña.

Ás adiviñas seguen os refráns dos que hai moitos recollidos e comprenden todas as manifestacións da vida no seu conxunto de preocupacións. Unha destas preocupacións é a do tempo. Ás xentes preocupáballes sempre coñecer a seguridade das choivas, do sol ou as mudanzas que podían producirse para poder axustar os traballos e protexer segas, mallas e colleitas, por iso desde moi antigo fixéronse no gando e por el podían prever a choiva ou o bo tempo segundo baixasen as cabras para a beira do río ou subían as vacas para o alto do monte, pero no refraneiro aparecen o cuco e o melro. “Canta o cuco, tempo enxuto. Canta o melro, tempo de inverno”. Pode tamén fiarse un dos paxaros na sementeira: “Cando a rula rulear, colle o fol e vai sementar”. A posición das roibéns son motivo de seguridade ou preocupación: “Rubias ó mar, pon os bois a arar; rubias ó nacente, apón os bois e vente”. Tamén o vento e a xeada son referencias de mudanza: “Aire satán, auga na man. Xiada na lama, chuvia na cama”. O arco da vella, ten certas predicións: colle agua no regato onde descansan as ramas do arco; os ventos pasarán por debaixo da ponte que fai o arco e o refrán di: “Arco da vella á tarde non vén de balde, se non trai chuvia traerá aire”. Aínda podemos dicir: “Cando chove e dá o sol anda o demo darredor; cando a carballeira zoa, sabe ben a broa; cando a cachopeira canta, sabe ben a manta”. Hai os do tempo estacional: “Pola Candeloria, mitá do inverno vai fóra. Se chora vai fóra, se ri, está por vir”. Pero hai o complemento da sentenza que aclara a posición de festa: “Que chore, que non chore, que deixe de chorar, a mitá do inverno está por pasar”. Igual se observa nos meses: “Entre Santos e Nadal, é inverno carual. A neve febreiriña, cómea a galiña”. A sentenza no concepto estacional: “En marzo, iguarzo. En xaneiro, unha hora por enteiro. Polo San Brais, dúas horas máis”.

O tempo na predición das colleitas: “Tronos ó mar, pouco millo e malo de sachar. Tronos a Negreiros, máis ós comareiros. Tronos pró Miño, pouco pan e moito viño”. A secuencia do tempo: “En abril déixame dormir que en maio xa de meu me caio. En agosto viño ó mozo e cebada ó potro. Pasou o San Roque, pasou o dormiñoque”. Os meses en si, teñen mala literatura febreiro e marzo. “Febreiriño curto cos teus vinte e oito, se duraras máis catro non quedaba can nin gato. Marzo marzán pola mañán cara de can, ás doce cara de raíña e á noite corta como unha fouciña”. Non faltan os que dan a cada mes o seu tempo: “Marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e San Xoán claro, son as mellores regras do ano”. Toda unha movida fauna fai a súa aparición no refraneiro, cadelos, raposos, lobos, galos e galiñas, moscas e paxaros ven todos facer a súa presentación con papeis sempre certos, como ten o seu capítulo importante nos cantos e nas lendas.

Nas manifestacións líricas populares a que tivo unha maior importancia foron as cantigas, as coplas como dicimos case sempre. A copla que era cantada acompañando o compás do pandeiro ou da pandeireta nos fiadeiros a festa dunha época aínda non moi afastada. Unha das primeiras cantigas que podían cantar, se non estaban na súa aldea, era esta:

Axudádeme a cantar
rapaciñas desta aldea;
axudádeme a cantar
porque estou en terra allea.

Os poetas dos cancioneros navegaron nas ondas do mar de Vigo e nas do mar Maior e viron as grandes ondas dende a ermida de San Simón, nós miraremos a terra dende o mar e así dicimos o que vemos:

Vexo Vigo, vexo Cangas,
tamén vexo Redondela,
vexo a ponte de Sampaio
camiño da miña terra.

Esta cantiga tan coñecida ten unha especial emoción. Reparen que o que canta está no mar e con saudade mira para as terras que ten á dereita, á esquerda e ao fondo da ría na ponte de Sampaio. É home de terra cara a dentro porque se fose mariñeiro iría de babor a estribor, polo tanto comezaría por Cangas. Quizais foi o que, cando marchou soñando no ouro das Américas, dixo con emoción:

Cando fun para Buenos Aires,
cando pasei pola illa,
virei a cara pa trás;
terriña da miña vida!

No mar serán os mariñeiros e os mozos que van de ronda festeira, os que pidan axuda dos santos para chegar a porto seguro e tamén, como non podía ser menos, os que marchan para terras de fóra:

Virxen do Carmen querida,
amparo de mariñeiros;
ampárame a min que vou
para reinos estranxeiros.

En Vigo todos teñen o seu pensamento posto na virxe da Guía:

Nosa señora da Guía,
a guía de mariñeiros;
guía a nosa cuadrilla
toda de mozos solteiros.
Nosa señora da Guía
danos o ventiño en popa,
vimos do Cristo de Bouzas,
traemos a vela rota.

Non faltan as boas relacións con outras santiñas que se atopan cerca de Vigo, como coa virxe de Darbo:

Nosa señora de Darbo,
ten o garbo na mantilla,
que lla mandou de regalo
Nosa señora da Guía.

Tan familiar se fai nosa señora que anda de paseo pola praia, como outra dona calquera que vai recollendo cunchiñas de ouro como un sinxeliño pasatempo, sen preocuparse do seu valor:

Nosa señora da Guía,
velaí vai pola ribeira,
collendo cunchiñas de ouro
botándoas na faltriqueira.

En Galicia non se esquece dos santos e dos santuarios. Hai que ir a san Andrés de Teixido, pois vai de morto quen non vai de vivo, e ademais para coller a herba de namorar, que hai que gardar, como gardaba a virxe da Guía as pedriñas de ouro metendo o carabel mariño, a famosa herba namoradeira, no seo, na faltriqueira. Pero hai que ir ós santuarios a buscar remedios para os nosos males e a dar as grazas polos favores recibidos:

Teño de ir a santa Minia,
teño dir á Esclavitude,
teño de lle dar as gracias
que me deron a saúde.

No cancionero teñen acollida todas as manifestacións da vida. Son en primeiro lugar os santos pero nun apartado que non teña a súa voz e nunca mellor dito, porque eran expresións de amor, de canto, de baile, da vida e ata da morte. Se miramos as cantigas de oficios, vemos que o oficio que sae peor é o de xastre e mais o de ferreiro e o de cordeleiro. A razón do xastre é moi fácil de atopar: a vida máis regalada que levaban comparada coa dos canteiros ou dos ferreiros. Os canteiros traballaban de estrela a estrela. Saían coas estrelas para as canteiras e cando chegaban ó lugar preparaban as pedras tombándoas e poñéndoas nos poios para picar; e traballaban ata que saían as primeiras estrelas. Nas mañás de xeada ou de neve había que apartar a xeada e o mesmo a neve coas mans que tremían de frío. Mentres, o xastre non madrugaba e traballaba en sitio cuberto e con calor do ferro de pasar, por isto os canteiros, grandes compositores de cantigas, non deixaban de buscar ós xastres como tema das coplas. Teñamos sempre en conta que os canteiros acompañaban con canto o seu traballo, tanto na obra como na canteira. Mostra das cantigas:

Sete xastres fan un home
no tempo do pan barato;
para firmar un recibo
farán falta vinte e catro.

Noutras formas literarias preséntase o xastre tamén facendo de si mesmo un desprezo humorístico. No relato do xastre que vai por un camiño e leva con el unha cadeliña. Dende lonxe un home quere preguntarlle algo e chama con voz ben alta: “—Ai home! Home do can!” O xastre non fai caso e dille á cadeliña: “—Anda, cadeliña, anda, que xastres non son homes, e cadelas non son cans”. Se nos fixamos o erro está no que pregunta, o xastre dá unha nota de humor facéndose pasar por pouca cousa. Repárese ademais que a categoría dos xastres é óptima por relacionarse, grazas precisamente ó seu oficio, cos máis altos personaxes, ministros, gobernadores, alcaldes, médicos, avogados, políticos; é dicir, con todos os estamentos xerárquicos, cousa que lle falta a todos os demais oficios.

Na mesma liña de envexa aparecen as costureiras. Son as rapazas que están traballando sentadas e á sombra, fenómeno moi a ter en conta porque no século pasado e comezos do actual as mozas presumían da cor branca, e bos traballos pasaban nos labores do agro para esconderlle a cara ó sol.

O bronceado que agora domina era motivo de desprezo na concepción estética das mulleres, a muller presumía de branca; seguía, aínda que de lonxe, a liña dos indios americanos que nos coñecían por “rostros pálidos”. Unha cantiga de Melide expón as dúas situacións das mozas:

Costureira bonita,
¿ti que fas polo vran?
Eu sachando no millo
e ti coa agulla na man.

Xastres e costureiras teñen a gala o seu oficio dende que comezan a deprenderlo. Un rapaz que entra na xastrería e o amo pono a deprender como se enfia a agulla. No intre que está recibindo a aprendizaxe o rapaz repara que o mestre mira por un espello para unha gran moza que pasa pola rúa. O mestre observa a distracción do rapaz e rífalla: “—Cando vas aprender a enfiar!”. O rapaz, como se non falaran con el dille: “—Que pillos somos os xastres meu amo!”. Xa se consideraba xastre e aínda non sabía enfiar a agulla. O mesmo pasa coa muller que comeza o seu oficio:

—¿De ónde vés, Carmiña?
—Veño de coser.
—Cala, mentireira,
que vés de aprender.

No *Cancioneiro da Agulla*, recollido por Armando Cotarelo Valledor, dase nos tons humorísticos esta cantiga:

Ven acá que che hei de dar,
catro cousas nun real:
un xastre, unha costureira,
unha agulla e un dedal.

En troques os dous oficios de canteiros e carpinteiros teñen un extraordinario valor no cancionero. Primeiro danlle unha orde para que marchen polo mundo para exercer o seu oficio:

Canteiros e carpinteiros
da vila de Pontevedra:
marchai polo mundo adiante
buscando madeira e pedra.

O canto que era compañeiro do traballo espertaba curiosidade e moitas veces na cantiga ía unha delicada promesa de amor, por iso ten que aparecer o consello por ter man das posibles picardías do artista:

Non te fies rapariga,
no canteiro que ben canta;
é a fariña da pedra
que se lle pon na garganta.

A fariña era o po que se usaba para limpar a louza e sobre todo culleres e garfos, ademais das pezas de metal da casa. Os canteiros na labra ían xuntando unha cantidade de po que barrían para un lado; ese po era o que ían buscar as mozas para o seu traballo. A recolleita do po das pedras daba ocasión para falar mozo e moza, era o parlamento do parrafeo e moitas veces facía capa para un namoramento.

Os ferreiros están enfrontados cos carpinteiros nos consellos do casorio:

Non cases con ferreiro
que o pican as muxicas;
casa cun carpinteiro
que fai as arcas bonitas.

Estas arcas son as arcas de noiva nas que se esmeraba o carpinteiro, debuxando algún corazón e outras estampas de amor. Aínda se insiste nos consellos pola sucidade do oficio:

Non cases cun ferreiro
que é moi malo de lavar:
casa cun mariñeiro
que vén lavado do mar.

Xa dixemos que os cordeiros non tiñan boa acollida, aínda que ergueran algunha calor amorosa como podemos descubrir no que di esta mociña:

Teño un amor cordeiro
nas teas do corazón;
casarei cun xastre,
cun cordeiro, non.

As conquistas amorosas van máis cargadas arredor dos canteiros e dos carpinteiros, como refire a seguinte orde:

Canteiros e carpinteiros
da vila de Pontevedra:
aquí falta unha rapaza,
tendes que dar conta dela.

Había un afán moi grande para saber máis cantigas, e algunha vez pregúntase quen levou o cantar a un lugar determinado e poida que teña resposta:

Este cantarciño novo,
quen o trouxo a esta terra?
Trouxérono as barrosiñas
envolto na súa leira.

Ou tamén con esta outra resposta:

Os zapateiros de Noya
na punta dunha subela.

Temática obrigada é dicir aquilo que se canta e se baila e como bailan uns e outros. Unha das pezas que se tocaban era a muiñeira, e parece que non sempre se tocaba de boa gana:

Muiñeira da ribeira
muiñeira ribeirana,
muiñeira da ribeira
tócocha de mala gana.

Outras veces o canto vai sinalando o movemento dos que bailan:

Este é o tempo de tróupele, tróupele,
este é o tempo de troupelear;
este é o tempo de mazalo liño
este é o tempo do liño mazar.

Non faltan as indicacións de como son as figuras que deben marcarse e como deben marcarse:

Unha volta polo medio,
outra polo darredor
así fai o que ben baila
así fai o bailador.

Tamén se pode precisar por que algún baila sacudíndose de máis:

O mozo que anda no baile
ten un bailar peneireiro
seica o fai de fantasía
para que lle ruxa o diñeiro.

E pode moi ben ter cartos para garbear¹²:

12. Aínda que os dicionarios non recollen o verbo *garbear*, si recollen *garbeo* como paseo curto.

Casa comigo nena,
que teño moito diñeiro
teño tres cartos e medio
metidos nun tabaqueiro.

Un carto valía catro maravedís, mais aínda que fose pequeno quedou a verba para sinalar o diñeiro.

A voz era sempre estimada, pero había quen tiña certas dificultades que se xustifican pola razón da vida que levan:

O cantar do arrieiro
é un cantar moi baixiño
que non poden cantar alto
porque beben moito viño.

Alguén corrixiu os dous versos derradeiros:

Cántano en Ribadavia,
resoa no Carballiño.

Aínda hai outra forma de canto de arrieiro:

O cantar do arrieiro
é cantar que nunca acaba,
comeza con trailalila,
remata con trailalala.

E pode moi ben ser canto a dúas voces:

Canta gordo, canta gordo,
canta gordo, Santiaguíño;
canta gordo, canta gordo,
que eu cantarei delgadiño.

Conseguir o amor é conquista sentimental que pode esconderse en certos misterios como a herba de namorar ou o feitizo, a bebida alucinóxena que engaiola o corazón dun home:

A herba de namorar,
a herba namoradeira,
a herba de namorar,
lévocha na faltriqueira.

Era o famoso carabel mariño de san Andrés que se xuntaba co ramo ou metíase no seo ou na faltriqueira. Tamén se ía á xesteira darlle unha lazada, facer un nó nunha xesta mirando para a capela, ermida ou igrexa

dicindo ó mesmo tempo que cunha soa man se facía o nó: “Virxe ben amada, este ano veño solteira, que para o ano veña casada”. Isto faise principalmente en Amil e na Franqueira:

Heiche de dar o meigallo,
heiche de dar o feitizo;
heiche de dar o meigallo
no pemento do chourizo.

Pedíanlle á virxe de Aguasantas como querían que lles dese un mozo:

Miña virxen de Aguasantas,
non che veño pedir gito,
véñoche pedir un home
que sexa guapo e bonito.

Miña virxen de Aguasantas
non che veño pedir pan,
véñoche pedir un home
que faga tremer o chan.

Úsase unha verba sen ningún significado, buscando soamente a rima. Certas cantigas de esquecemento teñen unha gran filosofía:

Ti deixáchesme por pobre
eu por rico te deixei,
vale máis pobre con honra
que un rico de mala lei.

Deixáchesme por ser fea
e tras da guapa te fuche,
non che me pesa, mais sabes,
que n-aí rosa que non muche.

O namorado entrega o corazón e sinxelamente o di, pero con dúas fermosas cantigas:

Aí che vai meu corazón
coa chave para o abrir;
nin eu teño máis que dar,
nin ti máis que me pedir.

Aí che vai meu corazón
se o queres matar podes;
pero, como ti estás dentro
se o matas tamén morres.

Hai que saber o valor dos homes, e por certo non é moi subido, xa o sinalou Castelao en *Cincuenta homes por dez reás*:

Alabado sea Dios
que xa veo a barateza:
os homes van a real,
catro por unha peseta.

E aínda se atopan moito máis baratos:

Calade mozas solteiras,
calade, non teñas pena,
que vén un barco de mozos
a patacón a docena.

Pode saberse o valor de cada estamento con esta regra:

Os solteiros valen ouro,
os casados valen prata,
os viúvos calderilla,
os vellos folla de lata.

Teremos que dicir folla de lata enferruxada. Coñecido o valor dos mozos, ten razón a moza que mostra a súa alegría polo casamento:

A cantar gañei unha carta,
a bailar o casamento,
alabado sea Dios
que inda non perdín o tempo.

Esta casada non escoitará o que din algunhas compañeiras ós tres días de casadas:

Solteiriña, non cases,
se queres ter boa vida,
eu xa sei dunha casada
que chora de arrepentida.

Casadiña de tres días
quen che levou os colores?
Nin casada, nin solteira,
nunca chos tiven mellores.

Casadiña de tres días,
disque levaches unha tunda,
se o saben as solteiras,
xa non casa ningunha.

Os homes aconséllanse onde deben buscar a moza para casar con ela:

Non busques muller na feira,
nin tampouco en romaría,
búscaa na súa casa
vestida de cada día.

Hai en Galicia moitos romances, como exemplo lembramos o da Frouxeira, onde sobresa a figura de Pedro Pardo de Cela, O Mariscal, unha das figuras máis discutida na historia de Galicia, decapitado en Mondoñedo na compañía do seu fillo, entregado por traizón cando se atopaban na súa fortaleza onde non podían derrotalos. Vaia soamente o comezo do romance:

A min chaman toda Mira
señora do gran tesouro
por estrela esclarecida
yazgo neste Valedouro.

Máis treidor foi que un mouro
o vilao que me vendeo
que de Lugo a Ribadeo
todos me tiñan temor.

De min a triste Frouxeira
que por treición foi vencida
derribada na ribeira
que xamáis se veo vencida.

Por treición tamén vendido
Xesús noso Redentor
e por aquestes treidores
Pedro Pardo meu señor...

O Mariscal foi decapitado cando a súa dona traía o indulto. Cantan que a cabeza dixo ó caer tres veces: “Credo”. Caeron tamén as cabezas do fillo do Mariscal e a do capitán Mudarra. Cabanillas pon na boca de Bolaño estes versos que tiveron no seu tempo un aire popular moi amplo:

¡Camiño de ferradura
que levas a Mondoñedo!

¡Nova rúa da Amargura!

¡Ou vereda de inxustiza
pola que rube ó martirio
o redentor de Galiza!

¡Dálle paso doce e brando,
que tamén el vai doído,
entre saións e sangrando!

¡Tamén el, todo bondade,
leva ás costas a cruz sacra
dun sono de liberdade!

¡Tamén el, cheo de dores,
vai con coroa de espiñas
posta de man de traidores!

¡Tamén el murcho e maltreito,
como rosa de paixón
leva unha chaga no peito!

¡Camiño de ferradura
aberto o paso da Morte
na noite tristeira e escura,
leva con paz e sosego
o soñado dunha patria,
o novo Cristo galego!

Para rematar imos facelo cunhas cantigas de humor, a descrición da
camisa que non tiña, o oficio que profesaba e o gando que o acompañaba:

Son pobre porque perdín:
unha camisa sen mangas,
sen cuello e sen dianteira,
e rota polas *espaldas*.

Lembra o chiste alemán que contaba Cotarelo na cadeira de “Teoría da
Literatura e das Artes”: “Se ha perdido un cuchillo sin mango, al cual le
falta la hoja”:

Miña nai é tecelá,
meu pai cazador de lebres,
e eu como son seu fillo:
conquistador de mulleres.

Na camisa teño pulgas,
nos calzoncillos piollos,
como teño tanto gando
ós veciños cáenlle os ollos.

Certa noite nun serán bailaba un mozo con moitas mostras de desaire e unha cantora dedicoulle esta cantiga:

Baila como has de bailar,
maquiallo da mestura,
baila como has de bailar,
non andes facendo a burla.

O mozo entende moi ben os decires e en canto rematou de bailar acompañou a outra moza a tocar e cantar, entón el agasallouna con estes dicires:

Es alta como un ovo,
redonda como unha noz,
branca como o chocolate,
buenas noches nos dea Dios.

Señoras e señores, moitas grazas pala atención que me prestaron.

ANTONIO FRAGUAS (1980): “Literatura oral en Galicia”,
Evolución cultural de Galicia: ciclo de conferencias.
Vigo: Caixa de aforros municipal de Vigo.

VII

Vicente Risco: o viaxeiro

O camiño chama por cantos senten a ledicia de ver o mundo tal e como é. Ninguén sabe como se fai esa chamada, nin a que hora do día e da noite, quizais se puideramos ficar á espera do día, espreitando o abrente lonxán, sentiría o que tantos sentimos o día que saíamos camiño adiante para coller un coche de cabalos despois de andar algo máis de media légoa de camiño chegando denantes de abrir o día ó punto de saída. Hai unha emoción fonda sempre recordada de aquela mañá cargada de saudades garimosas. Vicente Risco tivo venturosos camiños que o guiaron por moitos lugares ourensáns; algunha vez falaba dun maioral e dos bos tragos de viño que engulía e, con aire parsimonioso, contaba en Lalín recordos de estudante, cando, na compañía do seu pai, era escolante en Santiago, onde ía examinarse. Don Ramón Otero Pedrayo, seu veciño e gran amigo, conta que no ano 1905 coincidiu con el na pousada da Rúa Nova. Era xa bo coñecedor da Universidade e, só, ía procurar hora e aula mentres seu pai falaba con vellos amigos no Casino. Xa non estaban nin Temes nin Cuevillas e, cando remataron, Risco, na compañía de seu pai e de don Ramón, colle ás sete da mañá o coche de cabalos na rúa do Hórreo, en Santiago, e marchan camiño do Ulla para percorrer as vinte légoas de camiño deica Ourense, a onde se chegaba ás nove da noite, á Horta do Concello, despois de ter remudado os cabalos en Ponte Ulla, Bandeira, Lalín, onde comeron na fonda do Ferrador por dez reais cada un, a Gouxa, Cea e Tramallancos. Os mozos escoitaron historias de camiñantes que vinte anos despois lembraban os dous mestres ó seu paso por estes camiños das terras de Deza.

Xuntos andamos polo Bocelo nas terras de Melide e nas telleiras de Loboreiro e faciamos tertulia na casa, mellor dito, na farmacia de Taboado Roca, era un gran coñecedor dos misterios da alquimia e dos alquimistas e facía maravillosas estampas da vida renacentista ó mesmo tempo que demos, demiños e xuncras. Risco andaba lixeiriño, paréceme a verba máis axeitada nas camiñatas da súa vida, con paso miúdo e seguido mirando moi ben onde tiña que pór os pés. Andamos tamén por terras de Deza, onde comezara a miña xeira castrexa con Sebastián González e o mestre da prehistoria galega, Floro Cuevillas.

En Lalín, Cuevillas e Risco falaron no casino de diferentes temas dos castros, vistos por un prehistoriador e por un folclorista. Lembramos con profunda emoción unha pequena xuntanza no observatorio astronómico de don Ramón Aller onde se fixeron suxestións para trasladar todo o instrumental a Santiago, xestión que levou con acerto don Alexandro Rodríguez Cadarso, o gran médico e humanista, dotado dun poder maxistral de persuasión que puido convencer a don Ramón Aller para que viñera de mestre á Universidade de Compostela. Unha placa fotográfica fixou, diante do portal de ferro do Observatorio, a saída da xuntanza.

Tamén as rúas de Santiago foron camiño para nosa compañía. Foi aquí onde comecei a tratar a Risco, pois con Ramón Martínez López, fomos á casa de Camilo Díaz e alí viñeron Otero Pedrayo, Cuevillas e Risco, non esquecerei nunca semellante tertulia que durou dúas horas. Eu considerei nun intre o que representaban eses tres nomes e canto valían os homes que neles estaban acochados. Don Vicente paseou despois moitas veces por Compostela e sempre coa mesma delicadeza de pensamento, amosando imaxes e conceptos de profundo saber.

Era Risco home coñecido e moi considerado en Portugal, e con el coincidimos algunhas veces. Algunhas viaxes foi acollido ó abrigo de Xocas, segundo dicía el con moita gracia. A derradeira camiñata que fixemos xuntos a terras lusitanas ten a súa contrariedade na viaxe de volta para Ourense. Das figuras que nos regalaban en Portugal el traía unha vaca moi galluda, traíaa con moito coído e cando apareceu o revisor do tren, don Vicente gardou a vaca como si se tratase dun contrabando de cabezas de gando maior, metido pola fronteira da Raia Seca; tan axiña como marchou o revisor volveu a vaca á mesma posición, tíaa posta nunha man e botáballe a outra por riba, como si precisara a calor da man para aguantar a camiñata. Moitos que iamos alí non sabiamos unha condición dos viaxeiros nese tren: non se podía baixar nin en Tui, nin en Guillarey; cando Risco se decatou de semellante disposición, que ninguén entendía, Xocas fixo o pago regulamentario de non lembro que billete de circulación e mentres don Vicente dixo moi resignado: está ben, o tren vai falando baixo e ninguén o entende, agora xa sei por que nos pasa isto, foi por culpa da vaca que ten que ir á alfândega de Vigo, o peor aínda vai ser cando cheguemos a Ourense, que teremos que dar a volta por Monforte, León e Zamora, e non chegamos con día á casa.

Na compañía de don Ramón Otero Pedrayo e de José Ramón Oxea, fixo a peregrinación a san Andrés de Teixido, polos vellos camiños onde as almas dos finados procuran atanguer o Santuario por non ter feito a

pelerinaxe en vida. Debuxa en todo o itinerario e no mesmo Teixido; xentes que ten alí a súa morada e xentes que van cumprir unha ofrenda ou responder da súa viaxe feita en vida.

A viaxe máis sonada foi a da Alemaña, moi ben pensada con adicacións especiais para visitar museos, bibliotecas, falar con especialistas alemáns e recoller as novidades etnográficas, folclóricas e tamén algunha filosófica. Don Vicente dende o primeiro momento dispónse a escribir as impresións da súa viaxe e da vida que xorde ó seu redor en presenza viva ou en lembranza.

Prometía e deixou ese marabilloso libro que se chama *Mitteleuropa. Impresións dunha viaxe*. Non comeza a contar esas impresións ata chegar ós túneles de Quereño. Ata alí parece como se ordenara o seu pensamento fuxindo un pouco da emoción da despedida e un pouco das dúbidas de cada itinerario e da procura dos amigos que xa terán coñecemento das datas de chegada. Cando sobe o porto costeiro de Brañuelas medita sobre das falas do tren, falas musicais nas que cada un pode poñer as verbas que queira, pór canto o tren que vai dicindo: “*tatara, tatara, tatara, tatara, tatara, tatara, tatara, tatara, tatara...* Vai falando en trampitán¹³ e con pena dicimos morreu quen nolo podía explicar”. O tren segue falando e fuxindo e as xentes fan as garatuxas de sempre e don Vicente segue falando para si mesmo e non apunto os falares, vainos poñendo entre escuridóns e lumieiras mentres a xente dorme e quizais como outros moitos, soña, pero soña durmindo.

Pasaron as terras vascas e chega o tren a Hendaya onde “pola parte de fóra, cos anteollos postos, o gabán posto, o paraugas no brazo —eiquí chove máis que en Galiza— agardábame Luis Temes, cónsul de España en Hendaya, galego, ourensán, e o que é máis aínda, da praza do Ferro, onde espertou o seu espírito ouvindo o gurgullar da fonte barroca e cistercense sostida por tres sereas”. Fala con portugueses que van a Francia a traballar as leiras dos franceses que foxen do campo para a cidade. Lémbrese do noso historiador romántico, Benito Vicetto, que fixo a famosa división da nosa terra e el fai unha serie de consideracións neste senso. Pasea con Temes por San Sebastián, que lle fai atinadas observacións ó redor da emigración dos galegos, sinalando a comenencia de que era preciso facer que os galegos emigrasen a Europa, “onde tanto poderían deprender, principalmente, a perfectamente lograda alianza do progreso coa tradición, que fai que o progreso semelle aquí cousa natural, espontánea e enxebre”. Fixeron os tempos realidade dos pensamentos de Luis Temes, pero a cambio de grandes derrubamentos.

13. Modalidade xergal da que pasa por ser inventor Xan da Coba.

O pensamento de Risco e o de Temes teñen a mesma cara, pero miran de distinto xeito, non se podía facer un camiño de conciencia galega na Galiza sen un adianto na vida material, ou o revés, era imposible un adianto material sen unha conciencia clara e ben perfilada da problemática completa da Terra. Era o de sempre: era ir de fóra para dentro, ou camiñar de dentro para fóra.

Risco non ten acougo no pensamento, desenvolve unha visión do pobo vasco lembrando a admiración que tiña por el Losada Dieguez, son as verbas de Risco profundas de inquirir no pasado o presente dos mozos vascos e os sucos abertos: a raza e a lingua. En Irún pasea pola Avenida de Colón e volta a súa *vuxola* para atopar con don Celso García de la Riega e a súa teoría do “Colón galego”, e no medio das súas consideracións ó redor da terra onde pasea e da terra que deixou, arrepíase un pouco cavilando que ten de partir para atanguer un fito que é Berlín e denantes de falar da despedida, dá unha fermosa visión sobre da consecución do fito con arranxo o principio desprendido no *Tao-teking*, que afirma “que aquel que se propón un fito, arrédase por iso mesmo do *senso* (tao), que ven ser atrás do que un quixer andar”.

O camiño para Verín xa está debaixo das rodas do vagón, camiño de Berlín pero por París. No tren anota a compostura dos compañeiros de viaxe, escribe, recrease na paisaxe e pasea nos andeis da estación de Burdeos e cun señor elegante e con lazo da Lexión de Honor decorren as horas ata chegar a París onde ninguén o esperaba. Outra vez un portugués con problemas de entendemento dos falares, para quen é un anxo da garda. Vai ó Boulevard Malesherbes en procura do Consulado de España para falar con García Miranda, pero García Miranda non está e as oficiñas están fechadas por ser domingo, García Miranda vai en Madrid e o porteiro non sabe onde ten a morada en París. Tristezas e certo decaemento, por iso anota: “Despois desta ducha, din a volta. París comezaba a resultarme inimigo e revoltante a min, que tanto tempo vivín da súa sustancia”. Preocúpase moito da circulación da que xa o puxera en antecedentes o amigo Temes, pero seguramente pensaría que non debía ser tan afogante, e metido nos cruces non cabe dúbida que se sentía collido por tanto trafegar. “Teño que maldicir deste movemento de autos que fan tan arriscado o cruzar unha rúa, que se pode dicir que en cada cruce xoga un a vida”.

Pasea por París, pero pasea sen gusto, anda pola beira do Sena, toma uns cafés e aínda ten a curiosidade de ir escoitar unha conferencia teosófica onde un señor “de barba e lentes, un francés común, que dixo as mesmas

cousas que din todos os folletos de propaganda teosófica”. Ó día seguinte volve polo Consulado e non ten ningunha carta e con semellante falla atópase aínda máis só e preocupado de non saír de semellante soidade, que aínda pode aumentar cando pensa na súa chegada a Berlín. Pero as horas renden moito e vai visitar Nôtre-Dame e agora lembro a súa impresión ó redor do gran monumento. “Mais non é precisamente nas esculturas onde vexo alumar a lámpada da vida; é aínda na parte meramente arquitectónica das columnatas e das fiestras e dos contrafortes, nesta xeometría vivificada e redimida da súa esquemática miseria de concepción de delineante; porque esta xeometría áchase no paso e no esforzo sublime de se trocar en curva vital sen ecuación doada; áchase no primeiro pulo de rebelión contra Euclides, non en procura da hiperxeometría, nin de espazos en dimensións transcendentales, senón de algo semellante a copar a escola”.

Vai no seu recordo un mundo en xornadas vividas na mesma hora e moitas das pisadas son recordos do mesmo intre xa pasado, e agora mesmo parécelle mellor unha sorna debaixo dun carballo que os peiraos do Sena ou calquera outro lugar da cidade. Está triste, está entristecido pola soidade.

Por fin vai deixar París para coller o camiño de Alemaña. Métese no vagón e pode escoitar os primeiros falares en alemán e os fondos pensamentos pasan por todas as paisaxes que levan ata o Rhin, pero pasando por Bélxica con poucas garatuzas na aduana. Cando chegan a Charleroi escribe: “fábricas e fábricas e máis fábricas; chemineas e carbón”. Pretende de novo encarrear na interpretación do gótico e xuntar a súa esencia co traxín da vida industrial para recoller un parabén dualista no medio do repertorio de formas e apreixar os dous espíritos que poden no seu pensamento, en paréntese dubitativo, rematar sendo un só.

Recolle con agrado este pasear no tren polas estacións onde hai pouca xente, mais “a que hai é leda, simpática e rideira, e non se lle entende o que fala”. Agora son eu quen pensa no esforzo dos nosos emigrantes no medio de xefes e compañeiros que non entenden nin para ben nin para mal. Eles non contan a súa vida en semellante intre, don Vicente fai toda unha páxina emocional máis, retorcendo o pescozo ó baúl, ó seu baúl, o único que vai no tren “e non debera de ir ningún. Un baúl é de cote unha cruz para o viaxeiro: vai sempre moito máis cheo de kilos de inquedanzas e coidados que os que poida pesar a roupa barata e se cadra repasada que leva dentro”. Cando remate a súa descarga contra do nefasto baúl afogarao dicindo: “e despois o máis para que serve, é para se sentar nil”.

Xa está en Colonia ou Coloña, como lle chama el, colle teima cos letreiros como Camba e despois do crebacabezas dos letreiros e frechas indicando para riba e para baixo, para dereita e para esquerda, magoado de preguntar e non entender as respostas, fai lembranza do carácter galego que precisa, para ter fianza nunha cousa, que lle digan o mesmo polo menos tres persoas, e agora lonxe da terra síntese máis afinado nela e segue a lei xeral preguntar a moitos e se lle parece non facer caso a ningún. Agora ten que ir para Bonn e canso de non entender respostas, sobe e baixa un sen fin de tramos ata conseguir o billete que lle custou marco e medio. Xorden as verbas de desconsolo “O meu desánimo era tan grande, a canseira, a negrura que me envolvía, a soidade da que me aterecía eran tan ruíns, que me puña medo seguir adiante, e tentado estiven de dar volta”. Aínda fai unha saída para ver a catedral, e reza á Virxe de Maio e logo escudriña formas e acariña roseiras de ilusións vendo as marabillas de pedra, quizais demasiado rematada. Este medoñento atranco de non entender deuse agora moitos miles de veces nos camiños europeos, por iso o emigrante que vai a unha terra allea en todo: xente, fala e maneira de ser, ten que estremecerlle moitas veces o peito cheo de angueiras e saudade.

Denantes non entendía, agora ninguén é capaz de orientalo, de dicirlle onde está unha rúa que me procura. “Preguntei a todos: homes e señores, mozos e vellos, vellas e criadas, e ninguén sabía de Coburgerstrasse. Estábache boa a navalla!”. O seu anxo da garda foi un rapaz que era tan bo que estaba parado diante da súa casa, e tampouco sabía da ditosa rúa, mais por medio dunha carta da cidade apareceu. Risco quedoulle tan agradecido que se doe de que non veña algún día a Ourense «que o había levar a ver todas as cupletistas». Era lonxe e ben fermosa a rúa Coburgerstrasse, e despois de moito andar atopou a rúa, e despois de andar aínda máis topou o número que buscaba, mais o profesor a quen buscaba non estaba na casa e os veciños non sabían dar razón do seu paradeiro. O peor era que ninguén lle podía dicir agora onde se podía atopar un hotel porque xa era noite. No seu desandar atopa o hotel chamado Rote Kanne e alí pide habitación e danlle e cea no restaurante que ten o hotel e pasa a primeira noite no chan alemán con moitas tristuras e desacougos mais tamén con grandes esperanzas e con elas dorme sosegado, dorme na cámara número 13, que describe ás mil marabillas.

Vai á Universidade e no Romanisches Seminar non está Martínez Santa Olalla, que está enfermo, pero danlle a dirección e alá se marchou a unha Krankenhaus onde estaba o profesor buscado e xa se disiparon os neboeiros tristes dos días pasados. Agora os novos amigos Noguera,

seu guía en Bonn e Prieto, ademais de Santa Olalla, que é unha especie de Cónsul. Agora xa runfa seguro e Noguera lévao ó Münster, a catedral románica restaurada, o museo que é valioso e con moitísima prehistoria, moitas cousas de arte popular, petos e cerámicas, esculturas, pinturas. Un museo completo. Logo de ver o máis importante de Bonn marcha don Vicente para Berlín e vai para a Pensión Latina, na Rankestrasse 6. Alí apareceron Tobío e Fernández Armesto que o fartan de ledicia, móstranlle o verdadeiro Berlín que para eles é moi superior a París. Ao pouco vén outro amigo, Canedo, cunha chea de libros moi raros e interesantes, todos carísimos.

Berlín ten a súa praia de moda no Wannsee, o longo lago cheo de balandros de velas brancas, praias e arboredas, e o día da Ascensión van pasando aló Canedo, Tobío e Risco. Catou xentes de todos os eitos, todos grosos e fortes. Unha ledicia fonda para don Vicente é a chegada a Berlín de Rabindranath Tagore, do que tiña falado moito en Madrid, principalmente, no Ateneo, e agora vai con Canedo a ouvilo. “Quen che me había de dicir a min, escribe Risco, que agora aquí en Berlín había chegar a ver e ouvir ó gran poeta bengalí! Voltas que dá o mundo, non si?”. A verdade é tamén que Tagore, revestido de todo menos de indio, defraudouno: “non lle comprendín nada do que dixo, mais explicouno despois o xesuíta, e tampouco merece moito a pena”. Chascos que dan os homes cando queren ser deuses.

Bibliotecas, museos, parques, seminarios, tertulias cos amigos, de todo houbo en Berlín, pois nin sequera faltou a miudeza: cadelos, carros, tendas; o mundo na gran cidade, e, para remate da súa relación fai un estudio das «Ideas de Berlín». Cando se despediu dos amigos comezaron a anubrarse os horizontes de Europa, e o mundo vivido e recreado por don Vicente desfaciase no derrubamento da guerra. Cando pensaba voltar ós camiños coñecidos de Alemaña xa era imposible facelo. Risco, o gran viaxeiro, seguía matinando no pasado de Galicia e traballando na procura das raíces de súa cultura. O pensamento endexamais deixou de viaxar.

ANTONIO FRAGUAS (1981): “Vicente Risco: o viaxeiro”,
Revista da Deputación de Ourense, Ourense, pp. 25-28.

VIII

Os maíos

Maio é o mes das flores por excelencia. Na época da miña, xa ben distante, infancia os domingos do mes de maio había ás tardes na igrexa as flores, máis ben postas dende que houbo profesoras de primeiro ensino, porque había máis manifestacións de ofrendas de rosas por algunhas nenas que elas mesmas levaban postas na cabeza unha coroa ou diadema. Rematada a función da igrexa, había festa da mocidade con pandeireta e rara vez cun acordeón. Así celebraba a parroquia de Loureiro de Cotobade o seu maio. Pero o mes era de moito traballo, había que botar o millo e os labores da sementeira eran moi pesados, por iso o dito: “ten que botar o maio”, ou “ten este maio para botar”, foi sempre conciencia dun traballo duro. Tamén referente ó traballo era o dito: “é mais longo que un día de maio”, senso moi diferente ó que sinalan Covarrubias no seu *Tesoro de la lengua castellana*, e Correas no *Vocabulario*, que por ser unha persoa moi alta e delgada comparase ca árbore maio. Árbore que aínda se usa en Laza, onde ademais da árbore faise unha representación curiosa de Adán e mais Eva; representación un tanto paradisíaca pois Eva entrega unha mazá ó seu compañeiro.

Triunfo da vexetación

Calquera manifestación é o triunfo da vexetación, é a vexetación, é a primavera cumprida á que hai que festexar para que non deixe de acudir todos os anos. Ansia e quizais tamén axuda de vida que se fai humanizada, vestindo a dous rapaces ou un só, e aínda un rapaz e unha rapaza, cun traxe arbóreo. Boa mostra da aparición dos rapaces uniformados semellando vexetais está recollido por Nicolás Tenorio na *Aldea gallega*. Os rapaces da aldea celebran a entrada da Primavera cos que chaman Maíos.

O primeiro día deste mes pola mañá, despois de que saen da escola si é día de traballo, ou da igrexa si é domingo, van ó campo e cortan ramas que teñan bastantes follas e ademais con edras revisten os dous escollidos formándolles coas mesmas ramas unha especie de cornete na cabeza.

Estes son os Maíos. Teñen que ser guiados polos compañeiros por ser tan cubertos de follaxe que ten dificultades para ver e para camiñar. O conxunto, todos os rapaces do pobo, van de casa en casa cantando e pedindo para os maíos. Recollen diñeiro e froitas verdes ou secas. Unha vez recorrido o pobo, quítanlle a capa vexetal e reparten o que xuntaron, dando unha parte maior os que fixeron de Maio. O canto destes rapaces de Viana do Bolo ten a parte común e o de cada día ou cada casa:

Este é o Maio
este o Maio é,
este é o Maio
que anda de pé.
Aquí vén o Maio
pola calle arriba,
ábranos a porta
señora María.

Como evidente triunfo da Primavera hai unha implicación para sacudirlle a preguiza:

Levántate Maio
que tanto durmiches,
xa pasou o inverno
e non o sentiches.

A mesma forma de cuberta vexetal tíñana os de Ribadeo segundo nos deixou o pintor Dionisio Fierros no cadro *O Maio en Ribadeo*.

En Betanzos a pintora Sofia Feliú ten no Museo Municipal de Santiago un cadro que representa o Maio betanceiro. Son unhas rapazas con flores e traxe corrente, levan a pandeireta para facer acompañamentos.

En Santiago tamén debeu ser vestido polo que din os cantos recollidos no *Cancioneiro de Ballesteros*, porque rouba pezas de roupa de muller e tamén bebe un vaso de viño:

Aí vén o Maio
polas rodas abaixo,
Aí vén o Maio
de roubar un refaixo,
polas Rodas arriba
Aí vén o Maio
de roubar unha mantilla.
Aí vén o Maio
pola Porta do Camiño,
Aí vén o Maio
bebendo un vaso de viño.

Tamén o de Lugo é un Maio comedor como indica o seu cantar:

Aí vén o Maio
pola calle Falcón:
Aí vén o Maio
comendo pan e lacón

Hai a forma clásica do Maio de Pontevedra, de tipo cómico, máis ou menos grande, sempre dun tamaño que se poida manexar ben colléndoo polos banzos. Son unhas varas cubertas de fiúncho, flores e laranxas, sempre motivo de apuros para conseguir tanta cousa:

Para facer este maio
tivemos que ir roubar,
o fiúncho e as flores
á horta de Ferradás.
E veu Ferradás
detrás de nós,
e nos corre, que te corre
botamos a de Dios.

O Maio con esta feitura de palleiro, e sempre campando cos seus adornos está ben reflectido nun cadro de Carlos Sobrino e nos debuxos de Agustín Portela.

A fina expresión crítica

Non está o rapaz vestido de Maio, mais para cantar métese debaixo como se se revestise con el á maneira de capa. O compás dos palitroques dá o clásico son seco que acompaña o canto. Feitos e persoas aparecen na crítica feita polo Maio, sempre con fina expresión. Así, o ano 1923, na praza de Touros, un Maio cantou:

Señoras e señores
poñan atención
que imos falar
do señor Gobernador:
nin é alto, nin é baixo,
nin é malo, nin é bo,
parece un reló parado
dentro da Diputación.

Outra vez son as obras e reformas. O suprimir os leóns que primeiramente tiñan colocado na rotonda da Alameda, e construír unha fonte de pía rectangular no descanso con catro leóns, o Maio comentou o feito:

Da rotonda da Alameda
xa fuxiron os leóns,
deixaron catro filliños
que parten os corazóns.

Hai dentro do clásico a famosa nave, o barco mariñeiro que traerá unha lembranza histórica que poderá ser dos Nodales, de Chariño ou de Méndez Núñez, ou quen sabe se doutra nave que gardou os segredos dun vello lobo de mar. Agora ten o seu garbo quen canta ó seu redor:

Aquí vén o noso barco,
esta fragata valente,
con bandeiras e canóns
que son o pasmo da xente.

Os de Redondela segundo temos visto algunha vez, teñen formas moi caprichosas e o mesmo os de Ourense, onde se presentan formas de hórreos, potes e algún piramidal. Pero non desmerecen na súa crítica:

Cerebros carentes
de vida e de hedra,
condenan as rosas
a parques de pedra.

Ou o fino xuízo das mozas:
As mozas de agora
teñen gran cultura,
destacando todas
na arte da pintura.

E a sentenza filosófica da creación cerebral:

O mundo é un pote,
a testa un potiño
onde cada un
ferve o seu caldiño.

Oxalá que a festa dos maios siga como arume de roseiras, despertando ledicias que afiancen as venturanzas festeiras.

ANTONIO FRAGUAS (1984): “Os maios”,
Outeiro, núm. 12, A Coruña, pp. 30-31.

IX

Arco d'a vella

Na cerna da paisaxe da ría, vila e ribeira pontevedresas non podía faltar o arco da vella como elemento decorativo en todas as estacións do ano.

O arco da vella presta no decorrer do tempo o agarimo do sorriso no serán escuro do inverno denantes de fuxir o sol, o morno caer das raxeiradas nas mañás de primavera ou a ledicia camposa dunha rega nos días quentes do verán.

O arco foxe como unha ilusión das rúas e agarda nas leiras a saudade garimosa da lentura. En Pontevedra o arco da vella ten unha grandeza incomparable. Vai dende Valdecorvos a Casal Dourado, dende Poio a Campolongo e algunha mañá dende Palamios ó Burgo. Prende en calquera regueiro e medra na sabenza campesiña horas de refrán e de cantiga.

O artista colle este arco unha tarde dun sábado cubréndose das pingueiras nunha horta da Caeira. Na horta, de muro cheo de silvas, unha alvariza sen abellas, perneiras de romeu en flor, un rapaz remendado e descosido, aguzando cañotos de col cunha navalla, e arrimadas á solaina dúas meniñas mimosas que acochaban no peito o canto dunha ilusión.

Falaban as mozas e barullaban as pingueiras ó bater no chan. O arco pendurouse de si mesmo, acadou a chuvía sen fuxir nin para riba nin para baixo xogando á comba na luz e na cor. Sentiuse dono da tarde e mediu na terra e no mar os valores múltiples de todos os circos da vida con xeito doce, fuxindo das arestas ferintes na escuridade dos desenganos.

O arco apagou a voz cando falaba con acento cósmico.

—Son esqueira¹⁴ na que soben as augas para regar as terras os veciños de Mourente, Lárez e Campañó. Mañá pasarán debaixo do meu arco os ventos que leven as follas dos castiñeiros de santa Clara cantando contra as paredes do seu propio funeral.

—Son hoxe o que fun onte, módulo cromático onde gañaron anceios de luz e vida de cores.

14. Sinónimo de escada.

Calou o falar cósmico e soou a fidalga da campiña:

Arco da vella á tarde,
non vén de balde;
se non trae chuvia,
traerá aire

Xa non quedaba máis que un anaquiño de arco asolagándose na escuridade nevoenta entre tanto as meniñas da escola cantaban o conxuro de todos os arcos da vella:

Arco da vella,
vaite de aí
que as nenas bonitas,
non son para ti

Paseniñamente o arco afundiuse na negrura, deitando na cor da terra a historia dos seus amores. A historia fíxose lenda e a lenda vai fuxindo polos cómaros do mundo. Un pobre velliño, moi velliño, que xa non pide esmola, pero ten experiencia do tempo e dos astros, díxome debruzándose na ponte do Burgo que a lenda pode que fose certa. Preguntei a lenda e as mozas non quixeron descubrir o segredo duns amores e o pobre cada vez máis velliño, coteleaba¹⁵ co sono e non tiña tempo de contarme historias do arco da vella.

Metida no cromatismo do arco viaxa unha meiga louca, posesa de fantasía. Bruxa desmeigada sen sabencia nin medo. Ninguén sabe onde vivía, entraba de mañanciña pola estrada de Marín e mergullábase no barullo da cidade, a media tarde subía polos camiños e sentábase na sombra dos cemiterios. Os enterradores púñanlle medo ensinándolle a mangureira da legoña e a meiga fuxía alporizada.

Unha tarde na festa de san Amaro foi pasear ó torreiro e arrimouse coas costas contra a parede da capela. Tiña os brazos medio entangarañados e levaba unhas fronzas¹⁶ de xesta para tornar dos rapaces que brincaban á súa beira. A noite fíxose a procesión co santo e a meiga ía detrás da música malfadando nos rapaces que turraban dela. Os catro mozos que sacaron o santo da capela levárono sen parar ata a casa do Vista para gardalo no camariño. Ninguén lembraba facer a procesión sen pousar o santo. Os catro mozos que subían con san Amaro polas escaleiras do Vista gañaron o triunfo das miradas como vencedores do camiño. A meiga fitou de canto para ela e fuxiu da xente correndo polo vieiro da noite. Quixo gañar a luz da sabencia e perdeu a razón no bulir da fantasía.

15. Sinónimo de cabecear.

16. Sinónimo de ramallo.

A meiga dende entón anda na procura do ensoño galgando polos piñeiros, apaña chuvias e xeadas para gardalas nun regazo que non ten. Dende fai moito brinca no arco da vella co seu propio pasatempo e quere fartarse de medo agora que non asusta a ninguén.

Non se sabe tampouco quen era esta muller, foi unha meiga mirrada que viña acadar feitizos nos cómaros e encrucilladas. Era unha muller posuída do espírito do mal e perdeuse na noite sen ter máis historia que a tecida no maxín dos cabaleiros que outrora agardaban o día no longo cantar do galo. É misteriosa a súa existencia, pantasma druídica sen morada nin acougo que vive coa fluencia das mareas na lúa de todas as mocidades. Meiga louca que sigue arrandeándose no vento coa ilusión de espremer adiviñanzas e segredos no aro dunha peneira.

ANTONIO FRAGUAS (1985): “Arco d’a vella”, en A. Portela Paz (ilustr.):
Pontevedra, boa vila. Pontevedra, 1947.
Edición facsimilar, 2ª ed. Pontevedra: Xunta de Galicia.

Diversións de tempos pasados

A noción de tempo pasado ten que ser aclarada. No momento que vivimos, o pasado ten un espazo de tempo moito máis curto que noutros anteriores, polo menos é o senso que xorde nas comparacións que puidemos observar ó longo da nosa vida. Os adiantos dos nosos días ergueron semellante barreira que parece todo un mundo tan novo que o afasta da nosa xuventude máis de cen anos, e aínda non vai, para moitas cousas, medio século.

A xuventude levou sempre a ledicia da vida e as ansias de vivir alternando coa diversión, pasatempos e namoros, a aprendizaxe de oficios e profesións. O obreiro buscaba un mestre que lle ensinara o oficio que quería aprender sempre que non seguira o de seu pai, que entón non saía do seu lado. A aprendizaxe custaba cartos. Era grande a emoción dos primeiros cartos que o aprendiz recibía do mestre, teño escoitado referido a moitos, ninguén esqueceu aquelas perras que recibiu como primeiro xornal, lémbrese como pode lembrar a quiniela de millonario, quen tivo a sorte de acertala. E non cabe dúbida de que a diferenza é totalmente astronómica.

Parrandear

A saída para aprender o oficio tiña a súa importancia, porque comezaba a bailar e usar os florilexos ás mociñas con quen bailaba, ou as que topaba no camiño por onde lle tocaba pasar. Pero había outra aprendizaxe: o de *parrandear*. Tense dito moito de parrafeos, hainos en verso, son coplas de preguntas e respostas, como se se tratase dun exame de Matemáticas ou de Historia. Non eran estes os máis usados. Os mestres en parrandear dicían frases que eran cantos á beleza, á simpatía e á gracia dunha muller, que recibían axeitadas respostas de gabanzas polo parrandeador. Non se trataba de facer unha declaración amorosa; había demasiada elocuencia sen paixón, sen manifestación profunda de amor, cando saía a relucir esta verba era máis ben un xogo gramatical, mais tamén algunha vez a parranda foi

o comezo de amores para toda a vida. Debemos precisar os costumes de cada sitio porque en moitos lugares estimábase pasatempo, máis ou menos agradable, o parrandear cun mozo denantes de estar libre de quintas.

O comportamento

Homes e mulleres eran instruídos nas escolas de fins do século en todo comportamento na vida e nos medios sociais, existían manuais de urbanidade e cortesía, e unha cartilla de boa crianza, ata en verso. Xa a nosa xeración dependeu polo que vía e polo que lle dicían na súa casa. Houbo sempre coidados e atencións para mulleres que atanguían moitísimos eidos das diversións. Comecemos por sinalar esta indicación que probaba dunha mínima independencia para poder dar un paseo: “Una señorita no debe jamás hasta la edad de treinta años salir sin ir acompañada. En sus correrías por la ciudad, a los mercaderes, a las casas de sus íntimas amigas, a la iglesia, puede ir con una doncella; pero si se trata de visitas de ceremonia, paseos, tertulias, bailes, sólo puede presentarse con su madre, o una señora de su consentimiento que haga las veces de ésta”. Así estaba ordenada a sociedade. No primeiro cuarto de século foron desaparecendo, máis aínda as señoras que hoxe andan polos setenta cumpridos, moitas recibiron de súas nais e avoas indicacións de comportamentos nos que hoxe ninguén repara. A Condesa de Pardo Bazán fala con desprezo do vello acompañante, o “Rodrigón”, que ía dun lado para outro como coidadoso valedor dunha rapaza a cuxa familia prestaba servizos este fiel acompañante.

Festas e diversións

Estas normas non privan das correntes diversións e menos xa nos nosos tempos: o cine, que aínda se chamaba cinematógrafo ou cinema; o baile, que se celebraba nas Sociedades de recreo, Casino e Recreo de Artesanos, en Pontevedra, e outras cidades de Galicia, onde os estamentos quedaban así moi conformes con eles mesmos. Para quen viviamos na aldea e na poboación o mundo era un tanto diferente. A natureza tivo sempre un encanto de novidade, case de descuberta; dende a iniciación dun val co seu cativo regueiro, ata un horizonte afastado, a vida móvese con máis ledicia, e as inxenuas meditacións, as fantasías fabulísticas, xunto a calquera entretemento laborioso, constituían divertido pasatempo na hora que se presenta o mal chamado aburrimiento.

A festa representa un capítulo especial na diversión dos anos vinte. Coñecíanse os camiños montesíos que ían ó lugar onde se celebraba como se coñecían as datas correspondentes. Facíase a pé o camiño e cando eran máis de dúas leguas íase nunha camioneta, o peor era se o tempo de verán se volvía de inverso e chovía o día da festa. A festa tiña a emoción do encontro cos amigos e a máis leda aparición das meniñas festeiras, coñecidas unhas e descoñecidas outras. Os clásicos bailes ó son da banda ou dos gaiteros entre os que lembramos a Avelino, o gaitero de Soutelo, que co seu acompañamento de canto adiantouse bastantes anos ás formas máis modernas. Acompañar a unha moza era unha manifestación de bo gusto festeiro, e permitía unha animada conversa ó redor de moitos temas das vidas, moitas veces bastante parellas, e demostraban unha clara amizade que non desapareceu a través do tempo. E tratando de motivos de diversión non se poden esquecer as ruadas que remataron cos comezos da guerra civil. Eran o dicir poético do amor ou do desdén, do agrado ou desagrado, eran o reflexo da complexidade da vida dos anos mozos, cantada con acompañamento de pandeiretas, cos máis saudosos donaires.

Xogos e cantigas

Tamén había o pequeno pasatempo de xogo os domingos que non había festa. A chave, o tute, a brisca, o subastado e o dominó. Non se xogaban cartos e soamente algunha noite na pousada podían pasar algún tempo co xogo, só moi contadas veces porque o tempo era para ler ou para estudar, ou facer algún traballo, ou tocar algún instrumento musical. Como, en xeral, a mocidade tiña pouco diñeiro, había que saber administralo ben, e se se quería mercar un libro non se podía ir ó cine soamente cando había cousa de moito renome, e buscando asento no máis alto por ser máis barato, era onde nos sentabamos para ver unha película de fama, unha obra de teatro, unha masa coral ou calquera pasatempo de certo interese. Comezaban a estudar as mulleres, característica de novos rumbos, poderíamos dicir, sen temor a engano, que a nosa xeración foi a xeración límite, con ela rematou unha época, podemos dar creto ó título do discurso de Ruiz del Castillo pronunciado despois da guerra civil, “en el confín de dos épocas”, iso é remate e comenzo. Moito do pasado desapareceu como por encanto, e o que se mantivo vaise pouco a pouco mesturando con iso que chamamos “os novos tempos”, modos e maneiras de vida, de vivir a vida en todas e cada unha das súas manifestacións ás que non deixa de atanguer a diversión.

A cantiga tiña un valor emocional e acompañaba ó traballo en case todos os labores, o traballo facíase dese modo divertido e no remate había a xestosa festa entre a mocidade que traballou. A vendima con cantos de viña a viña, a esfolhada, a seitura, tiñan ata música para as correspondentes cantigas. Como donosa despedida das diversións dos nosos tempos rematamos con dúas cantigas que son testemuñas das diversións cos traballos, cantar no traballo, bailar no remate e aturuxar polo camiño. Agora cantiga da seitura e a das vendimas e-esfolhadas:

Hei de ir a túa seitura,
hei de ir a túa segada;
hei de ir a túa seitura
que a miña vai acabada.

Acabáronse as vendimas
e veñen as esfolhadas,
para comer coas mozas,
catro castañas asadas.

ANTONIO FRAGUAS (1985): “Diversións de tempos pasados”,
Outeiro, núm. 16, A Coruña, pp. 38-39.

Ánxel Fole, un Nobel esquecido

Ánxel Fole naceu en Lugo no ano 1903, e segundo el informaba, o seu apelido ten orixe francesa, procede da casa de Anjou. Viñeron, chamándose Folck, sendo cabaleiros da Orde do Temple, dos que aínda veu Ánxel, en Eiré de Ferreira de Pantón, nunha viña de seu avó paterno, os restos dun castelo que fora dos Templarios. Nos seus relatos fala das casas onde pasou a súa infancia, a grande de Fingoi, onde se estreou a primeira malladora que veu por alí. É nesta casa onde, baixo as ensinanzas de seu tío Baldomero, aprende a ler no Silabario, e tamén o Catón e a Historia Sagrada. Aínda viviu noutra casa, pero da que máis se lembra é da que era propiedade de Corredoira, era casa con horta da que sempre lembraba a figueira, a claudieira e unha pereira que daba unhas peras que se lle caían a un na cabeza, facíanlle un teto. Moi cedo foi lector de Espronceda e outros clásicos dos que sabía cantidade de versos de memoria e sobre todo de Espronceda e de Bécquer. Moitos amigos lembrarán que algunha vez pasando pola sombra dos negrillos recitaba:

Iba triste y pensativo
 por la alameda dorada;
 anduvo largo camino
 y llegó a una fuente clara

Eran versos de Machado que lle viñan á memoria cando pasaba por aquel lugar, porque Machado foi outro dos escritores que leu na horta dos seus recordos.

Estudou no Instituto de Lugo e nas Universidades de Valladolid, Madrid e Santiago, foi nesta cidade onde se integrou no grupo de Rafael Dieste, García Sabell, Souto, Colmeiro, Paco del Riego e outros das tertulias do Suízo, do Derby e do Español. Entre eles formaron o famoso “Clan dos Nerunderem”. Non xurdía aquí a súa manifestación galeguista porque en Valladolid recitaban a coro “Galicia, nai e señora” de Cabanillas. No grupo figuraba Antonio Rosón.

Está percorrido o camiño académico nas aulas dun mozo bohemio, quedan nomes de profesores, nomes agrupados en dous estamentos: os mestres e os estafalarios, pasa pola universidade preocupado polo espectáculo teatral, pola música, a tertulia e a conferencia, non esquece en toda a súa longa vida as figuras que o enchían de gozo co seu saber e vai a conferencias e a cursos especiais. escoita a Ortega que o entusiasmo, a Besteiro, que topa un pouco anticuado, ás clases de García Morente, que está ó día e queda del o grato recordo.

O periódico foi un amigo, o amigo máis fiel e ó que serviu con verdadeiro sentimento de corazón. Foi fundador de revistas como *Yunque*, correspondente da Axencia Febus, e do *Pueblo Gallego*, onde quizais por lembranza de Ortega escribe a serie “Andar y ver”, como o título de Ortega o seu paseo “Por tierras de Castilla”, camiñando por Sigüenza y Berlanda de Duero. “Son las tierras que el Cid cabalgó”. Pero o xornal *El Progreso*, de Lugo, foi sempre o seu verdadeiro refuxio, onde publica os traballos co pseudónimo de Neumandro o mesmo que na *Hoja del lunes*, tamén de Lugo. Tivo a seu cargo seccións no xornal como a páxina literaria do *Progreso* titulada “Táboa Redonda”, que foi a derradeira. Podemos engadir que todos os xornais e revistas de Galicia contan nas súas páxinas artigos de Ánxel Fole.

Paseou toda Galicia sempre con donaire bohemio, boina e caxato, pero foi nas terras altas de Lugo onde sente con máis sutileza a sinfonía das paisaxes e os delicados dicires, a resonancia das falas dende o val onde maduran as uvas das cepas milenarias, deica os cumes onde as aguias aniñan e onde se pode conseguir desfrutar das maravillosas paisaxes, do aire puro e dos zoidos cos seus ecos como os que descobre Oberman de Senancour nos Alpes. “Sus alas estaban húmedas, llena de ferocidad su mirada; buscaba una presa, pero a la vista de un hombre huyó con un grito siniestro, desapareció precipitándose en las nubes”.

“Su grito fue veinte veces repetido, pero con sonidos secos, sin resonancia, como otros tantos gritos aislados en el silencio universal”. Fole tamén, como Senancour, ve as aguias baixar dos cumes ás beiras do Sil na busca de alimento. Conta así un sucedido: “Un día saín eu a pasear porque facía sol. Era no mes de febreiro. Pasei pola beira do río, no alto do Sil, rodeando unha finca moi grande que teñen alí os Quiroga, onde collen un viño de doce grados, e vai e, de súpeto, vexo un aguiá maxestosa que baixaba e baixaba e que pasou por riba da miña cabeza”. Decía eu: “Que lle pasa a esta aguiá, seguro que está vendo algo que lle chama a atención. Poucas veces vira a unha aguiá voar así

tan baixo. Soamente unha vez, tamén alí, que unha se empotrara contra a alambrada dun galiñeiro e que se dañara moito”.

Fomos xuntos a unha cociña de Bretoña, en cuxa parroquia tiña a escola Paco Martín, para contar cada un seu conto na filmación dunha película francesa. A min impuxéronme un conto trágico, o máis trágico que coñecera, e a Fole un conto calquera. Fole contou o paso da aguiá pero engadiu a razón da súa baixada, era para coller unha serpe que saíra a tomar o sol e erguérase de xeito que se pon na punta do rabo, como din todos os que a ven. A serpe ventaba neve moi axiña, como lles informou a él e a Xosé Luis Quiroga, Manuel de Barreiro: “Dígolle a vostede que neva. Cando as serpes despertan ó sol do inverno é que neva, que vai vir moito frío. Nunca falla iso. E, como dicía Manuel de Barreiro, nevou ás poucas horas, ó anoitecer”.

Os sucedidos cos lobos, cos xabaríns, os relatos das visións de enterros e outros sucedidos dan pé para facer esas marabillas que son os relatos de Fole, escritor que se xunta ós veciños na feira, no mesón, na taberna; xúntanse e o seu comprender na vida e nas palabras das xentes é tan completo que todos o recoñecen veciño, pero veciño de sempre, e a cesión de verbas e xiros e de maneiras de vivir e de pasar o tempo, constitúen un fondo antropolóxico tan grande que por moito que gaste sempre quedan reservas.

Baixo as grandes cambotas das chamineas xurdiron as fantasías de moitos contos, outras fantasías ordenáronse nos pazos, nos camiños, nun vagón do tren ou sentado lendo un sucedido ou un capítulo dun libro interesante. Foi un gran lector de Valle-Inclán, de Ortega, de Miró e de todos os galegos ós que se foi achegando levado da man dalgún compañeiro, como Paco del Riego, que prologou o seu libro de contos, *Á lus dos candil*, que publicou Galaxia fai trinta e tres anos. Non parece alleo o pazo de Abrantes, casa rica con dúas parellas de bois e doce vacas e xatos, vinte ou trinta porcos castizos, cabalos, bestas e machos. A avenza era de máis de duascenas cabezas e dous mastíns o luscofusco, un branco e outro mouro, que se pelexaban co lobo. “Terra do Caurel, aspra e forte, de inxente beleza... Terra brava de lobos e águías; terra outa de fragas e devesas”, este é o escenario onde se desenvolven as escenas contadas por Fole.

Leva unha introdución, un limiar de Salvador Lorenzana e unha pequena explicación da terra e da xente que é “moi pouco cantareira, son cántigas tristeiras, vagarosas; recordan o chamado canto chao dos gregos”.

Hai en Fole unha dignidade nos seus escritos que serán sempre contos exemplares nos que vive a gracia sen verbas retorneadas. As súas descrições son dunha perfección que nos fai ver o lugar onde está o personaxe que case sempre é el; pode servir de exemplo a habitación no conto de “O espello”:

Noso cuarto era moi grande. Tiña dúas camas de pau de cerdeira. Tal vez se deitaran alí nosos pais facía moitos anos. Había tamén unha gran consola negra con dous parrulos con pés moi ben traballados. Tiña un espello con marco dourado. Nun curruncho, ardía unha *lamparilla* de aceite, diante da imaxe da Virxe da Soidade. E fronte ás dúas xanelas que daban ó xardín había outro espello, máis grande que o da consola, pois chegaba dende o piso ó teito. Tiña un marco de madeira negra. Fronte a el estaba a consola, cun gran quinqué de globo na mesa. Noutro curruncho do cuarto, outra mesa cunhas gavetas.

Doutro lado dos contos un ensino para ter maior seguridade, como pasa coa crenza de que o lobo non ataca os homes. No conto “Os lobos” no que sinala como é mentira canto se di de que non comen a xente. “O segredario de Caldas foi comido por eles cando volvía da feira de Viana. Algúns dixeron que o mataran para arroubalo e que despois o comeran os lobos; mais a dous centos metros de onde o comeran foi atopado un lobo morto coa gorxa afuracada por unha bala”.

“Aquiles días viran os pastores unha manada de dez cunha loba con tres lobecos. Era tempo de neve e baixaran da serra da Moá. Ó parecer, despois de esgotados os cartuchos, quixo subirse a unha árbore mais non puido. Alí estaba, o seu carón, o revólver con seus cartuchos baleiros no bombo. Era un bo revólver americano”.

Atacan ó home cando ten fame e cando vai un home só, e conta como fan para botarse a el “De primeiro acompañano; despois pónenselle diante; máis tarde, chéganlle a zorregar as pernas cos rabos... Así, pouquiño a pouquiño. Ven un intre en que o home xa non pode máis. O medo alporízalle os cabelos. Parécelle que lle cravaran arames na testa. Váiselle a voz, perde o sentido. Xa está perdido. Bótanse os lobos enriba del e esnaquízano”.

Os trucos dos ladróns que deixan na caixa dun morto o compañeiro para que prepare a entrada da cuadrilla e a maneira de descubrir o engano e a morte do ladrón na mesma caixa, ten unha emoción gradual perfectamente axustada a unha realidade quizais toda fabulada.

Estes catorce contos foron contados ou fabulados a carón do lume. Pero os contos poden ser contados na solaina, no patín da casa. Con tal relación está o libro *Terra Brava* ó que pon un interesante “Limiar” Domingo García Sabell. Son contos da bisbarra do Incio e Fole emprega a fala da comarca. Son os contos que sabe don Gasparo e xa cando van polo camiño, don Gasparo promete contarlle o máis curioso caso que lle pasou cunha rapaza, María Rosa, “o caso dista rapaza é dos máis curiosos que me pasaron no tempo que levo aquí de médico... Acórdame de que cho conte na casa despois de cear... Cada noite contareiche un conto, coma ós nenos. Empezarei por ese hoxe”. Velaquí esta colección de contos dun extraordinario valor por todo canto se desenvolve, temas, paisaxe do lugar, casa ou camiño. Homes e mulleres. O mundo real e o mundo misterioso. Todo é realmente marabilloso. Ben poucas obras terán para o lector tan fiel encantamento. O autor sentía maior satisfacción por este libro, segundo confesou moitas veces, que polos primeiros contos xa publicados. Ten ese engado singular de suporse protagonista o que dá ó relato unha total actualidade.

O día das Letras Galegas do ano 1981, o día 17 de maio, rematouse de imprimir o *Cartafolio de Lugo*. Trátase dun libro de dispersos, de páxinas moi queridas e postas agora en libro, cando van cento vinte e cinco anos da Fundación do Círculo das Artes de Lugo, patrocinador da obra, que deu a Fole moitas, moitísimas ledicias. Están nestas páxinas, curiosidades, sucesos, paseos con amigos, as horas nas rúas, nas prazas, na Biblioteca do Círculo. Humor, humor delicado, ese humor cuxos segredos comentaba con Celestino Fernández de la Vega. As poesías de Pimentel que Fole publicaba e os lectores eloxiaban, a música de Bal¹⁷, a coral lucense. A vida, elegantemente contada e agora en libro para ledicia dos lectores.

Ánxel Fole é un escritor que hai que valorar no idioma, nas formas delicadas nas que se impón a elegancia da vida na cidade e nos máis apartados lugares da máis afastada aldea. Con razón sinalaron seu nome para o Premio Nobel.

ANTONIO FRAGUAS (1986): “Ánxel Fole”,
Outeiro, núm. 21, A Coruña, pp. 53-55.

17. Refírese ao musicólogo lugués Xesús Bal y Gay.

XII

A vendima

Cos nomes de vendima ou vindima, nome derivado de VINDEMIA, coñécese todo o traballo da recollida da uva nos lugares onde se produce, alí onde hai plantacións de cepas ás que se adican terras especiais e, as plantacións, son obxecto de moitos cuidados. A terra, en socalcos para modificar a pendente, onde se aguantan as cepas con muros para soste-la terra. As zonas de cultivo deben ser atendidas con tres cavas: decrú¹⁸ ou vima ou arrendo¹⁹. E as cepas poda, atar ou rodrigar, este labor obrigaba no remato, en varios lugares do Ribeiro, á colocación dun ramo na viña onde se puña fin ó labor. Dende os comezos da vexetación era mester defender co sulfato e co xofre todos os perigos de xeadas. A poda pode facerse dende xaneiro e nos meses que seguen deica abril. O refraneiro sinala: “Poda en xaneiro, vendima no sombreiro; poda en marzo, vendima no regazo”. E cando o amo é bo, “poda en marzo e se é ren, poda en abril”. O refrán asegura: “Poda ben e terás boa vendima”.

Todos os viñateiros coidaron con verdadeiro agarimo as súas viñas, pois incluso lles cortaron follas alí onde vían que non entraba o sol para cubrir unhas piñas de acio. Ollou con emoción as primeiras uvas pintando; para descubrilas miraba decote para as silveiras polo refrán: “Amora madura pinta na uva”. A maduración varía bastante duns lugares a outros. Os primeiros acios lévanos nas mans San Roque e Santa Mariña. Pero son viñas favorecidas cun microclima. O viño está maduro, hai que vendimar procurando que non chova para que a uva non abra. Polo refraneiro: “Polo San Mateo vendima ti, vendimarei eu”. A festa de san Mateo é o 21 de setembro. Outros esperan ó san Miguel: “San Miguel das uvas, tarde vés e pouco duras”.

Lamas Carvajal reflexa nunha estrofa a grandeza da vendima:

Para quen as cousas de Galicia estima
un cadro arroubador e feiticeiro,
é o cadro que amosa unha vendima
unha leda vendima no Ribeiro.

18. Facer o decrú: dar unha primeira sachada ó millo. *Vid.* Franco Grande (1972).

19. Arrendo: segunda cava que se lle dá ós cultivos.

Un poeta costumista como é Lamas Carvajal interpreta a inquietude do viñateiro cando chega a hora de vendimar:

¡Que portentos, gran Dios, que fermosura,
aló por San Miguel ten o viñado,
para o labrador que vendo coa fartura
seu traballo premiar, móstrase ledó!
Mais non folga, abofellas, non sosega
ata que o día da vendima chega,
que non ve seu desexo ben cumprido
mentres non ten o viño recollido
fervendo dentro as cubas na bodega.

Un ribeirán, frai Samuel Eixán, define así a vendima en atención ás economías caseiras:

Es... la gran solución, firme, brillante,
del problema peor de la existencia,
que asegura al hogar pan abundante,
que a deudas atrasadas de solvencia,
que abre surco florido, coruscante,
a planes halagüeños de opulencia,
que, en fin, extingue alarmas y temores
y promete al vivir tiempos mejores.

En moitos concellos, co obxecto de que non se vendime verde, dan orde de poder vendimar.

Con orden do concello ou sen ela, por visión directa da viña, comeza o labor; aínda que ten as mesmas características, en xeral hai pequenas variantes. Falamos de antigas vendimas ás que baixaban ós ribeiros xentes da montaña, mozas e mozos, para gañar uns cantos xornais no traballo ribeirán, xentes que traen os seus cantos e lúcenos dende a mañá deica a noite. Así está contido nos versos de don Eladio Rodríguez:

As mozas alugadas
que cortan o caíño e o brencellau,
traen da montaña copras e tonadas
pra as cantar ufanadas
no país ribeirau.

O canto escóitase polos camiños e nas viñas; era unha das notas máis ledas das faenas do viño.

A condesa de Pardo Bazán describe as atencións que hai que ter disposta a comida e mosto: “Importaba que encontrasen a punto, en la bodega, la ancha vasija llena de mosto donde bebiesen a discreción los carretones²⁰, al llegar exhaustos de subir el pesado coleiro, o cestón henchido de uva por las cuestas agrias: importaba que el espeso caldo de calabazo, condimentado con sebo de carnero, las sardinas, arenques y el pan de centeno abundasen cuando los reclamasen el apetito devorador de las cuadrillas, a cuyo fin no se apagaba en el hogar de las vides, ni nunca se veían desocupados los calderos enormes donde hervía el rancho”. Non sei se esta era a comida de todos ou soamente a dos carrexóns e mais dos que pisaban no lagar ou na cuba, porque a uva ía para un lagar ou para cubas especiais onde se estrullaban as uvas, como indica frai Samuel Eixán:

De ahí salen rollizos los “pisonos”
que las uvas en cubas o lagares
han de estrujar: los recios mocetones
que a hombros llevar débense, payares,
los “culeiros” a oscuros bodegones,
y las mujeres que sudando a mares,
bajo un sol que en oriente a arder empieza,
roba a todas las vides su riqueza.

Para a vendima, como para case todos os traballos, sáese de mañanciña coas cousas que fan falla: gueipos ou queipos, vendimos, cestos de forma prismática bastante altos, e culeiros ou coleiros como lle chama dona Emilia. Tamén poden ir unha ou máis cestas grandes. Para cortar os acios levan coitelas, canivetes e ganchelas. Co nome de canivetes vai toda clase de navallas pequenas e ben afiadas.

O gueipo, o cesto pequeno de aro con gancho atado para colgar se é parra alta, e polo seu xeito e agrado no lugar, pode chamarse gueipiño como escribe don Ramón Otero Pedrayo: “Acordou Don Xosé María levar moita xente á viña do Vieiro; gostaba do balbordo das mulleres e do rebumbio da lagarada. Cando chegou á viña ollou a Bibiana, cos brazos nus apañando os vagos dunha cepa de caíño. Xa non se meteu polas parras e díxolle —“Coido que tes boa man para esta angueira, apañame un gueipiño d’acios brancos que morro coa sede”.

Dúas clases de uva están sempre representando o grandioso mérito señorial do mosteiro do pazo e da reitoral, é a fidalguía de moitas comarcas onde pode campar o escudo da viña con bordura e este alcume: “Brencellao

20. Carretón: home encargado de carrexar a uva durante a vendima.

e caiño os pais son de viño”. A poesía celébrao tanto como a prosa, xa citamos a don Eladio Rodríguez nunha das súas oracións campesiñas, e agora temos que mostrar o diálogo das excelencias da viña do tío Cibrao no verso de Lamas Carvajal:

—Non tivo mala sorte o tío Cibrao
con voz agasalleira di un dos mozos
non pode ser mellor o brencellao
mui ben debeu de lle poñer os pozos.
—¡Pois non che digo nada do caiño!
dille unha moza con acento brando,
penso que no Ribeiro vendimando
ninguén está como este viño.

O traslado da uva nos culeiros pode ter un camiño longo e entón remudan os mozos unha ou dúas veces. Os carrexóns, ademais da carga do culeiro cheo, aínda piden que lle poñan

rib’o cesto culeiro outro redondo:
axiña van polo camiño adiante
coa testa baixa, mais de présa andando,
e sostendo coa forza dun xigante
os cestos que de cheos van deitando.

A hora do descanso, as doce. Tocan as campás de todas as aldeas, tocan seguido ou repenican. Chegan coa cesta da comida á viña; paran de traballar e xúntanse ó redor da cesta, a cabaza do viño ou a bota, un pan de centeo, unha cazola grande de postas de bacallau e outra cazola de cachelos, de patacas cocidas. Comer con apetito e ledicia, e a cunca de viño que vai de man en man e de labio en labio, para que a comida corra.

Require atencións especiais as mellores uvas, as mellores das mellores, e de clases especiais, aquelas que se vendiman para facer “tostado”. Recóllese e vai para casa en cestos, endexamais nos culeiros, e non se leva nin a lagar nin a bodega, vai para o faiado si ten condicións ou para unha sala e cólgase, acio a acio, en dispositivos especiais que incluso poden ser codesos, segundo nos [di] frai Samuel Eixán, que coñecía porque se facía na súa casa:

Y expuesta a modo de trofeos de oro
en “codesos” muy largos, de alto a bajo,
limpia y luciente forma su tesoro.

Permanece varios meses colgada e día a día ten de ser vixiada para que chegue a ser pasa completa, pero san.

Esta uva tan selecta y preferida
por largos meses con primor cuidada,
mejor que en vano en néctar convertido

Unha das cepas vellas que son escollidas para viño tan importante é a treixadura, como nos informa don Eladio Rodríguez no seu relato da vendima:

Da loura treixadura
que sabe mesmo a gloria que é un primor
colle o viño tostado a súa dozura
e toda a súa melura
milagre de El Señor.

A condesa de Pardo Bazán comenta o traballo que lle daba a vendima ás familias, cando vendimaban as uvas especiais, por ter que colgalas: “Las señoritas de Molende, tenían que colgar por sus mismas manos la uva de su famoso tostado, célebre en el país”. Penso que pola gabanza que fai ó testado é o da súa casa, pois ten tal fama que se algunha veciña cando dá a luz ten inconvenientes van buscar ó pazo de Banga unha copa e, segundo o informante, resulta sempre remedio eficaz.

Non se debe esquecer a vendimia do Salnés, onde non hai socalcos; son terras cháns, vellas terrazas as que vai o carro coa tinalla e non se precisa culeiro porque pode ir na cesta, na mesma leira da viña, na tinalla. A mesma ledicia pero quizais con máis mozas que mozos, e o traslado no carro, das uvas para o lagar. Nada mellor que os versos de Cabanillas o poeta da vendima e do viño espadeiro. Namorado dos elementos da paisaxe escribe os seus versos vendo o castro e a ermida, os piñeiros e os remansos do Umia nas terras chans de viñedos e milleirais, e polo camiño vendimadoras e o carro cantando:

No carro vén a tinalla, cheíña a non poder máis;
detrás, as vendimadoras, a rir, collidas das mans.
O carro vén derradeiro, chirra que te chirrarás,
e por riba do rinchido rompe unha moza a cantar:
“Lévame no carro, leva,
carreteiriño das uvas:
lévame no carro, leva,
comerei das máis maduras”.

Cando desaparecen das viñas as vendimadoras, ven unha segunda vendima coñecida co nome de “rebusco”, feita principalmente por rapaces que andan percorrendo os viñedos e vendimando as chamadas

mentiras que quedaron, por non ser vistas, sen vendimar. En moitos sitios só de casualidade se fai «rebusco»; quedaban pros estorniños, paxaro amigo das pombas e das uvas que cada vez vemos que mingua o seu número. Eles eran tan vendimadores que había que pór unha rede cubrindo as cepas ou escorrentándoos con espantallos de barullo. Os viños de Galicia comezan unhas xeiras novas e dese xeito seguirá habendo as máis ledas vendimas.

ANTONIO FRAGUAS (1987): “A vendima”,
Outeiro, núm. 26, A Coruña, pp. 66-67.

Don Ramón, o xeógrafo das paisaxes

Don Ramón Otero Pedrayo foi un dos grandes mestres da xeografía que explicou doadamente o concepto de paisaxe xeográfica, combinación dos variados factores do releve, vexetación, clima, traballo humano, fauna e camiños, todo dentro duns horizontes determinados. Con esta liña conceptual podemos amosar as características da paisaxe de Galicia sinalando as diferenzas que existen con outros países semellantes.

Foi don Xosé Fernando Filgueira Valverde quen puxo de manifesto o sentimento da paisaxe nos cancioneiros, escollendo “A paisaxe no Cancioeiro da Vaticana”, que publicou no boletín *Nós* no ano 1927. É curioso observar como o tema do verso de Xoán Airas é o castiñeiro, o souto de Crecente:

Polo souto de Crecente
unha pastor vi andar
muito alongada da xente,
alçando a voz a cantar

O souto ten un valor grande na paisaxe galega pola fermosura da árbore, o valor da súa madeira e riqueza da castaña como alimento mentres tanto non veu a pataca. Pero hai unha valoración para os namorados que reconece o cantigueiro popular con certa malicia:

Debaixo do castiñeiro
dá gusto parrafear
pois ten a folla moi pecha
non deixa entrar o luar.

Forman na mesma teima paisaxista as aves co seu revoar en busca de refuxio para descanso e axiña començar a rebusca cotián de alimento cando no horizonte brillaba a forte lumieira do arraiar do sol

E as aves que voaban
quando saía la albor
todas de amores cantaban
pelos ramos de arredor.

Don Ramón esculca na aparición da paisaxe romántica e lembra a Jacobo Thomson, o xoven escritor inglés que escribe as catro estacións como Valle-Inclán, que aparecen por esta orde: “O inverno”, publicada en 1721, e, ó comprobar o éxito atanguido, publica “O Vran”, “A Primavera” e “O Outono”, e compróbase a paisaxe; nelas “choutan as cachoeiras, galga o mar cara ós cons, baixa o ceo neboento sobre os bosques saloucantes. O sensualismo inglés tiña descuberto a natureza nun senso activo. Xa non era unha decoración, senón unha chea de personaxes”.

Outros escritores veñen aumentar as figuras que criaron o sentimento da paisaxe como o suízo Alberto Von Haller, que no seu poema “Os Alpes”, borra os medos dos camiños alpinos, e o tamén suízo, o poeta Salomon Gessner, cuxos poemas en versión francesa foron comentados en toda Europa. Como exemplo das paisaxes románticas sinala un anaco literario de Lamartine do 1815, e outro de Marcel Proust do 1890, como *memorandum*, despois de indicar que a firmeza da comprensión da paisaxe e a interpretación romántica “chegou moi logo e seguiu idéntico a si mesmo. Todo veu do Norte: os cemiterios de Young, a Idade Media de Walter Scott, a marcha ou a estadea dos mortos de Burger, o satanismo de Byron”. Todo incluído no traballo “Notas encol da paisaxe romántica”, *Nós*, 1927.

No ano 1928, formando parte nada menos que do número dous da Biblioteca de Estudios Gallegos, que dirixe en Madrid Álvaro de las Casas, publican o traballo de Otero Pedrayo *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*, con prólogo de don Pío Suárez Inclán. O libro, escrito en castelán, é unha das mellores obras de don Ramón dentro dos traballos de xeografía de Galicia. O primeiro capítulo é un estudo da paisaxe xeográfica, o concepto e as verdadeiras liñas que o determinan o mesmo que o seu afloramento nas diferentes etapas da historia. “A característica esencial consiste en comprender a paisaxe como un dinamismo en dous sentidos: o xogo dos axentes de erosión, da luz e da calor na súa acción sobre o relevo, o tapiz vexetal e os establecementos humanos, xuntamente coa acción destas nas súas variadas formas, e por outra parte os diferentes aspectos que reviste a paisaxe segundo o ritmo das estacións”.

Comeza describindo a paisaxe, unha paisaxe como exemplo, o que se descobre dende o lugar de Cima de Vila, na parroquia de Trasalba. A observación ten os lindeiros nos horizontes (término que Vidal de Lablanche quere que se chame *scenerie*, neoloxismo sacado do inglés), pero o punto primeiro de observación é a solaina da súa casa, o primeiro

que facía don Ramón era mirar as diferentes coloracións dos liques. Nos lonxes do horizonte, as serras cun aspecto que semella estar sen ningunha vexetación. É un gran engano porque están cubertas de *maquis* de xesta e toxo. Hai que variar moitos conceptos motivados polo cambio estacional. Predominan as formas redondeadas e os penedos e laxas de granito, material do que están feitas todas as casas, os cerros dos agros, os muros de contención de terras e as lindes das parras. As areas do granito repousan nas pequenas chairas que se forman nas encostas e nos remansos dos vales que xuntan as augas nun regueiro, máis ou menos preguizoso, transportador do labor erosivo dos ventos nas cúpulas montesías.

O home no centro

Unha visión de Galicia nas parcelas naturais, nas grandes comarcas lucenses, na rexión cantábrica, a orla de Ortigueira, as Mariñas, os diferentes vales dos ríos Tambre, Ulla, Sil e Miño, as terras de Montes, Camba, Deza e Trasdeza, as Rías, son modelo de exposición xeográfica de Galicia. Pero a paisaxe ten un centro: a vida do home, e aí están a parroquia, núcleo clásico de toda a nosa terra. A parroquia abrangue todos os lugares que dan forma ó conxunto: parroquia ou aldea, término que moitas ocasións pasa a lugar; aldea debe ser o conxunto de lugares, un ou máis, que forman unha parroquia de Loureiro, non aldeas de Loureiro. No libro de Otero Pedrayo, despois da parroquia ven o estudo das vilas, das cidades e importantes itinerarios de Ourense a Santiago, de Amoeiro a Carballiño, de Carballiño a Silleda, de Silleda a Ponte Ulla e de Ponte Ulla a Santiago; e remata cunha interpretación artística da paisaxe galega.

Unha visión de Galicia nas parcelas naturales, nas grandes comarcas lucenses, na rexión cantábrica.

No número do mesmo boletín *Nós* 105 (15 setembro 1932) publica: “Encol do elemento animal na paisaxe”, tema sistematizado por primeira vez xeograficamente. “O elemento animal, escribe Don Ramón, fica o máis esquecido de todos os que nas diferentes combinacións integran a paisaxe. O máis fuxidío. O apenas sinalado. E non porque os animais non sexan tema constante das meditacións”. Non podemos prescindir dos animais na paisaxe, moitas veces testemuñas de determinados fenómenos como as gaivotas no Ulla pola represa do porto de Mouros, o paso por Santiago co seu voar característico, elemento novo que fai anos era coñecida a súa presenza por un mal tempo no mar. A estampa dos animais

domésticos, as greas no monte con gran efecto artístico cando sestean en circo e o cabalo como gardador do grupo fai uns percorridos ó redor do circo. As vacas pacendo nunha restolleira, as cabras en distintos planos na pendente montesía e ata as galiñas na veiga da porta ó redor dun galo que as chamou para que veñan comer as frangullas que lle botaron.

O pasado ourensán

En 1968 publica en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXIII, un belísimo estudo titulado “Paisajes, formas y ritmos de vida del Ourense decimonónico”. É a estampa do pasado ourensán do que pouco debe quedar nos nosos días. Escollemos un parágrafo de árbores de soma: “Los grupos de castaños y de robles lucían frecuentes y densos. Recordemos de los primeros los inmediatos a las graciosas colinas del Castel Ramiro y Rabo de Galo; de las robledas, la espesa y hermosa de Las Caldas que llegó casi entera al siglo actual, fondo de la romería de Santiago. Árboles de frondas marcescentes formaban el bosque extenso y profundo adaptado a las duras cuevas de Piñor y santa Ladaña, sobre Ervedelo, se encontraban cerca del Miño y en las fincas de valle del Lonia”. Matizados deixou don Ramón o influxo dos novos camiños. A estrada e o ferrocarril constitúen a nova cidade que se ergue na estación, nas terrazas do Miño, na marxe dereita do río. A ermida, a fonte do Picho e a alameda do Cruceiro, tiveron o seu paseo de grandes olmos, pero todo se foi transformando polas novas edificacións, tratado todo con inigualable mestría por don Ramón.

Don Ramón, que naceu o día cinco de marzo de 1888 e finou o día 11 de abril de 1976, deixaba unha serie de folios con notas de xeografía, de historia e de ensaio, e como merecida homenaxe publícase en *Cuadernos de Estudios Gallegos* un traballo cumio sobre da paisaxe galega titulado “Temática y estilos del paisaje natural en Galicia (*Cuadernos de Estudios Gallegos*. T. XXX-1976)”. Como exemplo podemos recoller o final do traballo que corresponde ó curso final do Miño: “El río Louro, bordeado de ricas tierras, en franja intensa lateral, declara una formación moderna, sedimentaria. Hay sin duda una belleza y por tanto una estética geológica. Se piensa en la posible y fantástica ría por los grandes aluviones del Miño colmada. Estas hipótesis generan un método de observación y precisión de los paisajes. Desde Tuy y Valença, un fino caso dual de la flexión geográfica, el río fluye entre finas alamedas y saucedas, a veces dejándose emperzezar en largas islas transitorias con sus verdes manojos de hierbas fluviales, gozándose al final en pugna de viejo héroe deportivo con la

salada y fatal marea, en el juego de crear, olvidar y recrear bancos arenosos que apenas dorados por el sol vuelven a la indeterminación de las aguas. Arenas del reloj contador del tiempo del río, que al callar su voz sueña con las fuentes innumerables atraídas a su poético labor. Preside el santa Tecla, pagano y penitencial, un “Facho” como en el umbral de una total transposición de los paisajes gallegos en devenir de puras, transparentes, nunca terminadas imágenes”.

Admirable, maxistral e creadora está sempre esta rama da xeografía nas páxinas das obras de Otero Pedrayo, moi ben podemos dexergalo nunha páxina de *Os camiños da vida*, no tomo segundo correspondente a “A Maorazga”: “con emoción conforme rubían a costa advertía o traballo cantareiro das augas. Viñan dos chaos de centeeiras, foran nadas nas penedías de outeirais e agora chamaban unhas polas outras para se debrocaren todas xuntas en fíos cantareiros polas laxes e empedrado. Abaixo a fofa néboa debuxaba a masa e o contorno dunha ría enchendo o val do Miño. E dela saían ceibes, gloriosos de sol os primeiros cotos das encostas. Reinaba na costa e nos chaos unha serenidade emocionada como si as terras quixeran aproveitar cun silencio afervoadado, só cruzado por berros de pastores, o serán curto de Nadal. Nas quebradas algunhas grandes carballas gardaban toda a follaxe dunha cor rara, mineral, coma si estiveran vestidas cas rosas do solpor”. Misterioso horizonte paisaxístico con néboas repousadas, trilladas por luces de invernía no serán curto que baixa para noite decembríña, despedindo raxeiradas que traen as noites de vello fiadeiro, fría, de xeadas, de campos brancos como de neve. Don Ramón é o gran creador deste novo concepto xeográfico.

ANTONIO FRAGUAS (1988):
“Don Ramón, o xeógrafo das paisaxes”,
Outeiro, núm. 28, A Coruña, pp. 34-36.

Castelao e o Seminario de Estudos Galegos

Quero deixar constancia, en primeiro lugar, de que a maior parte do que imos dicir aquí foi publicado por don Xosé Fernando Filgueira Valverde no folleto da exposición do Instituto P. Sarmiento de Estudios Galegos, que foi o número 30, e celebrouse no ano 1975 e nun artigo titulado “Castelao e os Estudos Galegos”, publicado no *Faro de Vigo* do 28 de maio de 1984. En segundo lugar, tamén os papeis que se gardan no Instituto P. Sarmiento que nos permiten coñecer a colaboración, o seu traballo e o cariño que puña no que facía.

O Seminario de Estudos Galegos xorde en Santiago de Compostela por un escolleito grupo de mozos, estudantes estudosos, con grandes inquietudes por canto se podía atender e atanguer nos estudos de Galicia, labor constante que precisa adicación tan intensa como desinteresada, coa ilusión de seguir os devanceiros, os bos e xenerosos por canto son eles faro que guía a luz que alumea todos os camiños da vida. Os anhelos fixéronse realidade o día 12 de outono de 1923, con motivo dunha excursión ó Castro de Ortoño e á casa lugar onde pasou os primeiros anos da súa vida Rosalía de Castro. Ese día un grupo de universitarios dos que por fortuna inda viven don Luis Tobio Fernández, don Xosé Filgueira Valverde e don Ramón Martínez López, estruturaron o que debía ser a nova agrupación de estudo. O pasamento tomou o seu camiño poucos días despois na casa de don Armando Cotarelo, onde se fixo o regramento, e quedou nomeado presidente don Armando Cotarelo Valledor.

O nome de Seminario como sementeira tiña un gran prestixio dende a fundación das Sociedades Económicas, e sobre todo polos estudos organizados na Institución Libre de Ensinanza. O Seminario respondía a unha inquietude sentida en toda Galicia, como demostra a formación da Sociedade da Lingua por un grupo de estudantes de Bacharelato do Instituto de Pontevedra, onde ensinaban Castelao, Antonio Losada e Ramón Sobrino. Pero o Seminario de Estudos Galegos foi como un imán que atrae á intelectualidade de toda Galicia e de fóra de Galicia.

Os homes das letras e das ciencias de toda Galicia aceptaban con gusto a proposta de membro, e axiña cumprían o precepto estatutario de ler o seu correspondente discurso de ingreso.

Castelao tivo coñecemento da fundación do Seminario no despacho de don Antonio Losada e mostrando o seu entusiasmo publicou no xornal *Galicia de Vigo*, que dirixía Paz Andrade, un debuxo dos profetas do Pórtico da Gloria co texto de Isaías: “O pobo que andaba en escuridades veu en vos gran luz; ós que vivían en terra de sombras e de morte, a luz resplandeceu sobre eles”. (Isaías 9,1).

Cando puxo este texto, sen dúbida, meditou moito, e moito máis recordaría co tempo, os números seguintes que falan da vara do tirano, da bota que taconeia e do manto ensanguentado que entristece os espíritos. Fixo tamén o debuxo do selo, do cuño que tiña de principal o Graal coa Pomba e as cinco cruces, rodeado por dous círculos concéntricos. No exterior a lenda: Seminario de Estudos Galegos, e, separado entre dúas cunchas xacobeas, Compostela. No círculo interior: “Devs scientia Fratresqve Gallaetiae”.

O día tres de novembro de 1923, celebrou o Seminario a segunda sesión, na que leu o seu traballo de ingreso don Xosé Filgueira, e foron elixidos membros do centro: Castelao, Vicente Risco e don Antonio Losada Diéguez.

O ingreso de Castelao coincide co de Lago González e ante dous personaxes de tal categoría, Filgueira titula o feito como: “a meirande solemnidade do Seminario.

Entre moitos actos que organizou coido que ningún tivo, sigue dicindo Filgueira, meirande relevo que o do ingreso no que se axuntaron dous nomes egrexios: o de Arcebispo Lago e o del.

A acta redactada por Lois Tobío, di deste xeito:

XIX Sesión. Extraordinaria, o día 4 de maio de 1924, no salón de actos da Sociedade Económica de Santiago, ás doce da mañá, inaugúrase a exposición de debuxos e acuarelas de Castelao, baixo a presidencia do noso señor Arcebispo de Santiago, don Manuel Lago González.

Leu primeiro o seu traballo de ingreso don Alfonso Rodríguez Castelao, “O Novo Espírito”, tras unhas verbas limiares do Presidente, Dr. Cotarelo, nas que ofrendou ó señor Arcebispo a Exposición, nomeándoo Presidente de Honor.

Tomou logo a verba o Dr. Lago, e dixo moito, bo e grande, comenzou con aqueles versos de Añón:

¡Ai, esperta, adourada Galicia,
Dese sono en que estás debruzada!

E logo percorreron toda a exposición vendo con detemento as obras de Castelao.

O traballo de Castelao lido é o fermoso texto co título “A carón da natureza”, figura como pórtico no comezo de *Cousas*.

É no intre en que a terra, para se durmir, vaille virando as costas á luz e fume das tellas, mesto e leitoso, vaise espaxando no fondo do val. Non é cousa doutro mundo pintalo que ven os ollos, que serán comestos polos vermes; pero na paisaxe hai máis cousas que fitar, pois naquel muíño cantareiro dous namorados danse o primeiro bico e naquel pazo do castiñeiro seco ouvean os cans.

Dende o adro dunha igrexa ollamos o val afundido na choiva. A auga que cae a fío aplaca o fume azul contra as tellas brillantes dunha chousa. Os camiños están cubertos de lama e un vendedor de cobertores pasa cabaleiro na súa besta ferrada. Velaí o cadro dun pintor; pero aínda hai máis na paisaxe, pois tocan a morto no campanario da Igrexa e o son é tan amargo coma se batesen a campá coa mesma cabeza do morto e non adiviñamos en cal casa do lugar hai desgracia, porque todas, todas, están tristes.

Noite de luar. Na beira dunha encrucillada de lenda un cruceiro ten a rente de si a mesa de pedra onde pousan os mortos para botarlle o responso; por entre os piñeiros amósase a ría maina, a lúa está pendurada da póla dun pino. O pintor ten que evocar algo máis que unha visión, pois na mesa de pedra do cruceiro, aquela mesma tardiña, pousaron o corpo morto dun rapaz que veu do servizo; por aquela congosta vai un estudante de crego cavilando na moza do pano que lle roubou a vocación. E ó lonxe cantan un alalá.

Mañanciña de domingo. Os montes de lonxe teñen azuis de Patinir; as xestas e os toxos poñen as súas manchiñas amarelas na divina sinfonía verde da paisaxe para un artista, pois nunha póla daquela maceira o merlo de Guerra Xunqueiro, “lucidío e xovial” aínda, agarda polo da aldea para darlle os “bos días”; choveu onte, as campás da Igrexa repenican unha muiñeira e polos carreiros das veigas de acolá embaixo as formiguiñas negras e roxas veñen á misa.

O tempo engalanou cunha tona de ouro e pranto o vello castelo feudal; os escravos do fisco sachan o millo nas leiras; entre os salgueiros sombrizos do fondo do val avístase a fouce do río. O sol bate no lombo da terra. Todo está disposto para pintar, porque todo é regalía dos ollos; pero na paisaxe hai máis. Hoxe é véspera de San Xohan, arrecende a colo de nai, cantan os grilos e o vento morno tráenos de lonxe o son dun bombardino. Mañá lavarémonos con herbas arrecendentes.

Anoitecía. A silueta negra dun pino debuxábase no azul escuro do ceo. Todos sabedes que na primavera os pinos botan milleiros de velas, collendo así o aspecto de candeeiros xigantes. ¡Cantas veces sentimos desexos de acender as velas dos pinos! Pois ben; preto do meu pino acertou pasar o Viático aldeán (o crego, dous rapaces, catro mulleriñas que van rezando) e ¡Ouh milagre! O irmán pino, sentindo momento relixioso e en homenaxe á Sagrada forma, acendeu as súas velas, que estiveron acesas namentres o Viático non se perdeu na revolta do camiño.

Un día de Nadal, ollando unha paisaxe que imitaba un Nacemento, decateime de que hai máis fermosura nas floriñas dos campos que nas flores de xardín. As floriñas ventureiras que nacen nos campos parecen creadas polo Bosco ou por Brueghel *o vello*, namentres que as flores foulentas de xardín semellan os encoros manteigosos de Rubens. Dende entón eu quixen ser un ventureiro das letras.

A exposición tiña as láminas que figuran no álbum *Nós*, pero por mor da censura Castelao tapara os letreiros e un deixaba ver por transparencia o diálogo. Era o das dúas meniñas que teñen esta preocupación.

—¿Qué comerá o rey?

—Comerá... comerá... sucre.

Co gallo da exposición facíanse sempre conferencias, aquí, na de Santiago, leron os seus traballos de ingreso no Seminario don Salvador Cabeza de León, don Antonio Losada Diéguez, don Ánxel del Castillo e don Manuel Lugrís Freire.

No curso seguinte fixo Castelao a parte literaria do remate do curso nos fins de maio. Leu o primeiro conxunto de *Cousas*, que reseñaba a prensa como contos breves, orixinais e ilustrados con debuxos de gran mérito. “La lectura de estos cuentos, dejó en el ánimo de los espectadores una estela de singularidad y belleza exquisita”. O cronista recoñece o delicado

humorismo de Castelao “muy de raza selecta y depurada”. E inda engade “Son sencillos y por eso el acento psicológico de sus personajes aparece más acusado y más brioso y virgen. Son breves como parábolas, pero encantadores como consejas nuevas dichas por labios adorables de una *fada* legendaria que conserva pristinidad de los rudimentarios, del génesis de las razas y de los pueblos”.

Así formou Castelao o primeiro libro de *Cousas*, con dezaoitto estampas que se editou entre os primeiros libros, entre os que cabe destacar *Hostia*, de don Armando Cotarelo e *Na noite estrelecida*, de Ramón Cabanillas.

Era Castelao un modelo de cumpridor e non faltaba nunca ó seu traballo, e así, no curso 1926-27 presentou o deseño de dous bonecos vestidos á usanza da comarca de Santiago con destino ó Museo Etnográfico. E no ano seguinte leu o seu traballo o día 21 de abril, celebrando así o día da “Festa da Prosa Galega”, traballo que se titulaba *Retrincos de carne*, que serían publicados máis tarde só coa primeira verba: *Retrincos*, fantasía con realidade da súa vida.

Pensionado pola “Xunta para la Ampliación de Estudios” foi percorrer as terras de Bretaña onde sen descanso debuxou momentos prehistóricos cristianizados, cruces illadas, cruceiros como os nosos e calvarios impresionantes. A pouco de chegar de volta á súa terra, pasou notas e debuxos a limpo e púxose en comunicación con don Salvador Cabeza de León, xa presidente do Seminario, informándolle: “Xa din remate ó meu traballo encol das cruces na Bretaña. Non é un traballo moi longo, pero levará moitos debuxos, que xa están feitos. Dígame cando podo ir a Santiago para lelo no Seminario. Sería convinte que non fosen moitos... Resulta dificultoso amosar os debuxos a todos con oportunidade, estando lendo. Uns cantos amigos ó redor dunha mesa e todo sairá ben, pois o traballo pode resultar unha lata... Como eu non dispoño de cartos soamente poderei publicar o meu traballo contando co Seminario. Non sei o que custaría o conto; pero quizais non sexa moito, pois os debuxos, a liña e o fotogravado non pode ascender a moito máis que unhas cincocentas ou seiscentas pesetas. Se o traballo lles parece digno de ir á imprenta e houbese cartos, non estaría mal publicalo deseguido, pois entre tanto pode aparecer un libro alá na Bretaña e o meu traballo pode ser xa reseso... A miña primeira intención era publicar un libro encol dos cruceiros galegos e nese libro falar dos cruceiros bretóns; pero aínda cómpre traballar un pouco máis aínda na cousa dos cruceiros nosos e cando publicase o tal traballo xa tería en que afincarme para facer comparacións. Estou a súa disposición e non ten máis que avisarme”.

O libro *As cruces de pedra na Bretaña* loce na súa portada selo do Seminario, e, debaixo, a modo de pé de imprenta: Seminario de Estudos Galegos. Santiago de Compostela. 1930.

Ernest Rivière en *La vie Rennaise* correspondente ó 25 de outono do mesmo ano adica un eloxioso artigo ó traballo de Castelao, detallando conceptos percorridos e debuxos do autor. E para informar debidamente dos tempos daquel momento diremos que o libro custaba a astronómica cantidade de tres pesetas, segundo vemos por un recibo de depósito feito na librería Porto, onde deixan os do Seminario dez exemplares ó prezo de tres pesetas exemplar e conceden ós libeiros o vinte cinco por cento, de xeito que ó Seminario quedábanlle dúas pesetas e un real.

Foi no Seminario un colaborador constante e adicou unha atención especial ó estudio das Cruces de pedra en Galicia nas xeiras que facía o Centro. Nas súas verbas limiares que escribe no libro: *As cruces de pedra na Bretaña*, sinala esa gran preocupación que levou deica o remate da súa vida expresándose desta maneira: “Dende fai bastantes anos veño recollendo materiais para un próximo libro encol dos cruceiros galegos, cavilando sempre nun afastado estudo comparativo das cruces de pedra dos Fisterres, que virá cando se coñezan ben por separado”. As tristezas da guerra civil española afastaron materialmente a Castelao da súa Terra; deixaba un interesante labor feito que comezara en Pontevedra e continuara no Seminario onde o dirixe a “Sección de Arte e Literatura”, na que organizou edicións, mostras, lecturas... Participou na iniciativa da primeira Festa da Lingua Galega no ano 1925, promóveo a da “Poesía Galega” no ano 1926, a “Festa da Prosa” no 1927, e tivo unha acción moi sinalada nos exemplares “Cursos de Extensión Escolar” celebrado en Pontevedra en xullo e agosto de 1935.

Estes son os datos que publica don Xosé Filgueira Valverde, pero engade: “Tamén traballou cas outras seccións. Para a de Historia dispuxo o Catálogo de Labras Heráldicas de Rianxo que publicaría con Bouza Brey. O arquivo Gráfico tributou con debuxos feitos nas “xeiras”. Ca de Etnografía e Folclore, na recollida e anotacións de paralelos e de mencións da peregrinación compostelán ou refrendas bretoas. Na de Ciencias Aplicadas que dirixía Gómez Román, sobre a construción tradicional e as chamadas “artes industriais”...

O Seminario non puido realizar a gran idea de facer a publicación de *As cruces de pedra na Galiza*, como publicara *Corpus petrogliphorum gallaeciae*, de Ramón Sobrino, e estaba imprentándose ou xa impresiona

súa maior parte o *Liber Sancti Jacobi* Códex Calixtinus, segundo a transcripción de Walter Muir Whitehill, e acordara na derradeira xuntanza do ano 1936, derradeira xuntanza do Seminario, a publicación da obra de Castelao, segundo refire a nota aparecida na prensa, que indica o desexo de editar axiña “el formidable estudio realizado por Castelao, en torno a los cruceiros de Galicia. Tanto en el aspecto de la investigación como en el de la ilustración, se trata de una obra maravillosa. El Seminario no regateará sacrificio a fin de que la presentación corresponda, en lo posible, al valor del trabajo”.

A ilusión quedou truncada pola guerra e as súas consecuencias. *As cruces de pedra na Galiza* imprentouse en Buenos Aires, e Castelao tivo nas súas mans os primeiros folios impresos, e naquel intre o seu pensamento, seguro que vexo percorrer uns camiños aldeáns na campaña dos membros do Seminario, para tornar axiña á noite de Buenos Aires e pasar as derradeiras horas da súa vida ó lado de Virxinia, súa dona, e dos grandes amigos que se atopaban naquela cidade. Foi a derradeira xeira do Seminario de Estudos Galegos.

ANTONIO FRAGUAS (1989): “Castelao e o Seminario de Estudos Galegos”,
en Justo Beramendi e Ramón Villares (eds.),
Actas Congreso Castelao (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986),
Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
Servizo de Publicacións, vol. 1, pp. 43-48.

O que eu sabía das serpes

O fuxir das serpes

Sempre me dixeron que unha serpe para fuxir, nunha baixada, que, mordendo o rabo, facía unha roda como a da bicicleta que rodaba a vontade, parando onde lle parecía. Tivemos ocasión de ver unha fuxindo pola ladeira dun coto nos montes de Penabadeira, no coto do outeiro de Moimenta.

Era unha cobra moi longa, tanto que a primeira vista pensei que eran dúas, e tratando de matalas collín unha pedra, laxa, e tireilla pero un marco que non se vía na toxeira fixo ponte e apenas a feriu. Saíu dos toxos onde estaba case colgada e meteuse por detrás dunha fenda, por tirarlle a primeira pedra deu volta e tireille a segunda; non lle deu golpe a pedra pero as areas que levantou feriron o corpo da longa cobra que saíu para un pequeno campo formando un círculo e movéndose rapidamente en zig-zag, saltou de pedra en pedra, a un campo desfixo o seu redondel e meteuse polo medio dunha toxeira de toxos grandes por onde podía moverse ben. Nunca máis vin outra nin me dixo ninguén que as vira. Debo dicir que produce unha impresión desagradable, moverse coma unha roda, pero a roda moveuse horizontalmente en zig-zag.

O mal da serpe

Chámanlle de varias maneiras, mal da cobra, mal do veneno, e cóllese por ter pasado sobre da camisa unha cobra pola parte de dentro e por ir pegada ao corpo comenza a inchar a pel formándose un vulto alongado que medra por un extremo. A xente pensa que se se fai a circunferencia fórmase unha serpe real e verdadeira que remata ocasionando a fin da persoa. Velaquí como se combate.

Recítase a fórmula para facer desaparecer o vulto:

Pasei a Ponte Pontón
uns pasaron e outros non
Todos van dicindo:
este é mal de culebrón
Azoutar, azoutar
para que non poida medrar
dálle con aceite de oliva
e guedello de ovella viva
para que non creza
nin alteza,
nin xunte o rabo coa cabeza
con gracia de Dios
e da Virxe María
un Padrenuestro
e un Ave María.

O hipnotismo da serpe

A serpe colle as súas vítimas coas que se alimenta, lagartos, sapos e ras, troitas, bechos de auga, ratos e paxaros pequenos. Para poseelos procura hipnotizar o ser que ten cerca, e cada pouco e pouco vai acercándose deica botarlle os dentes. Entre mentres dura a fase hipnótica non se distrae con nada, podes tirarlle pedras que por moi cerca que caian non interrompe a súa conquista. De rapaz, un compañeiro e veciño, Ricardo Vidal, cando vía que un miñado paraba no aire dicíanme que podía estar así atraído por unha serpe e conseguiríamos libéralo se puidésemos pasar a vara do gando paralela á terra cortando a liña do miñado á serpe, desfáciamos o poder de conquista que usaba a serpe, e quedaba libre o paxaro.

Don Armando Cotarelo Valledor mostra semellante poder en *Lubicán* con estes versos.

Tal que o miñado fita a pomba
lle fai estemexer
cal o paxaro que a serpente comba
sorbe ollando tamén.
Asé ti, infistoso negrumante
me fas entolecer.

O miñado non baixa atraído pola serpe, pode ser el o que, descuberta a serpe, baixa en picado e crávalle estratexicamente as uñas para matala e comela.

Algunha vez a cobra non é capaz de comer o paxaro conquistado. Observamos unha rula morta no niño. A cobra lograra durmir a rula a pesares de ser un paxaro que levanta o voo axiña, neste caso presumo que a cobra estaba na beira do niño e a rula non se decatou dela que conseguiu privala do instinto de fuxir. Conseguiu engulir a cabeza e o pescozo pero non puido pasar ó estómago as alas que formaron a cruz que non foi capaz de esmagar e gomitou o que comera.

As ras ó ser mordidas teñen uns laídos clásicos sempre iguais e gardando unhas distancia non moi separadas.

Un dos animais que foxe e busca un refuxio aínda que sexa humano e, o lagarto arnal. Hai a lenda de que é inimigo das mulleres e amigo dos homes. Os feitos mostran que a muller usaba as saias ata os martelos e o lagarto buscaba un refuxio subindo polas pernas e se a muller non tiña unhas bragas era capaz de esconderse na vaxina. Os homes están durmindo a sesta deitados á beira dun penedo, ou dun muro, sáltanlle á cabeza, din que é, para despertalo, e que mate á cobra, a serpe que debe estar cerca. Temos visto como buscan a defensa meténdose nas casas, se están preto.

É moi corrente a crenza de que as cobras cando se meten no río deixan o veneno nunha pedra e ó saír volven a collelo, como un líquido, como se fora cuspe.

Temos tamén oído que as serpes asubían e hainas con crista; non as ouvimos asubiar pero si erguerse e fungar, bastante alto. Tanto que baixando por unha pouleira soprou unha a uns dous metros de distancia e ergueuse uns vinte centímetros sostida nuns aneis de como estaba enroscada e botando a lingua soprou unhas cantas veces sen chegar á nota do asubio, pero ouvíase doadamente.

Nalgúns lugares pensan que matan co alento. Así o indican os versos de Curros Enríquez:

Ten a serena o canto
e-a serpe o alento,
o lago ten a onda
Dios ten o Inferno.
Ti tes de abondo
co que tes escondido
neses teus ollos.

Estamos na crenza do Basílisco é unha serpe que ten a súa orixe nun ovo que pon o galo cando vai vello. É unha serpe que mata coa vista, pero mata a moita distancia. O P. Feixoo comenta no tomo segundo do *Teatro crítico* este fantástico animal que mata con só ver ou con asubiar.

Xerome Mercurial di que viu o cadáver dun basilisco entre as cousas raras que había no gabinete do emperador Maximiliano, e segue Feixoo citando a levino Lemnio (de *Ocultis naturae miraculis*, lib. 4; cap. 12) dá a noticia que en Saxonia hai un xénero de serpenzuelas, semellantes na figura, pero moi inferiores na pezoña, ó basilisco. As do país cando as topan mátanas sen temor ningún. Podería ser unha destas a do Museo de Maximiliano.

Gaspar de los Reyes, escribe Feixoo, citando a un tal Porta, a quen cualifica de *Colega del Sacro Palacio*, di, que estando Alexandro do muro enfronte do exército matou coa vista moita xente de modo que había día que “vibraba de sus ojos” e morrían douscentos soldados.

En Galicia hai os ditos, “ten un xenio que parece un basilisco”, “aínda é peor que un basilisco”. Pero podería ser unha serpe grande e vella con crista indicando o lugar de vida dun monte de toxal moi grande ó que non lle agradaba ir no verán e non ían máis que no inverno.

Feixoo comenta que é ben sinxelo comprender que, por moitos ovos que poña o galo, non sae nunca un basilisco porque se tal ocorrera non habería máis que basiliscos no mundo porque terían dado morte a toda a humanidade.

Hai outros seres que maten se o ve unha muller e non maten se o ve un home e cita como de máis categorías a Catoblepa, que mata a mil pasos de distancia.

As serpes cando chegan a vellas marchan todas para Babilonia e por iso din: “Para Babilonia vou, malia quen me veu de nova que me non matou”.

Hai moitas lendas de atencións coas serpes. Contan que un rapaz sempre lle daba leite a unha cobra, e cando chegaba o lugar asubiáballe e a cobra viña comer. O rapaz foi mozo e un día volveu polo lugar e asubioulle á cobra e saíu e subíuse a el con gran ledicia e ó apertalo morreu o mozo.

Canto refiro aquí é o que aprendín de rapaz o que se contaba na nosa casa ou nas dos veciños e o que veo por ser moi observador da natureza e moi amante dos paxariños.

O San Andrés de Teixido

Contan que cando chegaron a Teixido polo mar Noso Señor con san Andrés, quedou varado o barco, que petrificado chega ós nosos días. Noso Señor observou que san Andrés estaba triste e non quería quedar neste lugar. Para contentalo díxolle Noso Señor:

“Aueda aquí, Andrés, que de vivos ou de mortos todos te virán ver”.

E todos van, incluso en espírito. Temos contado como cando os familiares teñen sinais dun familiar morto que precisa ir a san Andrés, acordan levalo un día dous familiares. Van na véspera o Campo Santo onde estaba enterrado e dinlle:

—Fulano, mañá imos a san Andrés.

Ó día seguinte van chamar por el.

—Fulano, vente, imos a san Andrés.

Teñen tres asentos no coche que vai a san Andrés. Un asento vai libre e ningún se senta nel aínda que teña que ir de pé; avísano dos cambios que hai que facer de coche, porque se non se avisa podería perderse. “—Baixa, que temos que cambiar de coche”. Soben, pero noutro coche. Cando chegan cerca da igrexa, baixan porque xa chegaron.

Entran os acompañantes e rezan na igrexa. Rematado o rezo saen e comen. Levan comida pero danlla a un pobre que atopan no lugar da igrexa. Regresan coas mesmas indicacións. Nalgúns lugares abren a porta do panteón se non está enterrado en sepultura.

Rematada a viaxe despídense no mesmo cemiterio onde o foron buscar á mañá. Pero a alma pode facer a visita transformado en calquera ser vivo, un rato, unha cobra, un lagarto.

Non facerlle mal. Unha tía miña, foi a san Andrés cunha veciña e cando estaba rezando na igrexa, díxolle:

—Teño que volver aquí.

—¿E por que?

—Mira para alí, sinalou un oco debaixo do retablo, ou na beira do altar.

Mirou, miña tía, e viu un sapiño pequeno que se movía saíndo e volvendo para o burato. Supuña que o sapiño era un familiar que requiría outra viaxe.

Se ven unha cobra, os que vían rezaban pola alma dos que tiñan que cumprir ofertas.

Non deixa de ser curiosa a viaxe que Castelao pon nos seus personaxes de “Un ollo de vidro”.

Hoxe, escribe meu pai, cun lagarto apreixado nas mans faloume deste xeito:

—Teño dir o san Andrés de Teixido para cumprir unha oferta que fixen e non cumprín en vida. “A miña i-alma ten de encarnar neste lagarto e moito tardarei en volver. Recomendóche que teñas conta da miña cova e que de vez en cando botes unha ollada ó meu esqueleto, pois teño un veciño coxo e pode roubarme unha perna”.

A víbora no namoro

Para conseguir que unha moza se namore, sempre que non se consegue coa palabra, coas promesas de fidelidade ofrecer vida e todo canto es, se aínda aí non te quere, non hai que perder a esperanza úsase esta fórmula máxica, un tanto perigosa, como nos conta Camilo Fernández no seu traballo: “Para enamorar a la moza”. Lugo (en *Revista de dialectología y tradiciones populares*, tema E, pág. 777): “Al encontrar una víbora, con la ayuda de otra persoa para sujetarla, le atraviesa de ojo a ojo una aguja enhebrada. Guarda cuidadosamente la aguja y el hilo, y en la primera ocasión hace con ella un cosido en forma de una cruz en la espalda de la ingrata”.

Esas cabezas das víboras parece que as usaban os pastores como defensa, como contra veneno. Nós non tivemos ocasión de ver ningún.

Para remedio había sempre na casa unha camisa de cobra. Non se usou nunca pero dicíase que era boa para facer rebentar un gran poñendo un ollo da camisa sobre da cabeza do gran. Este remedio non se fixo nunca e fixéronse outros para grans que padecín eu cunha menciña caseira, cunha cuncha de cebola e pingo fixo rebentar un gran en poucas horas.

Para afastar os males que podían ocasionar o pase de cobras sobre da roupa branca, pasábase toda por unha laparada de lume queimando un toxo. Era defensa máis segura que a prancha e borraba canto podía levar a roupa por paso da cobra, lagarto, bechos ou gata en celo.

A cova da serpe e a serpe da cova

A Cova da Serpe é un núcleo montesío nos lindes de Lugo e Coruña por Friol e Sobrado dos Monxes. Destaca o monte no sistema central galego que baixa de norte a sur afastando as augas que baixan para as rías e as que baixan para o Miño. Destaca a Cova da Serpe onde se forma unha das ramas do río Parga, entre tanto a outra rama comenza en illotes do Montouto e, vai xunguindo onde o pobo de Parga e para corrente do Miño. Pero poñente van as augas ó Mandeo.

Pero a forma do monte está na lenda da temible serpe que tiña a súa morada na serra e baixaba deica o camiño real que, de Friol, ía para Sobrado. Mataba ovellas e crías de gando maior. Hai moitas versións de como lle deron morte pero a máis fermosa é a da romántica viaxe de dous namorados.

Vivía polas terras de Friol xente de moita fidalguía da que son testemuñas as torres que aínda se conservan. Nunha desas torres vivía unha moza moi fermosa que na festa do patrón do seu pobo coñeceu un mozo campesiño, era un home simpático, de profundo sentimento, que se namorou da meniña da torre, e a meniña correspondía co seu corazón ó labrego namorado. O pai da moza non autorizou os amores da filla e un día os namorados acordaron fuxir e casaren en Sobrado onde era coñecido o mozo que tiña traballando para os frades. Saíron moi cedo a cabalo e no camiño real a serpe cortoulle o paso e pretendía dar morte á moza. O noivo defendeuna dando morte á serpe sen que lle fixera ningún mal a noiva pero él quedou ferido de morte e finou cando chegaba o lugar, perseguindo ós fuxidos, o pai da noiva.

Asustouse o fidalgo cando veu a serpe e as xentes dixeron como o mozo morrera defendendo a noiva. O fidalgo deu orden de que lle desen sepultura nunha da súa propiedade e cando o enterraron colocoulle sobre do peito un puñal de ouro, outorgándolle a fidalguía.

A lenda ten variantes entre as que destaca a de Bertamirás que van á Cova e a moza funda un convento. Noutras matan a serpe facéndolle comer un pedazo de carne atada a unha corda longa e forte. Noutra versión máтана cando está comendo un burro.

O recinto Cova da Serpe debeu ser un lugar onde sesteaba o gando cabalar. Na actualidade parece que é xa moi pequena a Cova.

A nosa versión foi recollida en Mirad, na casa de don Gregorio Saavedra onde os veciños contaron as historias da serpe, que tamén ma contaron varios alumnos, que eran de lugares da comarca de Guitiriz.

A arte

Nos petadores teñen aparecido pequenos adornos cando o petador ten forma de letra D tumbada e ten uns aneis e no portal da casa de don Xan López Suárez en Forcados tiña unha figura exipcia feita por un ferreiro xoven que estivera na Escola de Traballo. Pero nada tan orixinal como o petador da casa Vaamonde de Santiago, obra de Francisco Asorey. O artista observou dende o seu taller como unha cobra hipnotizaba a un sapo e no seu momento cando tiña seguro o sapo incapaz de moverse botoulle a boca e alporizouse xuntando os aneis para asegurar as dentadas que vai dando ó sapo que ofrece algúns inconvenientes ata que consegue xuntalo e ir engulindo, dentada a dentada dispoñendo forza e maña. Ese é o gran petador, feito e fundido polo artista. Non foi traballo dos ferreiros Xenaro Tarrío e o seu fillo Rafael, artistas xeniais forxadores que colocaron todos os ferros da casa, balcóns e fiestras.

Don Ramón del Valle-Inclán na farsa infantil de la *Cabeza del dragón* remata a escena cuarta no bosque cando está escurecendo. A Infantina e o Príncipe Verdemar van afastándose polo bosque e o duende que Prometeo axuda ó príncipe, sae cauteloso do tronco dunha árbore, pon o pé na cabeza do Dragón e arráncalle a lingua e dá unha explicación: “Le extraeré el veneno de la lengua y lo venderé en la corte del Rey Micomicón a los poetas y a las damas que murmuran de todo”

Pasa cantando una pastora:
¡Quién a la sierpe matará
con la Infantina casará!
¡Quién diere muerte al Dragón
reinará en el reino de Micomicón!

Foron sempre as cobras as que deron certo poder misterioso a bruxedos e tamén atenderon a caprichosos adornos na época renacentista como pode verse no retrato de Simonetta Vespucci, atribuído a Antonio Pollianco, que loce un gran cordón de ouro ó redor do pescozo e ademais os peitos moi ben postos pero entretida no ouro está unha cobra, e o pintor para que se note que está viva mostra que bota a lingua, moi clásica, sobre da pel de Simonetta.

Non sei se o costume viña de antigo porque Horacio nunha das odas a Baco fala de semellante adorno.

Tú, el golfo, tú las bárbaras riberas
Cumbres de las bistónidas sañudas
las densas cabelleras
Al hombro derramadas
con inocentes víboras anudas.

Tamén busca a comparación na “Oda a Lidia” nun verso:

¿Por qué se muestra tímido
Y no toca el Tebro el vaso líquido?
¿Por qué la lucha rígida
Huye más que la sangre de la víbora?
Y no descubre cardenos
Los fuertes brazos con las armas hórridas
Llevando la Victoria.

Parece que de antigo sabían que as cabras non senten molestias coa trabada das serpes e deixan que se alimenten co seu leite sempre que as teñan a xeito. Horacio fala do seu temor dos cabritos no aprisco como incida na “Oda a Tindaris”:

Apriscos y rediles
Do están los cabritillos encerrados
No temen las sutiles
Mordeduras de sierpes ni pintados
Lagartos, ni los robos
Que haber suelen los hambrientos lobos.

Debemos facer mención das serpes que lembran a perda do Paraíso representadas nos cruceiros como a do cruceiro de Mourente moi coñecido por ter colocado no muro da casa un gardia civil, sentinela permanente de esta obra de arte.

Tamén aquí serpes e lagartos que Bouza estudou na nosa terra.

Para escorrentar as serpes

Para escorrentar as cobras dos muros das casas era costume usar fume queimando na cociña ou unha toleira cousas que dean fedor.

Entre as cousas que temos visto queimar figuraban zocos vellos e cornos se tiñan algunha cabra. Quizais con ese fin, fai anos, na cacharela de Belvís, os veciños levaban para queimar zapatos vellos e con solas de goma principalmente sempre que estivesen gastados.

Na cociña ou na toleira que se facía no curral queimábanse sen levantar laparada, trapos, roupa vella, todo canto da mal cheiro, cousas que o fume fede moito.

Na fogueira de san Xoán xogase saltando e recitando: “Salta o lume de san Xoán para que non me morda cobra nin can”.

Para coller os lagartos

Mellor que lagartos arnais eran as lagartixas, buscando a de tres rabos, só coñecemos a bicaudica. Escondidas nos muros dicíasele isto para que saísen do burato.

Sae, lagartiño, sae
que, che morreu túa nai,
no camiño da devesa
cun fuliño na cabeza.

ANTONIO FRAGUAS (1991):
“O que eu sabía das serpes”, *Boletín Auriense*,
tomo XXII, Ourense, pp. 87-97.

XVI

O muíño nas terras do sul de Cotobade

O muíño foi unha das estadias indispensables nos meus tempos e creo que esta é a oportunidade de lembrar a súa historia.

O muíño é unha pequena casa terreña de planta rectangular e teito a dúas augas cuberto con tella ou con lousas; paredes de pedra ben traballada, por perpiaño un sinxelo muro cachoteiro cun pequeno ventanuco, simple porta de entrada con forte pechadura. No muro, ó lado da porta e a mediana altura había unha pedra ben feita saíndo do muro uns corenta centímetros para pousar o fol de gran mentres se esperaba, era o *pousafoles*.

O muíño máis sinxelo consta de dúas partes: a *entrada* e o *tremiñado*. A primeira parte era onde se facía o lume para quentarse nas noites de inverno, estaba ó mesmo nivel da porta e remataba nun pequeno e moi baixo muriño onde estaba a cruz para graduar a moenda. O *tremiñado* está máis baixo que a entrada, é onde están as tres pezas fundamentais para moer: o *pé*, a *moa* e a *moega*. Na parte da esquerda, arrimada ó muro está a moa de banco, para subirse a ela e poder botar o gran na moega. O pé, en moitos muíños, tiña un queixón ó redor da moa con inclinación na súa totalidade para un punto, o funil por onde caía a fariña e onde se recollía co fol. Nos muíños de maquia no río Anllóns xa cerca da desembocadura en Ponteceso, onde o muíño tiña un transportador da fariña, en pequenas cuncas de liño, que subían perpendicularmente a unha pequena altura coa fariña, pasaban horizontalmente por enriba e baixaban descargando a fariña cando daban a volta para coller outra. A falla de caixón ou transbordador, o tremiñado bárrese coa vasoira da palma. O po da fariña que voa e pousa nas pedras chámase *queila* e usábase no Carnaval o domingo Fareleiro ou de Septuaxésima. O muíño podía ter máis dunha roda, nos que tiñan dúas era a *fareleira* para moer o millo e outra era a *albeira* na que se moe o trigo e o centeo.

Os muíños poden ser de auga de mar, chamados muíños de marea e de río que poden moer todo o ano ou deixar de facelo no verán; no río faise a derivación para a presa pola *calzada*, e baixa ó muíño por pozo, canle, cubo.

Calquera muíño sexa dunha ou de varias rodas ten para cada unha as seguintes pezas: *a moega*, feita de moi boa madeira en forma de pirámide invertida coa capacidade para moer dous ferrados de gran; está colgada dunha viga por fortes arames ou con pezas de madeira. A feitura permite a baixada do cereal que se botou nela sen deixar nada por moer. A saída da moega recóllea unha canaleta chamada a *quenlla*, que leva o gran, da moega *ó ollo do muíño*, da *moa* que é a peza encargada de moer. Para graduar a cantidade de gran que debe caer úsase unha taboíña graduada chamada a *abella* que está enganchada na travesa que ten a quenlla no seu remate e pasa perpendicularmente por unha peza fixada na panza da moega. Permite o paso por unha abertura á abella que ten tres liñas de buracos e cunha espita gradúase a cantidade de gran que debe caer para quedar o muíño *ben apostado*. Para obrigar á caída do gran colócase o *cambo* chamado o *tarabelo* que non é máis que un pau pequeno que se engancha na mesma travesa onde se engancha a abella e o outro extremo pousa na moa e o movemento dela obriga a un tremor do cambo que causa a caída do gran na cantidade requirida para moer a gusto.

Para graduar ben, había quen miraba rezando un credo; os grans caían na man. O barullo musical considérase por algúns como a orixe do baile da *muiñeira*.

A *moa* é de pedra e fai o traballo realizando o movemento para transformar en fariña os cereais que caen no ollo. O *pé* é a peza máis firme do tremiñado sobre o cal dá voltas á moa que tamén se chama *tapa*, nome que recibe na comarca de Caldas de Reis, comarca na que o cambo está perpendicular sobre a moa e recibe o nome de *tenxidoiro*. Para non deixar caer os grans ó río, dentro está unha peza de madeira que se chama *buxa*, disposta de xeito que os grans vaian todos para o aro que fan a moa e o pé. Cando a buxa se vai gastando e comeza a caer o gran ó río, a xente di que *o muíño deita*.

Cando a auga chega ó derradeiro tramo, na entrada deste paso para a canle ou cubo está un enreixado para non deixar pasar a folla e os ramos que o vento bota para o río e pode causar tropezos para o rodicio sendo o maior perigo no outono pola caída das follas. A auga sae pola *canilla* para mover o rodicio, é unha peza redonda que dá contra *as penas ou palas* de forma cóncava que podían ser de madeira, de ferro e como caso único de pedra como era un feito por un canteiro do lugar da Chan do Beseiro da parroquia de Loureiro de Cotobade (Pontevedra), na época derradeira eran todos de ferro e aínda o son os dos poucos que moen. Para apoiar o rodicio temos unha peza de madeira de carballo chamada *arrieiro*, lixeiramente escuadrado que vai dun extremo ó outro. Polo lado esquerdo o extremo do arrieiro métese nunha pequena cavidade da que non sae a pesar do que se

move; no outro extremo un listón especial unido con seguridade para subir e baixar sen desprenderse da vigueta, rematado na *cruz* que está no muro do borde do tremiñado. A esta peza que sobe paralela ó eixo do rodicio tamén se lle chama *touzo*. O rodicio para apoiarse no arrieiro ten unha peza de aceiro terminada en punta chamada a *agulla*, e a peza que se apoia na punta da agulla que está no arrieiro chámase a *ran*, tamén pode ser de aceiro ou de croio. Neste punto apóiase o peso do rodicio e da moa que está encaixada nel por unha travesa que vai de extremo a extremo, unha travesa que se chama *segrella*. Para graduar o muíño, subilo ou baixalo, paralo ou botalo a andar, úsase unha uña de madeira, moi ben feita para calcar a fariña no fol, e ten o nome de *calcafoles*. Para pear o muíño apartando a auga que baixa pola canle algúns muíños tiñan a *peadoira*, unha especie de roda de barrer a borralla e as brasas no forno despois de quentalo, que ten no medio un saínte do ancho e fondo da canle; dende o tremiñado podíase usar por estar colocada para tornar a auga e pear o muíño.

Se rematado de moer o gran que tiña na moega non se para e continúa andando, *o muíño anda en van*.

O muíño párase ás veces no verán por falta de auga no río e no inverno, por razón da choiva pode subir tanto a auga no río que a enchente cubra o rodicio: o muíño *ten a pea*. Cando ceden as choivas o muíño volvía a moer. Todos os muíños precisan ser picados, moa e pé por canteiros, especialistas. Algunha muller, verdadeira artista, facía este delicado traballo. Tamén era preciso mudar a buxa cando o muíño deitaba porque o gran ía para o río. No cancionero popular aparecen moitas cantigas muiñeiras, agora lembramos dúas; unha do tremiñado e outro do sinxelo axuste muiñar:

Non quero ser muiñeiro
nin barrer o tremiñado,
que despois, no outro mundo,
piden contas do roubado.

Ó muíño do teu pai
eu ben lle sei o tempero,
cando está alto, baixalo
cando está baixo, erguelo

Os muíños de maquía (para utilizalos tíñase que pagar un canon en especie, a *maquíá*) tiñan máis dunha roda.

Lembremos tamén os muíños de vento, temos visto moer o grupo de Catoira e dous en Cotobade, e do castro de Famelga da parroquia de Aguasantas e o do castro de Carballedo. Todos eran de vento e é seguro

que noutro sitio habería algún de cúpula xiratoria como os portugueses da Serra da Estrela.

Temos que desfacer a lenda negra que teñen os muíños de que eran lugares onde se faltaba a moral de maneira case total e ponse como exemplo esta cantiga:

Esta noite fun ó muíño
cun fato de mozas novas,
elas todas en camisa,
eu no medio en cirolas.

Isto parece un escándalo. Paga a pena descubrir a realidade. En primeiro lugar, o mozo vai só cun fato de mozas. Fato é un grupo polo menos de tres; e van vestidas en camisa, a camisa das mozas podía ter dúas partes: *o cos* que era o que desabafaba o oficio de chambra ou blusa e por iso era moi coidada a manga que era cumprida e do puño prendía o garboso fruncido e ademais no remate levaba o seu correspondente adorno, a enagua e por riba a saia, podía ser a saia rabena de pouco amplitude. Ían polo tanto moi ben vestidas. O home vai en cirolas, que son pantalóns que chegan ó nortello. Tivemos ocasión de velos no ano 1929 nunha aldea do Bocelo. Como se ve o cantar non conta unha desvergonzante xuntanza. No muíño pouca festa se podía ter porque o sitio era pequeno para facela, non sabemos se nos muíños de maquía se celebrarían máis xuntanzas pola espera do que se moía. Os superiores eclesiásticos e visitantes dan ordes prohibindo as xuntanzas despois do toque de oración. O fiadeiro durou ata o comezo da guerra civil, e nos muíños non había xuntanza de ningunha clase.

Con moita pena vemos como os muíños van esmorecendo, cando se fala da falla de enerxía e ninguén lembra de aproveitar esta forza; soamente coñecemos dous transformados o de maquía do Pozo Negro na parroquia de Rebordelo que agora é un bar e o da ponte de Almofrei transformado en produtor de electricidade. Os dous están na marxe dereita do río Almofrei onde está situado o da parroquia do mesmo nome.

Temos comentado o libro dos catedráticos José María Leal Bóveda, Ramón Cruces Colado e Alejandro Sanmartín, titulado *Guía para o estudio dos muíños da Terra de Caldas de Rei*, publicado pola deputación de Pontevedra no ano 1995. Estudo realizado cun grupo de alumnos, no que se dá conta dos muíños, lugar e situación, os ríos que dan forza, propietarios e a parte poética, ilustrado con mapas, debuxos e fotografías.

Apéndices despois da bibliografía con dous anexos un cos cadros dos muíños de cada concello e o segundo coa parte xa citada da literatura poética.

Como nota curiosa podemos engadir o relato de como se burlou o trasno das mozas muíneiras.

Ían para o muíño dúas mozas e atopáronse no camiño cun mociño mollado que levaron con elas ó muíño. Alí prenderon o lume para que se quentase o mociño. Cando entrou en calor ían falar con el o trasno saltou a viga da moega e fuxiu polo tellado facéndolle co aturuxo: *Ugurugu que as mozas do muíño quentaronme o cu*. Endexamais volveu o trasno ó muíño.

Para rematar diremos que en Cotobade a maioría dos muíños eran de *Herdeiros*, é dicir comunitarios, unicamente un era familiar. Había un batán e queda o topónimo nun lugar da parroquia, situado na marxe dereita do río Almofrei no camiño para a corredeira polo foxo de Anta.

Listado dos herdeiros posuidores de horas para moer no muíño da Ponte en Loureiro de Cotobade.

POSEEDORES	HORAS
Señor Abade	48
Santiago Ogando	24
Pedro Viaal	24
Andrés García con Pedro García	12
Rosa Martínez	2
José Lois	12
Pedro Fraguas	10
Ramona Adán con Benito e Camila	12
Justa Vidal	6
Antonio Vidal e Vidal con Socorro	18
José María Quinteiro	6
Aurelio Quinteiro	6
David Touriño	12
Recordata Rajoy con José Franco	24
José Vidal con Manuel Escolante	12
Dionisio Vidal	24
Francisco Ribadas con M. Rodríguez	12
María Puamar	6
Serafín Ribadas, Cándido Vidal	6
José García Senra	12
M. Garrido, P. García e J. García	12
Asunción García	18
Lorenzo García (frade)	66
Benito de Doade	18

ANTONIO FRAGUAS (1997): “O muíño nas terras do sul de Cotobade”, en *I Jornadas Nacionales sobre Molinología: Santiago de Compostela, 22-25 de noviembre de 1995*, Sada: Edición do Castro, pp. 13-17.

Peregrinaxe a Santiago e as romarías de Galicia lendas e tradicións

A persoa que ía a Santiago tiña, dende moi antigo, a cuncha da vieira como símbolo emblemático. As lendas relixiosas e as razóns mitolóxicas outórganlle á cuncha un singular valor. A lenda conta que un príncipe portugués paseaba a cabalo pola beira do océano e, sen ningún motivo, desbocouse o cabalo no intre en que pasaba o barco que traía os restos do Apóstolo morto para Compostela. Sen poder deterse, cabalo e xinete foron parar ó mar. É seguro que afogarían se non fose porque o príncipe pediu axuda ó ceo, ó santo que protexía os navegantes que estaban naquelas augas; e xinete e cabalo saíron do mar cubertos de cunchas. Razón sobrada para conseguir a categoría de peregrinar, e ademais ocupan en varios brasóns da nobreza. Isto era unha valiosa proba de ter estado en Compostela, onde un dos barrios era o dos Concheiros; con roupa fina ou tosca os peregrinos buscaban as cunchas para coser no sombreiro e na esclavina. Hoxe en día son poucos os que as traen penduradas nas dúas pezas.

A cuncha era un testemuño da estadia en Compostela e os pillabáns do Camiño traficaban con elas; este negocio xa comezaba dende a entrada en Santiago.

Debemos lembrar que os peregrinos que viñan de Francia pasaban polos lugares da *Chanson de Roland*. O lugar de Valcarlos, onde estaba Carlomagno co seu exército entre tanto se celebraba a batalla de Roncesvalles, lembro a Crux Caroli e o penedo cortado polo golpe da espada, sen romper esta. No lugar de Blaye está o sartego de Roland e o de Alda, a súa prometida. Tamén é neste mesmo sitio onde din que está depositado na basílica de San Román o Olifante, o famoso corno; mais na *Chanson de Roland* dise que o depositou sobre o altar do Varón San Severino. O Olifante era de marfil, estaba partido e ateigado de ouro e de moedas.

Con todo, quizais unha das lendas máis curiosas que amosan un gran milagre é a de Santo Domingo de la Calzada, onde cantou unha galiña despois de asada. Polo menos así é como conta os feitos este refrán tipográfico e milagreiro. Debemos resumir os feitos. Un matrimonio francés ou alemán e mailo fillo, un mozo guapo e simpático, hospedáronse nunha pensión, e a filla dos pousadeiros quería que pasasen a noite xuntos.

O rapaz negouse, e ela para vingarse meteulle no macuto unha copa de prata. Cando xa marchaban os peregrinos a rapaza denunciou a falta do vaso. Descuberto no macuto do mozo, prendérono por ladrón. Xulgouno un tribunal e condenouno a morrer aforcado no outeiro do lugar. Os pais seguiron o Camiño a Compostela e á volta foron ver o cadáver do fillo; como aínda estaba vivo pedíronlle clemencia ó xuíz, que os recibe no momento en que lle serven unha galiña ben asada. O xuíz negoulles toda posibilidade de vida, pero como os pais insisten, aquel respondeulles solemnemente que “crerei semellante milagre cando cante a galiña que vou comer”. E de golpe a galiña botouse a cantar.

O mozo fora atendido polo Santo Apóstolo, e o viaxeiro Manier conta que aínda se pode ver a camisa do aforcado e un anaco da forza que estaba colocada sobre un saínte que había sobre a fiestra.

Mudan as galiñas e mailo galo cada sete anos e durante o inverno bótanas para un campiño soleado. Cando pasan franceses ou polacos enfádanse porque non están no poleiro eclesial, non se poden achegar para botarlles faragullas de pan ou pasarllo para o medio cada un co seu caxato. Se comen o pan é bo sinal, han de ir e volver sen ningún problema, pero se se negan a comelo, mao, porque poden morrer polo camiño.

Era difícil chegar á igrexa de san Xoán de Ortega, un santo traballador e un grande intercesor para que un matrimonio fose quen de ter un fillo, un homiño, cando xa eran varias mulleres na nova familia. A xente confiaba no milagre porque cando abriaran o sartego saíra un enxame de abellas brancas e a xente cría que eran as almas dos meniños que rodeaban o santo. A raíña foi onda o santo e naceu un neno; aquela obsequiou o santo cunha fermosa capela.

Pasamos un tanto de fuxida e chegamos á igrexa do Cebreiro, na entrada de Galicia, onde atopamos o milagre máis grande, o SANTO GRAAL. Era un día de neve, un frade celebraba a misa e aínda non chegara ninguén para escoitala; despois da consagración un veciño de Barxa Maior ó entrar pola porta sacudiu a neve dos zocos. O celebrante revirou a cabeza para ver quen se achegaba e pensou, case en voz alta: vaia que con día vir aquí [*sic*]²¹, total para ver un anaco de pan e un grollo de viño. Cando volveu a cara observou con asombro que o pan era carne e o viño sangue que saía a cachón fóra do cáliz e tivo que collela cos corporais. Contan que a imaxe da Virxe que estaba no centro do retablo inclinou a cabeza en sinal de adoración. Tamén conta a xente que os dous que tal viron morreron de

21. Imaxinamos que, con ironía, o que esta oración está a expresar é a idea de “vaia que escollín para vir aquí”.

contado e que están soterrados no lado dereito da igrexa, nun sitio onde non se ven. As reformas da igrexa descubriron os enterramentos no lugar sinalado. O Santo Graal gárdase en casulas que mandou facer a raíña dona Isabel a Católica. Todos os anos se celebra unha romaría, polo mes de setembro, para rememorar a historia que aconteceu hai séculos.

Imos falar agora da peregrinación dos cabaleiros de Picardía. Comezaron o camiño e xuramentáronse, todos menos un, para valerse durante toda a viaxe. Percorreron varias leguas de camiño sen ningún atranco pero un día enfermou un; durante varios días levárono no grupo, pero adiantaban moi pouco, en varios días apenas andaran o que correspondía a un día, e para poder andar máis leguas, acordan deixar o enfermo, e queda coidándoo o que non se xuramentara. Ó pouco tempo, despois de pasaren unha aldea, o enfermo morreu. Están nun monte, onde non hai quen preste axuda; pero ó pouco tempo chegou un home a cabalo. Detívose e preguntoulle que acontecera. Posto ó tanto de todo, díxolle ó compañeiro que falase cos cóengos para que enterrasen o peregrino e que o resto dos compañeiros fixese penitencia para que deus lles perdoase a súa falta. Naquel intre reconece que o cabaleiro era Santiago, máis non tivo tempo para falar porque desapareceu. O lugar no que estaban era o Monte do Gozo e o morto era o Home Santo. No lugar onde o pousaran ergueuse un milladoiro que sinalaba doadamente o lugar do Home Santo.

Agora podemos lembrar a Rusiuda, unha moza que, namorada de Almerico Canogio, ía casar con el. Por mor dunha grave doenza de seu pai, Almerico ofreceuse para ir a Santiago na procura da saúde para seu pai. Empeñeu a viaxe case sen protección. Un pretendente de Rusiuda, o conde Guarino, a quen ela nunca lle fixera caso, era un home celoso, que pretendía eliminar o seu rival, e sae na súa procura, e Rusiuda sae tamén para defender a Almerico. Mais cando ela chegou á pousada Guarino acababa de matalo. Rusiuda seguiu o camiño levando consigo o cadáver de Almerico e quere gastar as súas riquezas aquí fundando un mosteiro. Busca como lugar aquel punto no que se posúe un bando de pombas. Ese lugar foi preto do río Sar e alí fundou o seu mosteiro, que sería ampliado máis tarde por Xelmírez; era Santa María de Canoxio.

Imos agora coas festas. Comezamos pola da Virxe da Peneda; celébrase en dúas ocasións: o luns de Pascua e o cinco de agosto, día da festividade das Neves. Está no bico dun monte, que no lugar da capela tivo un castro e a fortaleza de Castrizán. É o monte Viso, pertencente á parroquia de Santa María do Viso, no concello de Redondela. Á festa asiste moita xente de lonxe e caracterízase por ser onde se percorre máis camiño

de xeonllos. Moita xente, principalmente as mulleres, comezan xusto despois de afastarse da estrada. A distancia é moita e non se dá feito dunha tirada, pódese facer en moitas etapas. Onde se erguen teñen que comezar de novo e por iso fan un sinal. Pode ser un pau calquera que se espeta na beira do camiño ou dúas pedras formando unha cruz, sexa cal sexa ninguén desfai o sinal. A maioría só percorre a subida do monte —que é bastante empinada, no último treito son escaleiras e ó subilas dan a volta arredor da capela— a non ser que leven moi feridos os xeonllos. Algunhas persoas tamén as baixan, que é moito máis difícil que subilas...

Á festa van moitos mariñeiros e algún tamén sobe de xeonllos. Nesta romaría moitos grupos facían o xantar ou levaban a comida feita da casa. Despediremos este santuario coa cantiga de gabanza do lugar xeográfico, deixando constancia de que a fortaleza pertenceu ó arcebispo de Santiago e que foi conquistada por Pedro Madruga de Soutomaior, despois de rubir polas defensas moitas noites de temporal para asegurar o lugar da conquista.

Miña Virxe da Peneda
tan altiña se foi pór,
dálle o aire, dálle o vento,
dálle o sol todo ó redor.

Se a Peneda está feita, cómpre falar da máis curiosa: san Andrés de Teixido. Podemos falar coa crenza de que hai que ir por alí, por imposición do noso señor, para consolo de san Andrés, a quen o sitio o entristecía. Noso Señor ofreceulle a seguinte compañía: QUEDA AQUÍ ANDRÉS, QUE DE VIVOS OU DE MORTOS TODOS TE VIRÁN VER. A xente pensou que podía percorrer o camiño en forma de animal, e por iso non matan nin un saltón, un sapo, un rato ou un lagarto. O pequeno lugar onde se ergue a igrexa está na beira do mar onde non hai praia, é o remate da serra da Capelada, que se achega ó mar sen mansedume de praias, a caída ó mar ten moita altura e a liña é perpendicular. O santuario pertence á parroquia de Santa María de Regoa. Preto do santuario, indo cara o mar, está a fonte de tres canos, polos que podes beber, e moitos levan unha garrafa para obsequiar os familiares. Na beira dos camiños e preto do lugar están os amilladoiros onde cadaquén botaba a súa pedra e algunhas moreas foron utilizadas para a estrada. A xente vai ó santuario todos os días do ano, a maioría deles en coches, son poucos os que van a pé.

De todos é coñecida esta sentenza:

A San Andrés de Teixido,
vai de morto
quen non foi de vivo.

E temos que contar como fan a viaxe moitos mortos. Despois de morrer unha persoa que tiña pensado ir e non tivo ocasión de facelo, é posible que os familiares noten algunha cousa rara na casa, algún golpe nocturno, e outros sinais. Entón fixan a data e a véspera de ir van ó cemiterio e sobre a sepultura ou diante do panteón dinlle: —“Fulano! Mañá imos a Santo Andrés”. Van dous familiares e levan tres asentos, o do morto vai sempre libre e non o ocupa ninguén, aínda que vaia moita xente de pé. Se cambian de coche téñenlle que dicir: —“Fulano!, baixa”, e guían para o outro coche. —“Vamos para o outro coche, sobe”. Cando están preto da igrexa mándano baixar e ir á igrexa. Rezan con el e logo saen da igrexa e van xantar. Levan comida para o morto pero como non ven comer danlla a un pobre do lugar. Regresan da mesma maneira e ó chegaren dinlle que baixe do coche, e van con el ata o cemiterio, e se pola mañá lle dixeron que ían a san Andrés, agora despídense dicíndolle que queda no cemiterio. Hai veces que cando fan esta misteriosa viaxe deixan a porta do nicho ou do panteón quitada e vólvena colocar no sitio á volta.

Polas festas de san Andrés, a finais do mes de novembro, venden os ramos de san Andrés que bendigan na misa solemne. No ramo vai sempre a herba de namorar, que se garda ben gardada, e pode que leve xuncos, agora xa non fan falla. A estes chámanlles herbas de ben parir, polas propiedades que teñen para axudar durante o parto. Hoxe en día paren no sanatorio ou no hospital. A cantiga asegura que está ben gardada a herba de namorar:

A herba de namorar
a herba namoradeira,
a herba de namorar
lévocha na faltriqueira.

Como nota humorística Castelao detalla o diálogo dos esqueletos nun cemiterio na obra *Un ollo de vidro*:

Hoxe meu pai cun lagarto apreixado nas mans, faloume deste xeito:

—Teño de ir ó Santo Andrés de Teixido para cumprir unha oferta que fixen e non cumprín en vida. A miña alma ten que encarnar neste lagarto e moito tempo tardarei en volver. Recomendóche que teñas conta da miña cova e que de vez en cando botes unha ollada ó meu esqueleto, pois teño un veciño coxo e pode roubarme unha perna.

Á Vía Láctea en moitos lugares chámanlle o Camiño de San Andrés; e veciñas que fixeron a romaxe a pé a san Andrés contan que de noite no ceo tamén remataba xusto enriba da capela. Unha delas mentres rezaban diante do altar díxolle á miña tía, que foi quen mo contou a min: —“Eu

teño que volver”. Mira para alí. Era un sapiño pequeno que saía de debaixo do retablo polo empedrado da igrexa. Para ela o *sapiño* era unha chamada da alma dun familiar.

Tamén son moi interesantes e multitudinarias as festas dunha santiña galega, santa Mariña das Augas Santas. Naceu en Antioquía de Limia e como quedou orfa moi axiña, criouna unha muller humilde, moi relixiosa. Traballaba en Armeá coidando o gando e sentaba nos ocos dos penedos. Moitos destes ocos teñen auga da choiva ou da neve, e moita xente, o día da romaría, e tamén outros días, lévaa para sandar as doenzas dos ollos e dos oídos.

O romano que mandaba e que exercía a xefatura daquela terra detívose un día abraiado pola fermosura da pastora, quíxoa levar consigo pero tiña que renegar da súa relixión. Ela negouse e decidiu castigala. Cada vez poñíalle castigos máis grandes pero Mariña resistía todo; quixo matala pero salvouse de moitas penas e finalmente mandou que lle cortaran a cabeza. Realizada a execución, a cabeciña da mártir deu tres brincos e en cada sitio naceu unha fonte que nunca máis secou. Preto da igrexa hai unha pía megalítica que se chama o forno da Santa, alí é onde, segundo din, a queimaron. Foi usada para cremacións durante centos de anos ata hoxe. O culto polos penedos e pola pía adiante indica que había un importante culto pagán que posteriormente foi cristianizado.

Esta romaría celébrase o 18 de xullo e xúntase moita xente de toda Galicia, Castela, León e Portugal. Sempre deixan unha gran cantidade de exvotos, o que amosa os milagres da santa. Proba dos antigos cultos é tamén a subida dos pendóns ó castro mentres o resto da procesión agarda que baixen. Esta espera faise ó pé da pía da santa. Hai outros castros onde se celebraba unha función especial, por exemplo o castro de san Miguel de Carballedo en Cotobade, alá polo san Miguel das Uvas, no mes de setembro.

Visitemos o antigo mosteiro da Virxe da Franqueira, no concello da Cañiza, entre as vilas da Cañiza e Mondariz, na provincia de Pontevedra. Foi mosteiro dos Bernardos e aínda se conservan restos. O primeiro que debemos relatar é milagre de mouros. Estes prenderon un dos moitos soldados que ían para África e metérono nunha arca coa intención de engordalo e comelo. Por un buraco que tiña a tapa da arca, a inspección vía o engorde. Un día escoitou o que faláron, que se lle achegaba o día de matalo. Entón lembrouse da virxe da Franqueira e pediulle que o salvase neste perigo tan grande. Pasou toda a noite e pola mañá cedo o mouro que estaba sempre de sentinela da arca oíu as campás que repenicaban a festa e viu unha paisaxe descoñecida. Asustado preguntoulle ó soldado:

“¿En tu tierra hay encierros?”. E o soldado respondeulle: “Sí, los hay”. O mouro liberou o prisioneiro, quitouno da arca e díxolle: “Levanta cristiano que en tu tierra estamos”. E comentan que engadiu: “No me hagas en tu tierra lo que yo te hice en la mía”.

Nos momentos do perigo dos árabes deberon agochar a imaxe da virxe quizais ó pé da fonte, onde máis tarde se descubriu, e por iso se chamaba nosa señora da Fonte. É unha mostra da cristianización duns penedos ou da fonte. Agora escenificase a loita de mouros e cristiáns, con versos de Cabanillas. A loita remata caendo ferido o mouro, que arrepenido exclama:

O CRISTIANO

¡Morto son! ¡Prega me valla
a túa Santa María!
Mil anos, un detrás doutro
virá o teu corpo á vida
e no día da Franqueira,
por ordenación divina,
rachando o teu corazón
para enchelo de fe viva,
mil veces entrará a morte
abrindo a mesma ferida,
¡Ó cabo dos anos mil,
contados día por día,
fará en ti novo milagre
a Virxe Santa María
e vera-la túa alma
de culpa e de pecado limpa.

Na romaría pódese poxar a vara de tanguer o gando e ordénase a solemne procesión. Ademais da virxe van pendóns, estandartes e imaxes acompañando a padroa da Franqueira, que vai nun carro tirado por unha xugada con cobertoiras que lles cobren todo o corpo. Un familiar do oferente leva na cabeza un ataúde e mesmo algunha vez foi dentro unha persoa que sandou dunha grave doenza; por iso sei que unha moza cantaba a seguinte cantiga:

Virxen da Franqueira,
Virxe moi amada,
aquí lle traemos
a resucitada.

Esta procesión tan vistosa coas virxes de toda a veciñanza, dalle unha clásica estampa que teñen outras romarías. Esta é a festa das *Pascuillas*.

Dise que é a máis vistosa; a segunda celébrase o 8 de setembro; é máis de xente da costa, dos mariñeiros que no mar andan perdidos.

É preciso mencionar a festa chamada das Mortallas, a Festa do Nazareno da Pobra do Deán, unha vila con moita historia e cunha gran devoción polo Nazareno. A procesión celébrase o terceiro domingo de setembro e non sabemos cando comezou este culto, pero o que si sabemos é a orixe da procesión dos ataúdes. No século XV era rexedor da Pobra don Xoán de Liñares, cargo concedido polo deán de Santiago, sempre presidía as festas. Un ano enfermou de gravidade, todos pensaban que ía morrer e fixéronlle unha mortalla con caixón e hábito. A historia conta que daquela estaban presos catro ladróns que roubaran no camiño de Santiago, sentenciados a morte polos seus delitos. O rexedor pediulle ó nazareno que o sandase da grave doenza. Como lle cumpriu o desexo, o rexedor Liñares informado do caixón, do hábito e dos catro presos, cando ía saír a procesión mandou baixar o caixón e o hábito, e vir ós catro presos. Díxolles que colleran o ataúde, puxo o hábito, colleu un cirio aceso e púxose detrás do caixón para andar o percorrido. Velaí a orixe da procesión que na actualidade compoñen máis de vinte e cinco mil persoas. Nalgunha ocasión chegaron a ser cen ataúdes, hoxe en día os ataúdes son menos pero hai a mesma xente ou incluso máis. Hai meniños, mozas, mozos e persoas maiores. Unha vez rematada a procesión os ataúdes volven para o seu sitio e alí quedan para vender.

Na festa do santo Cristo de Xende había moitos ataúdes. Lembramos os romeiros que noutros tempos ían para a procesión cos hábitos e os farois acesos. Na procesión levaban os ataúdes e os carpinteiros ían á procesión naquela época, hai oitenta anos, para veren os modernos ataúdes. En san Paulo de Xende, no concello da Lama, celébrase a festa o domingo da Trindade.

Tamén hai algún ataúde na romaría dos Milagres de Amil, o seu padrón é santo Amedío, no concello de Moraña. Celébrase a festa o primeiro domingo despois do oito de setembro. Pasan toda a noite na carballeira. Hai moitos anos era unha festa na que as nais agradecían que os mozos saísen ben das quintas. No cancionero aparece a voz da Virxe agradecendo os traballos feitos:

Miña virxe dos Milagros
funlle varre-la capilla,
Ela díxome de lonxe
moitas gracias, miña filla.

As festas do corpiño son para as persoas con grandes crises nerviosas, pero dende a guerra civil converteuse no santuario de pedir protección para as milicias e para os destinos. Dos tempos da guerra queda esta cantiga:

¡Viva a Virxe do Corpiño!
orgullo da nosa terra,
que librou a moitos quintos
da dura morte na guerra.

Para rematar temos que falar da romaría de Santa Marta de Ribarteme na parroquia de san Xosé de Ribarteme, no concello das Neves. É a romaría máis interesante de toda Galicia; principalmente os mozos e mozas e mailos meniños e meniñas que tiveron unha doenza ofrécense para asistiren á misa na capela. O día da festa, o 29 de xullo, levan a caixa e van coa persoa que sandou e cos amigos. No lugar de costume pousan o ataúde, o que sandou métese dentro, e comeza a subida. No campanario sempre hai rapaces e cando ven subir o ataúde tocan a defunto. Hai momentos en que coincide o toque da campá con toque de música ou gaita, é dicir, tocata da banda de música ou tocata de gaita. Xa na igrexa, rezan moitas oracións, e un coro improvisado, ou un grupo ó que lle pagou o que vai dentro do ataúde, canta mentres tanto. Na procesión a caixa libre vai diante da persoa ofrecida cunha gran vela na man. Velaí unha mostra dalgunha das cantigas:

Virxe Santa Marta,
estrela do norte,
que lle deu a vida
ó que estivo á morte.
Virxe Santa Marta,
estrela brillante
quen fixo a promesa
levámolo diante.
Virxe Santa Marta
sol do mediodía,
a resucitada
vén na compañía.
Virxe Santa Marta
santiña Querida
que na hora da morte
nos volviche á vida.

Para rematar imos contar unha curiosa lenda da catedral de Santiago relacionada co Pórtico da Gloria. Cóntanola o viaxeiro francés Guillermo Manier, un xastre de profesión aínda moi mozo, natural de Carlepont. Naceu o 17 de xullo do 1704, comezou a viaxe no 1726, con tan só vinte e dous anos, en compañía duns amigos. Era amigo do bispo de Noyon, un home moi culto, que tiña unha casa de campo en Carlepont.

Conta, do seguinte xeito, que a xente pon os cinco dedos marcados pola man do noso señor: “No centro do extremo da igrexa hai unha pilastra de mármore branco, sobre a que están as marcas, as profundas pegadas, dos cinco dedos dunha man do Noso Señor de cando cambiaron a igrexa, porque noutro tempo o altar maior estaba ó sol levante. As profundas marcas dos cinco dedos están moldeadas como se fose pasta”.

A lenda contáranla dicindo que entrou noso señor pola porta do nacente e ó ver o altar orientado para ese lado, sen máis, colleu, deulle a volta e deixouno orientado para o poñente. E ó chegar ó Pórtico da Gloria, que tamén estaba orientado para o nacente, colleu a columna coa man e deulle a volta ó Pórtico, deixando a marca dos dedos nos ocos. Dende aquela a xente mete os seus nos buracos e reza.

Cando entren na catedral, independentemente da súa crenza, considéranse un peregrino e a lenda segue. O mestre Mateo está mirando para o altar. Tamén lle poden dar uns golpes ben pequenos, coa cabeza, á figura do santo dos Croques.

ANTONIO FRAGUAS (1995):
“Peregrinaxe a Santiago e as romarías de Galicia.
Lendas e tradicións”, en *Romarías e peregrinacións.*
Simposio de antropoloxía, Santiago de Compostela, outubro de 1993,
Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 7-15.

XVIII

O lugar e a casa onde nacín

O meu lugar chámase Insuela, un nome curioso porque non pasa por el río, nin regueiro, nin regato e pode provir dunha ínsula de cristianización antiga. En apoio desta hipótese están o nome dunha antiga veiga: a eira do santo, un santo, imaxe de santo Andrés, de pedra, fóra de culto por levar moi mal trato e pasar a un muro da casa de Amable Cabirta. A eira tiña o seu hórreo, un canastro de pedra de dous tultos. Unha estrada de Ponte dos Avéns a Ponte Verdugo obrigou o traslado do canastro e por aumentar as leiras de millo foi necesario aumentar un tullo; era propiedade da señora Ánxela; e quedou no seu lugar primitivo o canastro de Susana. Recollendo as augas que baixaban por unha fonte caía a auga nunha sepultura antropomorfa, que facía de pía para beber o gando e tamén é o topónimo de fincas Casal e Valdefrades, que sería Val de Frades, e o topónimo pasaría por Ínsula, Insola e quedar Insuela.

Foi un lugar de seis casas vivendas: a casa da Pazota, a da Rendeira, a de Manuela, a de Susana, a de Ánxela e a de Pilara. O grupo chamábase o Quinteiro de Baixo. Cerca está o Castrelo, que sería o lugar das primeiras moradas; o segundo grupo era o Quinteiro do Medio e o grupo de Casa do Alto que designaba as casas máis separadas.

A nosa casa tiña o número tres, agora é o número un. Aínda lembramos a número dous, onde pasou a vida meu tío Santiago Ogando, casado coa miña tía Manuela. A primeira casa desfixéрана e fixeron a barra e o cortello dos porcos. A segunda casa tiña escaleiras de subida a unha barra pequena que chamabamos o “gueicholo” e a morada con dous departamentos. Debaixo había dúas cortes, unha para a vaca e outra para as bestas.

A casa onde nacín daba ó camiño, chamado Camiño Real, cunha entrada para un curral con portal de ferrol, entrada do carro, do gando e da xente. Unha escaleira subía a un patín e a entrada á parte alta da casa. Preto da escaleira estaba a porta da cociña, á que se pasaba pola corte da vaca do leite, o cortello das crías, a pía dos porcos e o cortello dos porcos pequenos. O paso para a cociña era de pedra, era ancho e con tres escaleiras cun cancelo de madeira para subir á cociña.

A cociña era bastante grande, con forno, salgadeiro, artesa grande, louceiro coa louza de diario e lacena para gardar comida e condimentos para a cociña. A lareira alga, que non se usaba por ser máis agarimosa a baixa, con trasfugueiro de pedra que lle chamabamos o *trafugueiro*; formado por dous prismas altos unidos polo largueiro de pedra, no que se apoiaba o extremo dos rachóns da leña para facer o lume, dous bancos longos en paralelo co lume no medio da cabeceira. Na lareira alta, unha arca grande co sal para salgar a carne dos porcos na matanza. O sal para condimentar a comida no cunco do sal, un queixón coa súa tapadeira diante dunha cabeza da arca. Perpendicular ó lume, a gramalleira para colgar potes e caldeiros de comida para persoas e animais; para as tixolas e potas tiñamos o trespés a propósito. Na esquina e debaixo do forno e da esquina da lareira alta, a pateira para borralla. Vertedeiro, os auxiliares para o forno, caldeiros para a auga, touciñeira e varais para os chourizos e longanizas.

Unhas escaleiras levaban ó pasadizo, onde estaba unha arca onde se gardaban as cousas de comer, aceite e vinagre e os ovos que ían pondo as galiñas que viñan comprar e pagaban ducia a peseta e chica.

Por unhas escaleiras de madeira, fixas, subíase á sobremesa onde tiñamos dúas arcas grandes para millo e centeo e no chan as patacas en tres grupos: a morea grande, de comer, un tramo de tamaño medio para semente e as pequenas para os porcos; as parcelas estaban feitas con táboas sostidas con barrotes de eucalipto. Nun caixón alto, a louza da festa.

Unha porta daba paso a un pequeno salón comedor, cunha mesa con dúas gabetas, unha arca con roupa, seis cadeiras, un butacón, un banco de respaldo na habitación de dúas camas, unha de ferro alta e outra de madeira, unha cómoda bastante grande, un caixote pequeno para o calzado. Unha alcoba cunha rinconeira, cama de madeira e unha cadeira. Aquí nacín eu á unha da mañá do ano 1905, día vinte e oito de Nadal, festividade dos Santos Inocentes.

Como era a vida

A nosa vida era sinxela, comezaba no amanecer. Erguíase miña nai e tamén mamá Antonia, acendían o lume coas brasas que se xuntaran; cando remataba a cea “aconchegábase o lume”; arrimábanse as brasas ó trafugueiro e tapábanse coa borralla. Á mañá íase buscar un toxo pequeno, soprábase na praza e acendíase o lume. Miña nai “despachaba as vacas”, quere isto dicir que lle botaba de comer e muxía as do leite, e botábaselle de comer ós porcos.

Feito este labor cos animais, preparábase o almorzo, quentando ou fervendo o leite no pote que lle corresponde porque había o do caldo. Unha taza de leite, ou de papas de leite nunha cunca de aro, plano ou redondo, con pan de millo ou bola do pan que se cocera no serán ou na mañá anterior.

Para facer o pan había que moer o millo, que moíamos no muíño da Ponte onde tiñamos vinte e catro horas cada quince días. Moíase o millo e un foliño de centeo para a mestura. A fariña peneirábase e amasábase con auga que se quentaba nun caldeiro especial. Preparada a masa quedaba na artesa arrimada nun lado da mesma con mestura e fermento moi ben amasada, miña nai facíalle unha cruz. Feito isto, acendíase o lume para quentar o forno, precisábase un carro de Foxos. O lume, como se temperase as pedras, ía branqueando o interior, facía os frades deica quedar todo branco. Entón mirábase se levedara e co variscadoiro e o rodo sacábase a braza do forno e botábase na pateira, coa vasoira de ramas de xesta barríase e acendíase o lume na porta do forno.

Facíase unha boliña e botábase a cocer como proba de cocemento. Probábase o cocemento movendo a bola para un lado e para outro.

Cocida a bola enfornábanse os pans repartidos polo forno e rematado o colocado dos pans coa pa de enfornar facíanse cruces na porta do forno dicindo:

Creza o pan no forno
para ricos e probes
e para labradores.
E morran os malfeitores,
coa gracia de Dios
e da Virxe María
cun Padre Nuestro
e unha Ave María.

Arrimado á parede da corte grande estaba o cuberto vello onde se gardaban os toxos para quentar o forno. Na entrada, á esquerda había unha pía grande con cano de desaugadoiro; era o lagar porque na pía pisábase a uva das dúas cepas, a de tinto e a de catalán. Alí fervía e de alí ía para o barril. As cepas perdéronse; a do catalán cortouse para colocar a madeira serrada cando se fixo a casa e a outra coa parede que caeu no ano 1936.

O curral estaba cerrado cun muro cun cancelo para ir á eira. Meu pai fixo primeiro unha cancela pequena e ó sacar a casa fíxose un muro cerrando un curral descuberto, pero no muro da casa xa quedaban os puntos de apoio para vigas que cubrirían o curral.

Na eira estaba o canastro, como lle chamamos nós, e o lugar para facer o palleiro coa herba curada. O canastro tiña dous tullos, con armazón de pedra: o piso, os pés, e o peche da cabeceira do sur. Os tullos están separados pola cambota, pedra en arco sobre dous pés dereitos. O tellado tamén é de pedra. A eira de dúas penedas que picadas a *grosso modo* desempeñan o papel dun enlousado.

A veiga da porta tiña un pedazo de horta e o resto ermo, con moitas árbores froiteiras cerrada con muro e sebe de bieiteiros, loureiros, uns cantos buxos e silvas.

Na casa estaba miña nai, meu tío Santiago, xa viúvo, e a señora Antonia a quen eu sempre chamei mamá Antonia. Meu pai estaba no Brasil para onde quería levarme a min cando chegara ós catorce anos. O tío Santiago morreu cando eu tiña tres anos e lembro algunhas escenas da súa doenza e morte.

Lembro un forte tremor de terra, coido que tiña catro anos, ía facer cinco. Era tempo de colleita do millo, pois estabamos cargando o carro de millo nas bouzas. Non me asustei e teño a lembranza do bramido, o forte ronquido que parecía que bruaba polo monte do sur. Xogaba eu solitario á misa e levaba dúas raíces de millo, unha en cada man, que eran os candeeiros e ía colocalos nunha pedra do muro que facía de altar. A xugada non se moveu, estaba comendo e continuou o mesmo. Asustouse a xornaleira, que foi correndo xunto da miña nai. Ó segundo xa estaba no instituto na clase de latín, con don Daniel Fraga y Aguiar, a quen eu tiña moito máis medo que ó tremor da terra.

Cando ía facer cinco anos miña nai mercou un silabario que tiña unha estampa de santo Antonio e comezou a ensinarme a ler. Foi difícil lembrar a letra de mamá Antonia, que non sabía ler nin escribir, díxome: “acórdate polo dedo”. Lembreime para sempre.

Cumpridos os cinco anos, miña nai díxolle ó mestre que me ía mandar á escola e o primeiro día de escola no mes de xaneiro miña nai mandoume cos outros rapaces á escola. Entrei e dixen como dicían os outros: *Buenos días tenga usted*. Funme sentar no banco onde se sentaban os de Insuela. Era mestre don Celestino Veiga e cando entrei dixo: “Tienen mucho apuro en mandar a la escuela, presumo que habría que ter seis anos para ir”. Na miñas costas había unhas táboas negras que me chamaban a atención, pero eu porfiaba para saber que sería e á terceira vez díxome: “¡Antonio, aquí de rodillas!”. Comezaba o castigo máis sinxelo.

A escola require un tratamento especial. O mestre era baixiño por ser *endenque*; os xeonllos dobrados e sempre de bastón. Casou con miña tía con gran desgusto dos irmáns e de meu avó. Todos os días ou a maior parte deles sen razón de ningunha clase, porque estábamos todos lendo e a todos mallaba coa regra e dicíndolle ó primeiro: “Estamos amasando”, en voz moi alta e ía repartindo regrazos a todos e ningún merecía castigo, tiñamos os brazos e as pernas con negróns que sempre dixemos que eran caídas. A unha hora determinada dicía “Aritmética práctica”. Durante catro anos non faciamos máis que números: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 0. Iamos mostrarlle a pizarra cos números e dicía: “Otros más bien hechos”. Outras dicía: “Son unos mamarrachos”. Así perdiamos o tempo. Liámos no caderno pequeno e no grande, que eran os manuscritos. O grande era de Estevan Palmie y Cantadorella. O libro tiña distintos tipos de letra, comezando no século dezanove e volvía para o dezaioito, dezasete etc. Aquí aprendín a ler bastante ben as letras documentais; os textos eran en prosa e verso, algunhas das lecturas formaron parte de xogos escolares.

A escritura era por caderniños, nunca se escribía ó ditado, e para os problemas non había unha explicación e en oito anos explicoume dúas verbas. Lendo un día dicía: “Filipo, rei de Macedonia era *tuerto*”; e preguntoume que era *tuerto*. Eu dixen: torcido (xorobado). O mestre dixo: “que le falta un ojo”. Outra vez lendo o conto dos compadres que pasan a noite na procura dun burriño, propiedade dun deles, e van chamalo orneando. O amañecer pensan que o orneado é realmente o burriño que responde e cando se xuntan están afónicos de tanto ornear. O mestre preguntoume que era afónico. Díxenlle que non sabía, e respondeu, que lle falta a voz (“que le falta la voz”).

Un día veu un inspector á escola e con asombro vin que uns rapaces cunha cousiña branca escribían os números para facer unha división, nas táboas negras que nunca soubera para que eran.

Cando deixou de ser escola mixta e as rapazas marcharon para o lugar do Frade puxo libre case de todo o medio e ordenou as mesas polos lados.

Un día houbo un eclipse total. Cando xa non se vía ben dentro, o mestre mandou saír. Non dixo por que razón saíamos, saímos, el tiña un cristal dunha fiestra afumado e púxose a mirar para onde estaba o sol. Unha veciña veu correndo e dixo: “—Don Celestino, e que pasa hoxe que as galiñas van para o poleiro”. “—Un eclipse”. Nin unha verba máis, e non explicou ben o que era un eclipse nin a súa clasificación, duración, de sol e de lúa etc. Era un home nulo para ensinar. Aínda veu outro medo ó noso

mundo. Tocoulle facer a visita ó cometa Halley, a estrela *de cola*. A xente que ve con moita tristura os cometas comezou a dicir que queimaría a xente e a mataría. Un veciño noso collido a dous ferros do portal de ferro do noso curral dixo: “O día dezasete morremos todos, eu xa teño un sitio buscado: a Raxoa, eu irei morrer á Raxoa, unha leira que está preto das casas e dan xeito que se miren e non a tomen como lugar de espreitar. Por fortuna xa volveu o Halley; non o vin nin un intre nin no outro. Ós oito anos vin un mapa pequeniño que tiña gardado no caixón da mesa. Un día entrou na cociña un veciño que levaba boa relación co mestre e díxolle:

—¿Por que parte de Francia queda Verdún que ó están bombardeando moito?

—Agora mesmo lle ensino. E sacou un papel pequeno e estendeuno sobre a mesa. Eu, como podíamos ir preguntar unha palabra que se tiña que ler, fun co dedo debaixo da verba; era un nome propio e ó mirar o papel da mesa fíxome baixar a un espazo en branco e houbo bronca menor porque axiña subín o dedo e arredei os ollos do papel onde estaba o nome de Verdún, sen saber que era un mapa; na escola non vimos nunca un mapa.

Veu o inspector e foi o mesmo que se non viñese; seguiu cos mesmos castigos e sen outra preocupación polo ensino. Os veciños dicían que na parroquia había dúas pragas: os bechos e o mestre.

A casa da escola era de cantería, con dous salóns, sobremesa e cociña con veiga da porta, a cociña con dúas portas nos baixos curral e corte que nunca tivo gando, para os salóns entrada con escaleiras, un balcón e un retrete aberto no esterqueiro e un balconciño sen ferros en cada salón.

Fóra os rapaces estabamos nun sitio esperando que o mestre subise e abrise a porta do balcón para irmos para a escola. Os rapaces de Insuela faltamos unha semana enteira latando no muíño da Candeira, que había tempo que non moía, e varios días lataba eu só, e tamén houbo días que fun eu só á escola. Pero o ensino era sempre o mesmo.

Os rapaces tiñamos o noso sitio e as rapazas o seu. Nós tiñamos xogos para cada tempo, pero non lembro estacional máis que “polo San Martiño, trompos ó camiño”.

Os xogos eran o trompo, a cacholiña²², os botóns, a aceiteira²³, “que che toque, que non che toque”, a víbora²⁴, “víbora el rei, ran ran la pelota”, a pita

22. Cacholiña: xogo infantil consistente en tirar paus ou pedras a un pau tomado como medida.

23. Aceiteira: xogo infantil consistente na repartición de roles entre a *nai*, a persoa que *panda* (que terá os ollos pechados) e os demais integrantes do xogo, que deberán esconderse do que *panda*. A persoa que *panda* deberá buscar cos ollos pechados ós demais participantes, que se achegarán á *nai* sen seren collidos. Se algún é collido, convértese na persoa que *panda*.

24. Víbora: buxaina.

cega, o lipe²⁵, o zamanquiño²⁶, a saltar as bornas, a chica²⁷, as patadas e moi rara vez, “e-usté, e-usté” (cunha xostra da rama de xesta imitando ó mestre). Cando iamos coas vacas para Chans, na vereia xogabamos á porquiña. Se había sitios onde puidésemos escondernos, xogábase ás agochadas, cando conseguíamos baixar unha póla de carballo facíamos arrandeadoira que podía romper e levábase golpe por iso se fixo poucas veces.

O meu traballo era ir botar a auga, partir a leña e andar co gando. Como tiña que ir á escola chamei poucas veces a vacas cando se labraba, era o único que tiña que ir á escola, e ía eu só.

O día que deixei a escola para non volver, senteime nun muro para facer desquerer o mestre que rifaba por esa parada; fíxeno a propósito, rifou tres veces e non fixen caso; díxenlle ós compañeiros que ía marchar para o Brasil, de onde me escribía un amigo da escola, Antonio Meijón, do Frade que estaba en Niteroy. Por certo que na escola había catro rapaces co nome Antonio, e tres tiñamos o mesmo apelido, Fraguas, e a todos nos coñecían por nome de lugar. Antonio da Chan, Antonio do Retortoiro e Antonio de Insuela, que era eu.

Lembro as moitas falcatruadas que me facían os veciños por ser máis leal con eles, decatábame dos seus enganos e endexamais lle dixen ren, pois así sabía que non podía fiarme deles.

Cando dixen adeus á escola, meu pai comezou a preparación da viaxe para o Brasil, que sería no mes de xuño. Os rapaces ían ó colexio a Covelo, a min non me mandaron nunca. Un dos mestres de Covelo tivo que deixar aquel colexio e veu poñer un colexio a Famelga, nun edificio onde houbera outra antiga escola. Moi axiña tivo moitos rapaces e veu o mestre, don Antonio, á misa a Loureiro. Era home moi falador e ó tocar a campá explicou en que consistía o son e o eco. Agradoume aquela explicación, e ó domingo seguinte volveu á misa a Loureiro e un home criticou que non cortasen unha silveira que había nun aleiro da torre, e outro mostrou o seu asombro por formarse alí a silveira. O mestre de Famelga, don Antonio, explicou como o vento traslada a semente que busca acougo na físgoa e se desenvolve. Gustoume tanto que lle dixen a meu pai que quería ir á escola tres meses: xaneiro, febreiro e marzo. Dixo que si e foi falar co mestre. Concertados os tres meses fun a Famelga. O mestre ditoume unha

25. *Lipe*: pau pequeno que se utiliza para xogar á billarda. Na zona de Pontevedra, este xogo era coñecido co nome de “xogo da tala”.

26. *Zamanquiño*: xogo infantil que consiste en andar sobre un pé e levar o outro encollido. Tamén chamado “xogo da pata coxa”.

27. *Chica*: xogo infantil que consiste en que unha persoa ten que tocar ós demais, que deberán escapar da persoa que toca. Na zona de Cerdedo-Cotobade, este xogo é unha variante da “pita velenosa”.

cantidade; por primeira vez collía un xiz na man; fixen unha división e quedei no segundo grupo. Estabamos ordenados por número, eu ocupei o un polo remate e na primeira semana conseguira pasar ó catro pola cola. Era sábado e xa tiña o libro, e don Antonio díxonos: “Bueno ya creo que estamos bien en el orden, hay que conservarlo veremos si lo conservan”.

A lección do luns era longa, era unha lección difícil e foime fácil aprendela moi ben. Comeza o número un e díxoa moi ben, o segundo fallou, tamén o tres e chegou ó meu número; dixeron moi ben a primeira e tamén a segunda, cando comecei a terceira don Antonio veu para xunto de min e con certo movemento de corpo díxena toda con admiración de todos, pasei ó segundo posto que xa non perdín; fun aprendendo cousas, fórmulas, áreas e volumes de xeometría. A gramática, declinar e conxugar, todo se facía fácil. Cando remataba o mes de marzo, eu tiña que rematar a miña tanda e don Antonio deume esta orde:

—Dile a tu padre que venga a hablar conmigo

Ceguei a casa e transmitín a orde.

—Díxome don Antonio que vaia falar con el.

—E logo, ti ¿que fixeches?

—Eu nada.

Non convencín a meu pai, repetiu a pregunta máis de cen veces, e ía xunto a miña nai e preguntaba:

—Pero que faría o rapaz, *Dios mío*.

Miña nai con moita tranquilidade dicíalle:

—Non faría nada, home, non faría nada.

Non durmíu ben en toda a noite. Ergueuse moi cedo e foi a Famelga. Saíu don Antonio e díxolle:

—Señor Fraguas, no marche vostede con el niño, dele una carrerita que vale para estudiar.

Meu pai díxolle:

—Non podemos, non temos medios económicos.

—Si que pueden, con muy poca cosa le dan una carrerita. Ahora no puede entrar en la normal, pero va al instituto y le conmutan las asignaturas.

Meu pai viña contento polo que lle dixeron, pero sentín pena por non verme de maquinista en Río de Janeiro. Miña nai preguntoulle que lle quería don Antonio e cando lle dixo que lle falara de que o rapaz podía estudar, respondeu: “¡Ai, pois si!”.


E comecei aprobando ingreso en xuño e primeiro de bacharelato en setembro; fixen por libre segundo e terceiro xa o estudei por oficial. A Providencia velou por min e a pesar de guerras e posguerras aquí estamos con máis de noventa e un anos.

ANTONIO FRAGUAS (1999): “O lugar e a casa onde nacín”,
Grial, tomo XXXVII, núm. 144, Vigo, pp. 621-629.

Antonio Fraguas Fraguas

Este libro, *Escolma*, de artigos de Antonio Fraguas, acabouse de imprimir o día 24 de febreiro de 2020, día no que se celebra o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, a universal escritora galega.



 Xacobeo 2021

galicia



XUNTA
DE GALICIA